




BIBLIOTECA H.P. LOVECRAFT

CONTOS DO CICLO DO

SONHO



BIBLIOTECA H.P. LOVECRAFT



CONTOS DO CICLO DO

SONHO

Contos do Ciclo do Soño

de

H. P. LOVECRAFT

URCO EDITORA

Galiza, 2020



Para ver este eBook coa calidade tipográfica que merece,
recomendamos o [Pocketbook reader](#).

UNHAS PALABRAS DA EDITORIAL

Entre 2010 e 2014 Urco Editora acometeu o titánico e pretrenatural proxecto de traducir e publicar en 14 volumes a narrativa completa de H.P. Lovecraft, acompañada dun poemario e un ensaio. Esta Biblioteca Lovecraft tivo éxito entre o público xeral e nos centros de ensino, consolidándonos como o referente da literatura fantástica na Galiza.

Pasados os anos, coa colección en papel amortizada desde o punto de vista económico e no contexto da pandemia da COVID-19, onde a inmediatez e o dixital cobran pulo, preguntámosnos: por que non «liberar» estes textos para o seu uso libre e gratuito por parte de todo o mundo? A fin de contas, nas raíces da nosa filosofía sempre estiveron o Creative Commons e o Software Libre.

Os textos orixinais foran traducidos, se ben pola mesma man, ao longo de varios anos. Da mesma forma, a revisión correra ao cargo de varias persoas. Hoxe, coa experiencia gañada, podemos retornar eles para cohesionar criterios e producir unha edición definitiva. Isto coloca a nosa lingua nunha situación excepcional: non existe outra literatura no mundo que teña a día de hoxe unha edición traducida, cohesionada, dixital e de libre acceso da obra completa do Solitario de Providence.

Finalmente, a Biblioteca non estaría completa sen un novo volume que achegase valor. Así nace o volume XV, compendio de artigos e ferramentas

útiles para contextualizar a obra e figura de Lovecraft que agardamos resulte tanto de interese para o público desexoso de saber máis como para as docentes que queiran achegar estes textos ao seu alumnado.

O contido íntegro deste proxecto en ePUB está dispoñíbel para descarga gratuita no noso site web, e nas mesmas ligazóns podes achar maneira de mercar o libro en papel, se preferes o formato clásico.

Sen máis, dámosche a benvida á Biblioteca Lovecraft Dixital.

Galiza, outono de 2020.



INTRODUCCIÓN

Moitos son os que dividen a obra de H.P. Lovecraft en tres grandes bloques, que corresponden con períodos da súa vida bastante ben delimitados. Así, en primeiro lugar estarían as «Historias macabras», que abranguen a súa produción desde 1905 até 1920, logo o chamado «Ciclo do soño», de 1920 a 1927, e por último o «Ciclo de Cthulhu», de 1925/27 até 1935. Porén, aínda que esta taxonomía fica moi ben do punto de vista da historiografía literaria máis tradicional, onde o traballo do estudoso semella ás veces máis a propia dun profesional do despece de reses ou dun taxidermista que dun auténtico estudoso do feito literario, resulta ser unha explicación ben afastada do mundo real.

O conxunto da obra narrativa de Lovecraft, como o de calquera outro autor cunha carreira relativamente prolífica e dilatada no tempo, está sucado por varios vectores que se cruzan en determinados momentos e que se fan máis ou menos patentes dependendo do momento ou da fase de madurez do escritor. Sen ánimo de ser biografista, erro que por outra banda comete a meirande parte da crítica que tratou a narrativa lovecraftiana, si é certo que, como ser humano, os intereses literarios e filosóficos do solitario de Providence foron mudando co paso dos anos e isto, por necesidade, tivo que se reflectir en maior ou menor medida na súa obra. Quizais o que leva a boa parte da crítica a seccionar a coitelo eses tres grandes bloques é a existencia de tres grandes vectores de peso (entre outros moitos) e a dificultade para encaixar o bloque central, o chamado «Ciclo do soño», que nos atinxe máis que nada neste volume que presentamos aquí. Se eliminamos da

ecuación as constantes que atravesan de comezo a fin a obra de H.P Lovecraft, como o coñecemento prohibido ou a fraxilidade da civilización humana fronte ás forzas cósmicas, ollamos que hai tres aspectos da obra que cobran máis ou menos peso segundo a fase na que esta se acha. Así, existe un Lovecraft macabro, herdeiro da tradición do conto gótico americano de Irving, Poe ou Hawthorne; existe un Lovecraft onírico, seguidor de Lord Dunsany; e existe un Lovecraft materialista, fillo dun tempo en que a ficción científica estaba a despuntar sobre o conto de terror tradicional. Mais así e todo, tamén existe un Lovecraft telúrico admirador de Machen, un Lovecraft cósmico que segue a estela de Hodgson, e mesmo ás veces un Lovecraft humorístico e satírico. Daquela, a disección do conxunto da súa obra narrativa neses tres grandes bloques non é máis que unha explicación parcial e pobre.

Logo, por que nesta edición conservamos a denominación de *Contos do ciclo do soño* se non é máis que unha etiqueta bastante oca que non reflicte a complexidade das obras que aquí se presentan? Ben, é evidente que todos os relatos que aquí traemos teñen algo en común e ese algo é un forte compoñente onírico que os achega á tradición dunsanyiana e os despega, dalgún xeito, do estritamente macabro, gótico ou terrorífico, para os aproximar un pouco ao que a día de hoxe podemos chamar «fantástico». Os relatos que aquí se presentan teñen como *leit motiv* principal ou secundario o soño, que se reflicte case como un mundo paralelo no que rexen unhas normas propias de tempo e causalidade. O mundo do soño é, daquela, un cosmos particular que está intimamente ligado ao noso, mais tamén a outros moitos. Non se trata dun lugar fantástico e imaxinado, senón de algo tanxíbel, dotado dun pasado e un presente, e unha serie de portas de entrada e saída

desde este e outros mundos. Se ben neste conxunto de historias non hai tal profusión de monstros alieníxenas como nas que tradicionalmente se consideran parte do «Ciclo de Cthulhu» e nestas últimas o mundo onírico non adoita ser o plano da realidade principal, é moi difícil, por non dicir imposible, facer un corte limpo entre unhas e outras. De feito, existe unha evolución relativamente lóxica na narrativa lovecraftiana, igual que na súa filosofía e no seu pensamento. Os seus intereses como escritor e criatura dotada de intelixencia foron mudando aos poucos en función do devir da súa madurez intelectual e do mundo que o rodeaba. Non debemos esquecer que, igual que moitos outros dos seus colegas e coetáneos, Lovecraft era un escritor que vivía do que vendía ás distintas revistas *pulp* que publicaban esta clase de xéneros, e que os gustos do público lector sempre mudan co paso do tempo.

O que se presenta nesta edición non é nin pretende ser unha colectánea exhaustiva do que en xeral se considera parte do ciclo onírico. De feito, o lector iniciado na narrativa do solitario de Providence probabelmente achará de menos o relato «*The Doom that Came to Sarnath*» ('O fado que alcanzou Sarnath'), que posúe todas as características dun conto deste ciclo *stricto sensu*, mais que xa foi publicado no primeiro volume desta colección, precisamente en primeiro lugar, como exemplo de precursor do terror cósmico lovecraftiano.

Os relatos que se inclúen nesta antoloxía son os seguintes:

Polaris (1918), que os críticos máis biografistas explican como un relato sobre a frustración de Lovecraft ao sentirse inútil durante a Primeira Guerra Mundial. Sen ter que recorrer á vida privada do autor (tería sentido este conto se non soubésemos quen o asinou?), trátase dun claro exemplo de relato sobre a memoria racial, a culpa atávica e a

descoñecida antigüidade da civilización, tres vectores que están presentes e son protagonistas en toda a produción literaria de Lovecraft.

The White Ship (1919) é un dos relatos breves nos que mellor se debuxa o mapa do mundo do soño, cos seus mares, as súas illas e as súas cidades. Ten unha fonda inspiración dunsanyiana e un pouso desa culpa que os gregos chamaban *hybris*, a soberbia humana que fai que o peso das forzas cósmicas caia sobre todos.

The Cats of Ulthar (1920) é quizais un dos contos favoritos de quen asina este limiar, así como do propio H.P. Lovecraft. Ten unha clara influencia dunsanyiana, como case todos os que se presentan nesta antoloxía, aínda que a un tempo tamén ten moito de conto tradicional europeo. Nel destaca o tema da vinganza cósmica contra os malvados, representados por unha parella asasina de gatos (animal que Lovecraft amaba profundamente).

Celephaïs (1920). Neste relato aparece o tema recorrente do fastío do mundo da vixilia fronte á marabilla do mundo do soño, que o protagonista procura acadar por todos os medios posíbeis, incluíndo o uso de drogas que o inducen a ese plano onírico onde sabe que sempre será feliz.

Ex Oblivione (1920), semellante a *Celephaïs* en temática, presenta un triángulo formado polos vértices vida-soño-morte, onde o baleiro último é preferíbel a unha vida insulsa e carente de estímulos.

The Quest of Iranon (1921) é un fermoso relato sobre a xuventude perdida e o progresivo deterioro do ser humano co paso dos anos. Nel tamén se presentan varios escenarios do mundo do soño como o país de Lomar ou mesmo a braña maldita onde antes se ergueu Sarnath, o que fai pensar que quizais todo este conxunto de lugares tivesen unha certa coherencia xeográfica no maxín do autor.

The Other Gods (1921) é un relato de terror cósmico en que os deuses, entidades máis físicas que espirituais, son o obxecto da cobiza e da curiosidade dun sacerdote, que non tarda en descubrir a existencia dos «deuses outros», cuxo poder e maldade alén do mundo son inigualábeis.

Hypnos (1922) presenta máis unha vez o tema recorrente da futilidade do mundo da vixilia e a necesidade dos protagonistas de se internaren no mundo do soño para achar un significado para as súas vidas, aínda a custo de consumir potentes drogas para poderen chegar cada vez a lugares máis profundos dentro do plano onírico.

What the Moon Brings (1922) é un relato no que practicamente non hai acción, senón que se trata da descrición dun lugar irreal poboado dos terrores máis inefábeis, como a cidade dos mortos, onde repousan para sempre os ósos de todo o que morre no mundo da vixilia.

The Strange High House in the Mist (1926) transcorre na cidade de Kingsport, un dos lugares comúns, xunto con Arkham ou Innsmouth, desa Nova Inglaterra preternatural que Lovecraft deseñou. Trata sobre a curiosidade dun filósofo, que o leva a explorar unha misteriosa casa no alto dun cantil, que resultará a porta a un outro mundo.

The Silver Key (1926) é quizais a historia mellor recolle todas as liñas argumentais, ideolóxicas e filosóficas, que sucun a produción literaria lovecraftiana desta época. Trátase dunha secuela da novela *The Dream-Quest of Unknown Kadath*, que se publicará no seguinte volume desta colección e presenta o personaxe recorrente Randolph Carter, que tenta fuxir do fastío da súa vida procurando as portas do mundo da súa infancia, que só pode abrir unha mística chave de prata.

Through the Gates of the Silver Key (1932) é un conto longo ou novela curta escrita en colaboración con E. Hoffman Price. Trátase dunha

secuela de *The Silver Key*, que volve presentar a Randolph Carter nunha das súas aventuras a través dos distintos planos da realidade. Desta volta empregará os coñecementos que lle son revelados polos Primixenios para viaxar a un punto afastadísimo no espazo e no tempo, onde aprenderá da sabedoría dunha estraña raza alienígena. A distancia temporal que separa este relato dos anteriores é máis que patente e pódese observar claramente o parcial abandono da temática onírica e filosófica en aras dunha corrente materialista e máis próxima á ficción científica que ao que tradicionalmente se denomina como fantástico.

En conxunto, esta antoloxía, con todos os seus erros e lagoas, pretende amosar ao público galego un outro Lovecraft algo distinto do habitual, un pouco afastado dos grandes mitos e os grandes horrores da cripta ou do cosmos. Se cadra algúns destes contos, malia falar dos mundos imposíbeis e neboentos que se achan alén do mundo da vixilia, sexan a un tempo os máis humanos do solitario de Providence, os que máis amosan eses medos e eses anhelos que nalgún momento da vida asolagan os días de todo mortal.

Benvido ao mundo do soño, querido lector. Agardo que nel atopes o que procuras, e que volvas algún día... se queres.

Tomás González Ahola
Compostela, novembro de 2013

POLARIS

[O conto *Polaris* escribiuse en 1918 e publicouse pola primeira vez no número de decembro de 1920 da revista *The Philosopher*]

Pola xanela norte do meu cuarto brilla a Estrela Polar coa súa luz impía. Alumea alí todas as longas e infernais horas de escuridade.

No outono, cando os ventos do norte maldín e se lamentan, e as árbores de follas vermellas do pantano murmuran entre elas nas primeiras horas da mañá, baixo a cornuda lúa minguante, sento ante o peitoril e contemplo esa estrela. Casiopea baixa desde as alturas a medida que pasan as horas, mentres que a Osa Maior se eleva tras das árbores do pantano que se mexen co vento da noite abrazadas pola bruma. Xusto antes do amanecer Arcturus tremeluce vermello sobre o cemiterio da lomba e a Cabelleira de Berenice refulxe estraña e moi afastada no misterioso leste. Porén, a Estrela Polar mantense no mesmo lugar da bóveda negra, titilando odiosa como un ollo asexante e demente que tenta comunicar algunha estraña mensaxe da que non lembra nada agás que nun tempo tivo unha mensaxe que comunicar. Ás veces, cando o ceo está anubrado, son quen de durmir.

Lembro a noite da grande Aurora, cando sobre o pantano xogaron uns arrepiantes feixes de luz endiañada. Logo dos raios viñeron as nubes e logo fun quen de durmir.

Foi baixo a cornuda lúa minguante cando vin por primeira vez a cidade. Xacía queda e somnolenta sobre unha estraña meseta que se elevaba nun val situado entre uns cumios peculiares. Os seus muros, torres, columnas, bóvedas e chans eran dun mármore fantasmal. Nas rúas de mármore había piares da mesma pedra, cos capiteis labrados en forma de homes barbudos de xesto grave. O ar era quente e non se movía unha palla. E arriba, a apenas dez graos do cénit, brillaba aquela vixiante Estrela Polar. Ollei para a cidade durante moito tempo, mais o día non chegaba. Cando o vermello Aldebarán, que tremelucía baixo no ceo sen se agochar nunca, xa fixera un cuarto do seu percorrido arredor do horizonte, albisquei luz e movemento nas casas e rúas. Figuras vestidas de madeira estraña, mais a un tempo nobres e familiares, camiñaban baixo a cornuda lúa minguante, e os homes pronunciaban palabras sabias nunha lingua que eu comprendía, mais que non se parecía a ningunha que coñecese.

E cando o vermello Aldebarán xa se arrastrara máis da metade do seu percorrido arredor do horizonte, daquela volveu reinar a escuridade e o silencio. Cando espertei xa non era o de antes. Tiña gravada na memoria a visión da cidade e na miña alma espertara outra lembranza máis vaga de cuxa natureza non estaba completamente certo. A partir daquel día, nas noites anubradas nas que non podía durmir, ollaba a cidade a miúdo, ás veces bañada polos raios quentes e amarelados dun sol que nunca se puña, senón que se desprazaba, baixo, arredor do horizonte. E nas noites claras a Estrela Polar ollaba para min, máis maliciosa que nunca.

Aos poucos comecei a me preguntar cal sería o meu lugar naquela cidade da estraña meseta entre os curiosos picos. Nun primeiro lugar contentábame con observar a escena como unha presenza incorpórea que o vía todo, mais agora desexaba definir a miña relación con ela e falar cos graves homes que conversaban a diario nas prazas públicas. Díxenme a min mesmo: «Isto non é un soño, xa que logo, como podo probar que é máis real a miña outra vida, esa en que vivo nunha casa de pedra e tixolo ao sur dun sinistro pantano e dun cemiterio nunha cuíña, onde a Estrela Polar brilla na xanela do norte todas as noites?»

Unha noite, mentres escoitaba unha conversa nunha ampla praza chea de estatuas, sentín unha mudanza e notei á fin que tiña forma corpórea. Xa non era un estraño nas rúas de Olathoe, que se ergue na meseta de Sarkia, entre os picos de Noton e Kadiphonek. Quen falaba era o meu amigo Alos e as súas palabras quentábanme a alma, xa que eran as dun home leal e patriota. Esa noite recibimos as novas da caída de Daikos e do avance dos inutos, uns inimigos achaparrados, infernais e de pel amarela que apareceran cinco anos atrás saídos do descoñecido oeste para atacar os confíns do noso reino e que asediaran moitas das nosas vilas. Após tomaren as prazas fortes ao pé das montañas, agora tiñan o camiño achandado para conquistaren a meseta, a menos que cada cidadán puidese resistir coa forza de dez. As criaturas achaparradas eran poderosas na arte da guerra e na súa cruenta conquista non se vían freadas polos escrúpulos da honra que contiñan os habitantes de Lomar, altos e de ollos grises.

O meu amigo Alos era o comandante das forzas da meseta e nel descansaba a última esperanza da nosa terra. Desta volta falaba sobre os perigos que iamos afrontar e exhortou os homes de Olathoe, os máis valentes dos lomarianos, a que fixesen honra ás tradicións dos seus

devanceiros quen, cando se viron obrigados a fuxir cara ao sur desde Zobna ante o avance dos glaciares (igual que os nosos descendentes deberán marchar algún día da terra de Lomar), varreron valentes e vitoriosos os gnophkens, uns seres caníbales, peludos e de longos brazos, que se interpuñan no seu camiño. Alos non me permitía facer o traballo dun guerreiro, posto que eu era feble e dado a esvaecerme cando me vía sometido a situacións de tensión. Mais os meus ollos eran os máis agudos da cidade malia as longas horas que dedicaba cada día ao estudo dos Manuscritos Pnakóticos e da sabedoría dos Pais Zobnarianos. Daquela o meu amigo, que non quería condenarme á inactividade, concedeume unha honra que non tiña pouca importancia. Envioume á torre de vixía de Thapnen para que me convertese nos ollos do noso exército. Se os inutos tentaban tomar a cidadela atravesando o estreito paso que rodeaba o pico de Noton e así sorprenden a nosa hoste, eu debía acender un lume como sinal, para así advertir os soldados e salvar a urbe do desastre inminente.

Subín só á torre, xa que todos os homes feitos e dereitos eran necesarios para defender os pasos. Tiña a cabeza afectada pola excitación e a fatiga, pois non durmira en moitos días. Así e todo a miña determinación era ben firme, posto que amaba a miña terra natal de Lomar e a marmórea cidade de Olathoe, que se ergue entre os picos Noton e Kadiphonek.

Mentres me achaba na cámara máis alta da torre, contemplei a cornuda lúa minguante, vermella e sinistra, que tremelucía entre as brumas que tapaban o distante val de Banof. E por unha abertura no tellado brillaba a pálida Estrela Polar, latexando como se estivese viva e mirándome como un inimigo tentador. Sentín que o seu espírito murmuraba un consello maligno, inducíndome unha somnolencia

traidora cunha promesa aborrecíbel e rítmica que repetía unha e outra vez:

*Durme, vixía, até que as esferas viren vinte e seis mil anos
e eu volva ao lugar onde agora ardo.*

*Outras estrelas ergueranse logo no eixe do ceo;
estrelas que te reconfortarán e te bendicirán co doce
esquecemento.*

Só cando o meu ciclo remate o pasado petará na túa porta.

Loitei en balde co adormecemento, buscando a conexión desas estrañas palabras con algún coñecemento astronómico que aprendera dos Manuscritos Pnakóticos. A miña cabeza, pesada e confusa, caeu sobre o peito e cando volví abrir os ollos máis tarde estaba soñando e a Estrela Polar ría pola xanela por riba das horríbeis árbores que ondeaban no adormecido pantano. E aínda continuó soñando. Na miña vergoña e desacougo, ás veces berro desesperado, pedindo ás criaturas do soño que me esperten, pois os inutos gañaron o paso que hai tras do pico Noton e tomaron a cidade por sorpresa. Mais esas criaturas son demos, pois rin de min e cóntanme que non estou a soñar. Mófanse de min mentres durmo e entrementres o achaparrado e amarelado inimigo arrástrase silencioso sobre nós. Fallei na miña encomenda e traizoei a cidade de mármore de Olathoe. Falleille a Alos, o meu amigo e comandante. Mais as sombras dos meus soños aínda se mofan de min. Din que non existe a terra de Lomar e que, agás nas miñas fantasías nocturnas, nos lugares onde a Estrela Polar brilla alta e o vermello Aldebarán se arrastra arredor do horizonte non houbo outra cousa que xeo e neve durante miles e miles de anos, e que non as habitou ninguén

agás unhas criaturas achaparradas e de pel amarela, curtidas polo frío, a quen chaman esquimós.

E mentres me retorzo de agonía, desesperado por salvar a cidade cuxo perigo aumenta a cada momento e tento sacudir en balde este soño antinatural sobre unha casa de pedra e tixolo ao sur dun sinistro pantano e dun cemiterio nunha cuíña, a Estrela Polar, maligna e monstruosa, baixa pola bóveda escura, tremelucindo aborrecíbel como un ollo vixiante e louco que tenta comunicar algunha mensaxe, aínda que non lembra nada, agás que nun tempo tivo unha mensaxe que comunicar.



A NAVE BRANCA

[O conto *The White Ship* escribiuse en 1919 e publicouse pola primeira vez no número 19 #2 de *United Amateur*, en novembro de 1919.]

Chámome Basil Elton, gardián do faro de Punta Norte, que o meu pai e o meu avó atenderon antes ca min. Lonxe da costa érguese o faro gris, sobre unhas rochas afundidas e esvaradías que só se ven coa marea baixa, pero que son invisíbeis coa preamar. Ao longo dun século pasaron ante esa almenara barcos maxestosos procedentes dos sete mares. Nos tempos do meu avó eran moitos, nos tempos do meu pai non tantos e agora son tan poucos que ás veces teño a sensación de estar estrañamente só, como se fose o último ser humano sobre o planeta.

Antano aqueles grandes buques de velas brancas chegaban desde costas afastadas do leste, onde cálidos soles e doces recendos aboian nos xardíns que rodean estraños templos. Os vellos capitáns viñan ás veces visitar o meu avó e falábanlle destas cousas, que el despois transmitiu ao meu pai e o meu pai a min nos longos seráns de inverno, cando o vento ouveaba estraño desde o leste. E lin máis sobre estes asuntos e tamén

sobre outros, nos libros que a xente me daba cando era novo e estaba cheo de curiosidade.

Pero máis marabilloso que o saber da antiga xente e o saber dos libros é o saber do océano. Azul, verde, gris, branco ou negro. Suave, agreste ou montañoso. O océano nunca está en silencio. Olleino e escoiteino todos os días da miña vida e coñezoo ben. Ao principio contoume só pequenas historias sobre praias en calma e portos próximos, mais cos anos colleu confianza comigo e contoume outras historias, historias máis estrañas e distantes no tempo e no espazo. Ás veces na penumbra os vapores grises do horizonte deixábanme ver breves imaxes dos vieiros que hai alén e ás veces pola noite as augas profundas do mar tornábanse fosforescentes e amosábanme os vieiros de debaixo. Estas visións adoitaban representar os camiños que existiron, os que poderían existir e os que existen, xa que o océano é máis antigo que as montañas e está cargado de lembranzas e soños do tempo.

A Nave Branca adoitaba vir do sur cando a lúa estaba chea e alta no ceo. Desde o sur chegaba esvarando suave e silandeiro sobre as ondas. E estivese o mar picado ou calmo, e fose o vento propicio ou adverso, sempre se movía suave e silenciosa, coas velas distantes e as estrañas ringleiras de remos movéndose ao compás. Unha noite dexerguei un home sobre a cuberta, un home barbudo vestido cunha túnica que semellaba convidarme a embarcar para visitar costas descoñecidas. Despois daquel día vino moitas veces á lúa chea e sempre me facía acenos.

A lúa brillaba moito a noite en que respondín a súa chamada e camiñei cara á Nave Branca sobre as augas nunha ponte feita de luar. O home que me fixera acenos faloume agora e deume a benvida nunha

lingua suave que puiden entender ben e as horas enchéronse coas doces cancións dos remeiros a medida que nos afastabamos cara ao misterioso sur, dourado polo resplandor daquela lúa chea e madura.

Cando amañeceu o día, rosado e brillante, albisquei a verde costa dunhas terras afastadas, claras, fermosas e descoñecidas para min. Do mar erguíanse señoriais terrazas de verdor salpicadas de árbores entre as que se distinguían aquí e aló os tellados brancos e as columnatas duns templos estraños. Cando nos aproximamos á costa verde, o home barbudo faloume daquela terra, á que chamaban Zar, onde residían todos os soños e pensamentos fermosos da humanidade desde o principio dos tempos. E cando ollei para as terrazas outra vez vin que o que dixera era certo, xa que no cadro que se abría ante min había moitas cousas que eu mesmo vira algunha vez veladas polos neboeiros de alén do horizonte e nas profundidades fosforescentes do océano. Tamén había figuras fantásticas máis espléndidas do que ninguén puido saber xamais: as visións dos poetas novos que morreron na indixencia antes de que o mundo puidese aprender do que eles soñaran. Mais non puxemos un pé sobre os suaves outeiros de Zar, xa que contan que aquel que as pise xamais retornará ás súas costas natais.

A medida que a Nave Branca se afastaba en silencio dos xardíns de Zar cos seus fermosos templos, esculcamos no afastado horizonte os pináculos dunha gran cidade e o home barbado díxome: «Esta é Thalarion, a Cidade das Mil Marabillas, onde residen todos aqueles misterios que o ser humano intentou descubrir en balde.» Logo volví mirar outra vez, máis de preto, e vin que a cidade era máis grande do que calquera outra que coñecera ou soñara antes. As torres dos seus templos elevábanse até o ceo, tan arriba que ninguén era quen de distinguir os seus pináculos, e as súas adustas e grises murallas estendíanse até o

horizonte, deixando ver só uns poucos tellados, estraños e ominosos, e todo alí estaba decorado con ricos frisos e encantadoras esculturas. Eu degoiraba por entrar nesta cidade a un tempo fascinante e noxenta, e preguei ao home barbudo que me deixasen no peirao de pedra que se achaba ante a porta labrada de Akariel, mais el negouse amabelmente dicíndome: «Moitos entraron en Thalarion, a Cidade das Mil Marabillas, pero ningún volveu. Alí só hai diaños e cousas que enlouquecen, pois xa non son humanas, e as rúas son de cor branca polos ósos sen soterrar daqueles que contemplaron o ídolo de Lathi, que reina sobre a cidade.» Daquela a Nave Branca pasou ante as murallas de Thalarion e seguiu durante moitos días o voo dun paxaro que migraba ao sur, cuxa plumaxe brillante tiña a mesma cor do ceo en que aparecera pola primeira vez.

Logo chegamos até unha costa fermosa chea de flores de canta cor existe, salpicada de alegres bosquiños e brancas pagodes bañadas polo sol, até onde nos alcanzaba a vista. Das pagodes máis afastadas chegaban até os nosos ouvidos fragmentos de cancións e poemas líricos, alternados con leves risas, tan deliciosas que pedín aos remeiros que se apresurasen cara a alí, na miña ansia por chegar ao lugar. E o home barbado non dixo ren, senón que se limitou a mirarme a medida que nos aproximabamos á costa cuberta de lirios. De súpeto un vento chegado das pradarias floridas e os bosques frondosos trouxo un aroma que me fixo tremer. O vento fíxose máis forte e o ar encheuse co fedor letal e nauseabundo das aldeas golpeadas pola praga e as tumbas abertas. E cando nos afastamos a toda présa daquela costa aborrecíbel, o home barbado falou á fin e dixo: «Esta é Xura, a Terra dos Praceres Imposíbeis.»

Daquela a Nave Branca volveu seguir o voo do paxaro celestial sobre os mares cálidos, movidos por unhas airexas agarimosas e aromáticas. Navegamos día tras día e noite tras noite, e cando a lúa estivo chea puidemos escoitar as cancións suaves dos remeiros, tan doces como as daquela noite distante cando nos afastamos da miña terra natal. E finalmente, baixo a luz da lúa, botamos as áncoras en Sona-Nyl, cuxo porto gardan dous roques de cristal que se erguen do mar e se xuntan formando un arco resplandecente. Esta é a Terra da Fantasía e camiñamos cara á ribeira verde sobre unha ponte dourada de raios de luar.

Na terra de Sona-Nyl non existe o tempo nin o espazo, tampouco o sufrimento ou a morte, e alí vivín durante moitos eóns. Verdes son os bosques e as pradarias, brillantes e fragrantas as flores, azuis e musicais os regatos, claras e frescas as fontes, e maxestosos e magníficos os templos, os castelos e as cidades de Sona-Nyl. Non existen fronteiras nesa terra, xa que detrás de cada paisaxe aparece outra máis fermosa aínda. Os seus habitantes, que son unha xente feliz e bendicida cunha fermosura inigualábel e unha felicidade sen límites, poden moverse a vontade polo campo ou nas esplendorosas cidades. Eu vivín alí durante longos eóns e vaguei cheo de ledicia polos xardíns onde as pintorescas pagodes asoman entre os arbustos e onde as sendas brancas están bordeadas por delicadas flores. Rubín polos amábeis outeiros desde cuxos cumios puiden dexergar paisaxes engaiolantes, con vilas e campanarios que agromaban nos vales verdes e coas cúpulas douradas das xigantescas cidades brillando no horizonte infinitamente distante. E ollei o mar resplandecente baixo o luar, os roques de cristal e a apracíbel baía na que estaba ancorada a Nave Branca.

Foi unha noite de lúa chea, no ano inmemorial de Tharp cando vin, recortada contra o seu resplendor, a figura maxestosa do paxaro celestial, e notei os primeiros síntomas de desacougo. Logo falei co home barbado e conteille as miñas ansias de partir cara á remota Cathuria, que ningún home contemplou, mais da que se cre que se acha alén dos piares de basalto do oeste. Esa é a Terra da Esperanza e nela brillan os ideais perfectos de todos os lugares coñecidos, ou cando menos iso conta a xente. Mais o home barbado díxome: «Ollo cos mares perigosos onde din que se acha Cathuria. En Sona-Nyl non existe a dor nin a morte, mais quen pode dicir o que se acha alén dos piares de basalto do oeste?» Así e todo, na seguinte lúa chea, embarquei na Nave Branca e o aínda reticente home barbado deixou a alegre baía para se dirixir a mares inexplorados.

E o paxaro celestial voou diante e levounos cara aos piares de basalto do oeste, mais desta volta os remeiros non cantaron suaves melodías baixo o luar. No meu maxín a miúdo imaxinara a descoñecida Cathuria cos seus espléndidos bosques e palacios, e pregunteime polos novos praceres que me agardarían alí. «Cathuria», dicíame a min mesmo, «é morada de deuses e terra de innumerábeis cidades de ouro. Os seus bosques son de áloe e sándalo, igual que as fragrantas florestas de Camorin, e entre as árbores voan fermosos paxaros que cantan doces cancións. Nas verdes e floridas montañas de Cathuria érguense os templos de mármore rosado, ricos en gloriosos baixorrelevos e frescos, con fontes de prata nos claustros, onde a auga fragrante do río Narg murmura unha música encantadora. As cidades de Cathuria están rodeadas por murallas de ouro e lousadas con ouro tamén. Nos seus xardíns medran estrañas orquídeas, e hai lagos perfumados co fondo de coral e ámbar. Pola noite, rúas e parques están iluminados con

espléndidos farois labrados coa cuncha tricolor da tartaruga, e aquí e acolá resoan as notas suaves do cantor e o laudista. E todas as casas das cidades de Cathuria son palacios, cada un construído sobre un fragrante canal que leva as augas do sagrado Narg. As casas son de mármore e pórfiro, con tellados de ouro brillante que reflicte os raios do sol e dá esplendor ás cidades, que os deuses ollan desde os distantes cumios. A máis fermosa de todas é a do palacio do monarca Dorieb, do que algúns din que é un semideus e outros un deus. Moi alto é o palacio de Dorieb e moitos os minaretos de mármore acaroados nas súas murallas. Moitos reúnense nos seus amplos salóns, onde colgan os trofeos de innumerábeis épocas. E o teito é de ouro puro, montado sobre altos piares de rubí e lapislázuli, e ten tantos relevos de deuses e heroes que cando un ergue a vista parece estar a contemplar o Olimpo. E o chan do palacio é de cristal, baixo o que flúen as enxeñosamente iluminadas augas do Narg, ricas en peixes descoñecidos alén das fronteiras da magnífica Cathuria».

Así falaba para min mesmo sobre Cathuria, malia que o home barbado me advertira de que debiamos regresar á feliz costa de Sona-Nyl, xa que Sona-Nyl é coñecida polos humanos, mentres que ninguén dexergou nunca Cathuria.

E logo de trinta e un días de seguir o paxaro, albiscamos os piares de basalto do oeste. Estaban rodeados de bruma, de xeito que ningún home podía ver os seus cumios, e deles tamén contan que mesmo chegan até o ceo. O home barbado pregoume de novo que désemos a volta, mais eu non lle fixen caso, xa que entre a bruma que rodeaba os piares de basalto crin ouvir notas de cantores e laudistas, máis doces que as das cancións de SonaNyl, e que cantaban as miñas loanzas, cantaban sobre min, aquel que viaxara desde moi lonxe baixo a lúa chea e que

vivira na Terra da Fantasía. Entón, co son daquela melodía, a Nave Branca cruzou os piares de basalto do oeste, e cando a música cesou e a néboa levantou, non vimos a Terra de Cathuria, senón un mar bravo que arrastraba a nosa nave cara a un destino incerto. Axiña chegou aos nosos ouvidos o estrondo distante das augas ao caer, e ante os nosos ollos apareceu, no horizonte próximo, o vapor titánico dunha fervenza monstruosa, onde os océanos do mundo se precipitaban no abismo do nada. Logo o home barbado díxome, con lágrimas na meixela: «Rexeitamos a fermosa terra de Sona-Nyl, que nunca volveremos contemplar. Os deuses son máis grandes que os humanos e venceron.» Logo fechei os ollos antes do impacto que sabía que acontecería, deixando de ver tamén o paxaro celestial, que daba voltas no ar coas súas ás azuis sobre o bordo do abismo.

Logo do golpe veu a escuridade e ouvín berros de homes e de cousas que non eran humanas. Erguéronse uns tempestuosos ventos chegados do leste, que xearon o meu corpo deitado sobre unha pedra espida que aparecera baixo os meus pés. Logo, cando ouvín outro golpe, abrín os ollos e acheime subido á plataforma daquel faro desde o que partira había tantos eóns. Abaixo, na escuridade, recortábanse as liñas borrosas e vastas dun navío embarrancado sobre as crueis rochas, e cando erguín a vista descubrín que a luz se apagara pola primeira vez desde que o meu avó asumira o coidado do faro.

E máis tarde aquela mesma noite, ao entrar na torre, vin un calendario sobre a parede, que aínda marcaba o mesmo día en que eu partira. Co amanecer baixei da torre e fun investigar o naufraxio sobre as rochas, mais o único que atopei foi o seguinte: un estraño paxaro morto da cor azul do ceo e cunha crista dunha brancura maior que a das puntas das ondas ou a dunha montaña nevada.

E desde aquel día o océano non volveu contarme os seus segredos e pensei moitas veces, cando a lúa estaba chea e alta no ceo, que a Nave Branca do sur non volvería nunca máis.



OS GATOS DE ULTHAR

[O conto *The Cats of Ulthar* publicouse pola primeira vez no número de novembro de 1920 da revista *Tryout*, e logo volveu publicarse nos números de febreiro de 1926 e 1933 da revista *Weird Tales*]

Disque en Ulthar, alén do río Skai, ninguén pode matar os gatos, e podo corroboralo mentres observo ese que está sentado rosmando diante do lume. O gato é un ser críptico e sempre está próximo ás cousas estrañas que os humanos non poden ver. É a alma do antigo Exipto e o que lembra as lendas das cidades esquecidas de Meroe e Ophir. É familiar dos señores da xungla e herdeiro dos segredos da esbrancuxada e sinistra África. A esfínxe é a súa curmá e fala na súa lingua, mais el é moito máis antigo que a esfínxe e lembra aquelas cousas que ela xa esqueceu.

Antes de que os viláns prohibisen matar gatos, en Ulthar vivían un vello granxeiro e súa súa esposa, que gustaban moito de atrapar e asasinar os gatos dos seus veciños. Non sei o motivo que terían, a menos que odiasen a voz dos michos pola noite e as súas carreiras nocturnas por patios e xardíns. Mais sexa cal for o motivo, esta parella de anciáns

gustaba de atrapar e asasinar todo gato que se aproximase á súa casopa, e por algúns dos ruídos que se ouvían na noite, moitos camiñantes imaxinaban un xeito excesivamente peculiar de os matar. Mais os veciños preferían non rifar co vello e a súa dona, debido á habitual expresión revirada dos seus rostros pálidos e a que a súa cabana era moi pequena e estaba moi agochada baixo a sombra dos carballos que medraban na súa eira descoidada. O certo é que, aínda que os donos dos gatos odiaban profundamente esta xente estraña, sentían aínda máis medo deles, polo que no canto de os denunciar como os asasinos brutais que eran, limitábanse a ter coidado de que a súa querida mascota ou animal rateiro non se aproximase á choza construída baixo as escuras árbores. Cando por un inevitábel descoido se perdía un gato e se ouvían aqueles sons arrepiantes na noite, o dono laiábase impotente ou consolábase dando grazas á Fortuna de que non fose unha das súas crianzas a que desaparecera. E é que a xente de Ulthar era sinxela e non sabía de onde procedían os gatos.

Un día chegou a caravana duns estraños vagabundos desde o sur ás rúas estreitas e retortas de Ulthar. Era xente de pel escura, distinta dos demais feirantes que pasaban pola vila dúas veces no ano. Instaláronse na praza para cambiar a boa ventura por prata e vender extravagantes abelorios. Ninguén podía dicir cal era o lugar de orixe destes vagabundos, mais observouse que realizaban estrañas pregarias e que nos laterais das carretas levaban pintadas unhas estrañas figuras con corpo humano e cabeza de gato, falcón, carneiro e león. E o líder da caravana levaba un toucado de cornos cun curioso disco no medio.

Nesta singular caravana había unha crianza sen pai nin nai que só tiña un pequeno gato negro ao seu coidado. A praga non fora amábel con el, aínda que cando menos deixáralle aquela pequena criatura

peluda para amortecer a súa pena, e de todos é sabido que cando un é moi cativo pode atopar un gran consolo nas alegres brincadeiras dun gatiño negro. Daquela o meniño, ao que chamaban Menes, comezou a sorrir máis que a chorar cando sentaba a xogar co seu simpático amiguiño nas escaleiras dunha carreta de estrañas pinturas.

Na terceira mañá de estadía dos vagabundos en Ulthar, Menes non puido atopar o seu gato e, como comezou a chorar moi forte no medio da praza, algúns veciños faláronlle do ancián e da súa esposa e dos sons que ouviran a noite anterior. E cando escoitou estes feitos, o pranto deu lugar á meditación e finalmente á pregaria. Estricou os brazos cara ao sol e pregou nunha lingua que ningún paisano puido entender, aínda que tamén hai que dicir que tampouco se esforzaron moito, xa que tiñan a atención máis ben centrada nas estrañas formas que comezaban a tomar as nubes no ceo. Era ben raro, mais poderíase xurar que cando a crianza pronunciou a súa pregaria, no ceo pareceron formarse unhas formas nebulosas de criaturas híbridas coroadas con discos flanqueados por cornos. E é que a natureza está chea de enganos que poden impresionar os máis imaxinativos.

Aquela noite os vagabundos deixaron Ulthar e nunca os volveron ver por alí. Os veciños preocupáronse cando se decataron de que na vila non ficara un só gato. Desapareceran os michos de todos os fogares: os grandes e os pequenos, os negros, os grises, os de raias, os amarelos e os brancos. O vello Kranon, o burgomestre, proclamou que os escuros viaxeiros os levaran todos en vinganza polo asasinato do gatiño de Menes e maldiciu a caravana e o meniño. Mais Nith, o notario, dixo que o vello granxeiro e a súa esposa eran os sospeitosos máis probábeis, xa que o seu odio polos michos era ben coñecido e cada vez máis forte. Así e todo, ninguén se atreveu a ir rifar coa sinistra parella, nin sequera

cando o pequeno Atal, o fillo do taberneiro, xurou que vira á tardiña todos os gatos de Ulthar naquela maldita eira baixo as árbores, avanzando lenta e solemnemente cara á granxa en fila de a dous, como se estivesen a realizar algunha clase de rito animal e descoñecido. Os veciños non sabían canto caso lle podían facer a un neno tan pequeno e malia que tiñan medo de que a maliciosa parella enmeigara os gatos para os matar, preferiron non rifar co vello granxeiro até atopalo fóra do seu escuro e noxento eirado.

Daquela Ulthar foi durmir cheo de xenreira va, e cando os veciños espertaron... Vaites! Todos os gatos volveran ao fogar! Os grandes e os pequenos, os negros, os grises, os de raias, os amarelos e os brancos, non faltaba ningún. Tiñan un aspecto moi lustroso e gordo, e rosmaban cheos de felicidade. Os cidadáns faloron entre eles sobre o asunto, mais tampouco se estrañaron. O vello Kranon volveu insistir en que foran os escuros vagabundos os que os roubaran, xa que non había gato que volveuse vivo da granxa do ancián e da súa esposa. Mais todos estiveron de acordo nunha cousa: era ben raro que ningún dos gatos quixese comer a carne do prato nin beber o leite da cunca. E durante dous días enteiros os lustrosos e preguiceiros gatos de Ulthar non tocaron a comida, senón que se limitaron a lacazanear ante o lume ou baixo o sol.

Pasou unha semana enteira até que os veciños se decataron de que non se vían luces nas xanelas da cabana baixo as árbores. Logo Nith, o notario, comentou que non se vira o vello nin a súa esposa desde a noite en que os gatos marcharan das casas. Cando pasou outra semana, o burgomestre decidiu facer fronte aos seus medos e foi chamar á porta da silenciosa morada, aínda que tivo a precaución de levar con el a Shang, o ferreiro, e a Thul, o canteiro. E cando tiraron abaixo a fráxil porta só atoparon o seguinte: dous esqueletos humanos completamente

descarnados deitados no chan e un bo número de estraños escaravellos arrastrándose polos escuros recunchos.

Houbo moito dixomedíxome despois disto entre os cidadáns de Ulthar. Zath, o forense, discutiu moito con Nith, o notario; e Kranon, Shang e Thul foron acosados a preguntas. Mesmo o pequeno Atal, o fillo do taberneiro, foi interrogado e déronlle unha lambetada como premio. Falaron sobre o vello granxeiro e a súa esposa, sobre a caravana dos escuros vagabundos, sobre o pequeno Menes e o seu gatiño negro, sobre a súa pregaría e sobre como se puxera o ceo, sobre o que fixeran os gatos a noite na que marchara a caravana, e sobre o que máis tarde acharon na granxa baixo as escuras árbores naquela eira noxenta.

E ao final decidiron promulgar esa lei tan particular da que falan os mercadores en Hatheg e os viaxeiros en Nir, esa lei que di que en Ulthar ninguén pode matar gatos.



CELEPHAÏS

[O conto *Celephaïs* escribiuse en 1920 e publicouse pola primeira vez no número de maio de 1922 da revista *The Rainbow*.]

Nun soño, Kuranés viu unha cidade erguida nun val, entre o mar e un monte nevado, e as galeras de estrañas pinturas que saían da baía para as rexións distantes nas que o mar toca o ceo. Foi tamén nun soño onde recibiu o nome de Kuranés, xa que na vixilia chamábanlle doutro xeito.

Se cadra para el era normal soñar cun novo nome, xa que era o último da súa familia e estaba só entre os millóns de indiferentes londinienses, así que non había moita xente que lle falase para lle lembrar quen fora. Os seus cartos e as súas terras eran cousa do pasado e non lle importaba a vida de quen o rodeaba, pois prefería soñar e escribir sobre os seus soños. Os que lían os seus escritos ríanse del, así que após un tempo decidiu gardalos para si e rematou por deixar de escribir.

Canto máis se apartaba do mundo que o rodeaba, máis maravillosos se tornaban os seus soños e non tería demasiado sentido

tentar describilos sobre o papel. Kuranos non era un vangardista e non pensaba como outros escritores. Mentres que aqueles se esforzaban en espir a vida das súas vestimentas bordadas polo mito e amosar na súa fealdade espida aquela cousa noxenta chamada realidade, Kuranos buscaba só a beleza en si mesma. Cando o mundo real e tanxíbel fallaba ao lla revelar, buscábaa na imaxinación e atopábaa na súa propia porta, entre as neboentas lembranzas dos contos e os soños da súa infancia.

Non hai moita xente que coñeza as marabillas que se agochan nas historias e nas visións da súa xuventude, xa que cando de nenos escoitamos e soñamos, só temos pensamentos a medio formar, e cando de adultos tentamos lembralos, estamos atrofiados polo prosaico veneno da vida. Porén, algúns de nós espertamos na noite cos estraños espectros de outeiros e xardíns encantados, de fontes que cantan baixo o sol, de cantís dourados que colgan sobre mares que murmuran, de chairas que se estenden até cidades durmidas de bronce e pedra, e de sombrías compañías de heroes que cabalgan sobre monturas engalanadas polas lindes de mestas fragas. Daquela é cando nos decatamos de que estivemos ollando a través das portas de marfil ese mundo magnífico que foi noso antes de nos converter en sabios e infelices.

Kuranos chegou moi de súpeto ao seu vello mundo infantil. Estivera a soñar coa casa en que nacera; un casarón de pedra cuberto de rubideiras onde viviran trece xeracións dos seus devanceiros e onde tiña a esperanza de morrer. Brillaba a lúa e el saíra camiñar baixo a fragrante noite estival. Cruzou os xardíns, as terrazas, pasou xunto os grandes carballos do parque e baixou pola branca estrada que levaba á aldea. Esta semellaba moi vella, comida polos bordos, igual que a lúa cando comeza a minguar, e Kuranos preguntouse se os tellados abufardados das pequenas casas gardaban o soño ou a morte. Nas rúas medraban

herbas longas como lanzas e os vidros das xanelas estaban rotos ou mortalmente quietos. Kuranos non se detivo, senón que continuou como se o estivesen a convocar a algún lugar. Non se atrevía a desobedecer aquel impulso por medo a que aquilo probase que só se trataba dunha ilusión sen ningún sentido, igual que os desexos e as aspiracións da vida fóra so soño. Logo viuuse arrastrado por un camiño que baixaba desde a rúa principal da aldea cara aos cantís do canal, e alí atopou a fin de todas as cousas, o precipicio e o abismo onde a aldea e o mundo enteiro caían abruptamente nun infinito nada sen ecos e onde mesmo o ceo ficaba baleiro e sen iluminar pola lúa roída nin polas estrelas. A súa fe fixérao deitarse ao precipicio e o abismo, onde aboiou máis e máis abaixo, onde se cruzou con soños nunca soñados, escuros e informes, esferas de brillo amortuxado que eran soños parcialmente soñados e con criaturas aladas que rían e semellaban mofarse dos soñadores de todos os mundos. Logo na escuridade semellou abrirse unha fenda ante el e viu a cidade do val que escintilaba radiante moi abaixo contra un fondo de mar e ceo e unha montaña coroada de neve que se erguía preto da costa.

Kuranos espertou xusto no momento en que dexergou a cidade, aínda que só por aquela breve imaxe foi quen de recoñecer que non era outra que Celephaïs, no val de Ooth-Nargai, alén dos outeiros Tanarianos, onde o seu espírito vivira toda a eternidade dunha hora, unha tarde de verán de había moito tempo, cando fuxira da súa coidadora e deixara que a airexa cálida do mar o arrolase até o soño mentres ollaba as nubes desde o cantil próximo á aldea. El protestara daquela cando o atoparon, o espertaron e o levaron de volta á casa, xa que naquel preciso intre estaba navegando a bordo dunha galera dourada cara a aquelas rexións encantadoras onde o mar se une co ceo.

E agora estaba igualmente resentido por espertar, xa que á fin atopara a súa fabulosa cidade logo de corenta duros anos.

Así e todo, tres noites despois, Kuranos volveu alcanzar Celephaïs. Igual que antes, soñou primeiro coa aldea que estaba durmida ou morta e co abismo descendente onde debía aboiar en silencio. Logo volveu aparecer a fenda e contemplou os escintilantes minaretos da cidade, e ollou as fermosas galeras ancorar na baía azul, e viu tamén os xinkgos do monte Aran abanear baixo a airexa mareira. Mais desta volta non se esvaeceu e, como se se tratase dun ser alado, aproximouse aos poucos a unha pendente herbosa até que finalmente os seus pés pousaron suavemente sobre o céspede. Abofé que estaba de volta no val de Ooth-Nargai e a espléndida cidade de Celephaïs.

Kuranos camiñou outeiro abaixo entre a herba aromática e as flores brillantes. Cruzou o cantor Naraxa sobre unha pequena ponte de madeira onde gravara o seu nome había tantísimos anos e atravesou o bosquiño cheo de murmurios que levaba á gran ponte de pedra da entrada da cidade. Todo estaba como antes. Nin os muros de mármore perderan a cor nin as puídas estatuas de bronce pousadas sobre estes tiñan mancha ningunha. E Kuranos comprobou que non tiña que temer a desaparición das cousas que noutro tempo coñecera, xa que mesmo as sentinelas das murallas eran as mesmas e mantíñanse tan novas como el as lembraba. Cando entrou na cidade a través das portas de bronce e sobre os lastrados de ónix, os mercadores e os cameleiros saudárono como se nunca marchase, e o mesmo lle aconteceu no templo turquesa de Nath-Horthath, onde os sacerdotes coroados con orquídeas lle contaron que en Ooth-Nargai non existía o tempo senón a xuventude perpetua. Logo Kuranos camiñou pola rúa dos Piores cara á muralla que ollaba o mar, onde se reunían comerciantes e mariños, e tamén homes

estraños procedentes das rexións onde o mar se une co ceo. Alí estivo moito tempo esculcando a brillante baía onde as cristas das ondas refulxían baixo un sol descoñecido e onde chegaban lixeiras as galeras procedentes de lugares afastados. E tamén ollou o monte Aran que se erguía rexio na costa, coas súas abas baixas averdadas polas árbores que abaneaban ao vento e o seu cumio branco que fería o ceo.

Máis que nunca Kuranos desexou embarcar nunha galera para navegar aos lugares afastados dos que ouvira tantas historias estrañas, así que buscou de novo o capitán que accedera a levalo tantos anos atrás. Atopou o home, de nome Athib, sentado sobre a mesma arca de especias na que o atopara a outra vez, e non semellaba decatarse de que pasara o tempo desde entón. Logo embarcaron nunha galera que estaba fondeada na baía e, logo de dar as ordes precisas aos remeiros, comezaron a súa singradura no ondulante mar Cerenario, que leva até o ceo. Avanzaron durante varios días sobre as ondas, até que finalmente chegaron ao horizonte onde o mar se une co ceo. Mais aquí a galera tampouco parou o seu curso, senón que aboiou liviá no ceo azul entre unhas nubes brandas como o algodón e tinxidas de rosa. E ao lonxe, moi por baixo da quilla, Kuranos puido ver estrañas terras e ríos e cidades de beleza incomparábel estendéndose indolentes baixo un sol que nunca semellaba baixar ou ocultarse. Finalmente, Athib contoulle que a súa viaxe estaba próxima á fin e que axiña entrarían na baía de Serennian, a cidade de mármore rosada das nubes, que está construída nesa costa etérea onde o vento do oeste sobe cara aos ceos. Mais cando as máis altas torres labradas da cidade estiveron á vista chegou un son procedente do espazo exterior e Kuranos espertou na súa bufarda de Londres.

Despois daquilo Kuranos pasou moitos meses na procura da marabillosa cidade de Celephaïs e das súas galeras etéreas, mais todo foi en balde, e malia que os seus soños o levaron a moitos lugares estraños e descoñecidos, ningunha das criaturas que neles coñeceu puideron dicirlle nada de Ooth-Nargai, que se ergue alén dos outeiros Tanarianos. Unha noite voaba sobre unhas montañas escuras onde se observaban uns lumes de campamento esvaídos e espaxados a grandes distancias e tamén uns estraños e peludos rabaños con chocallos. E na parte máis salvaxe desta terra de montes, tan afastada que pouca xente a chegara ver nunca, atopou o que parecía unha muralla de pedra ou unha estrada elevada, tan antiga que daba arrepiños, que subía zigzagueando polos cantís e vales, de proporcións demasiado xigantescas para ser construída pola man humana, e de tal lonxitude que non se podía albiscar o seu final. Ao cruzar aquela muralla no agrisado amanecer chegou até unha terra de pintorescos xardíns e cerdeiras, e na alborada contemplou a beleza das flores vermellas e brancas, da follaxe e a herba verde, dos carreiros brancos, dos regatos cor diamante, dos estanques azuis, das pontes labradas e das pagodes de tellado vermello, polo que esqueceu Celephaïs no seu gozo. Mais volveuna lembrar ao baixar por unha senda branca cara a unha pagode de tellado vermello e tiña a intención de preguntar á xente desta terra sobre o seu paradiro, mais non atopou ninguén alí, agás os paxaros, as abellas e as bolboretas. Outra noite, Kuranos subiu por unha húmida e longuíssima escaleira de caracol e chegou até a xanela dunha torre que dominaba unha imponente chaira e un río iluminado polo luar. Na cidade silenciosa que se erguía xunto á ribeira creu distinguir algún trazo ou disposición que vira antes. Pensou en descender e preguntar o camiño cara a Ooth-Nargai, de non ser por unha temíbel aurora que cuspiá os seus raios

desde algún remoto lugar do horizonte, deixando ver a ruína e antigüidade da cidade, a quietude mortal do río brañento e a morte que se pousara sobre aquela terra desde que o rei Kynaratholis retornara das súas conquistas e se enfrontara á vinganza dos deuses.

Daquela, Kuranés procurou infrutuosamente a marabillosa cidade de Celephaïs e as súas galeras que viaxaban cara a Serennian sucando os ceos, e nas súas viaxes contemplou moitas marabillas e unha vez apenas conseguiu fuxir do sumo sacerdote que non describirei aquí, ese que leva unha máscara de seda amarela sobre o rostro e vive en completa soidade nun mosteiro prehistórico de pedra na fría meseta deserta de Leng. Co tempo comezou a sentir tal impaciencia nos desapracíbeis intervalos de vixilia que decidiu mercar narcóticos para aumentar os seus períodos de soño. O haxix axudoulle moito e unha vez enviouno a un lugar do espazo onde a materia non existe, senón que está habitado por unhas formas gasosas luminescentes que estudan os segredos da existencia. E unha destas formas gasosas de cor violeta contoulle que esta parte do espazo estaba fóra do que nós chamamos infinito. Non ouvira falar nunca de planetas ou organismos e só identificaba a Kuranés como un ser do infinito onde existen a materia, a enerxía e a forza gravitacional. Kuranés estaba moi ansioso agora por retornar a Celephaïs, coroada de minaretes, e aumentou as doses de narcóticos, mais acabou por ficar sen diñeiro, polo que xa non puido mercalos. Logo, un día de verán botárono da súa bufarda e vagou sen rumbo polas rúas, até cruzar unha ponte cara a un lugar onde as casas estaban máis e máis esparexidas. E foi alí cando se cumpriu o seu desexo e atopou un cortexo de cabaleiros de Celephaïs que o ían levar con eles para sempre.

Eran cabaleiros fermosos, a lombos de cabalos ruáns, vestidos con brillantes armaduras e sobrevestes de fío de ouro que lucían estraños

brasóns. Tal era o seu número que Kuranos case os confunde cun auténtico exército, mais enviáranos na súa honra, pois el fora quen creara Ooth-Nargai nos seus soños e polo tanto nomearíano o seu señor para sempre. Logo déronlle un cabalo, subírono e puxérono á cabeza do cortexo, e todos cabalgaron de xeito señorial polos vales de Surrey e cara á rexión onde Kuranos e os seus devanceiros naceran. Foi moi estraño, xa que semellaba que os xinetes avanzaban retrocedendo no tempo, pois sempre que pasaban por unha aldea no luscofusco só vían casas e aldeáns co aspecto daquelas que describira Chaucer ou outros antes ca el, e ás veces vían outros cabaleiros que os seguían. Cando se fixo de noite viaxaron máis ás présas, até que axiña se viron aboiando no ar. No descolorido amanecer apareceron na aldea que Kuranos vira viva durante a súa infancia e durmida ou morta nos seus soños. Estaba viva agora e os aldeáns máis madrugadores fixeron reverencias ante os cabaleiros que baixaban estrepitosamente pola avenida e se internaban no camiño que remataba no abismo dos soños. Kuranos só entrara no abismo pola noite, e preguntouse que aspecto tería de día, polo que esculcou con ansiedade mentres a columna se aproximaba ao bordo. Cando galopaban cara ao terreo elevado do precipicio, un resplandor dourado chegou dalgún lugar ao oeste e agochou toda a paisaxe cuns veos resplandecentes. O abismo era un caos afervorado de esplendor rosado e cerúleo, e unhas voces invisíbeis cantaban exultantes mentres o séquito de cabaleiros se precipitaba polo bordo e aboiaba cara a abaixo atravesando nubes brillantes e resplandores prateados. Os cabaleiros aboiaban sempre abaixo e abaixo, coas súas monturas pisando o éter como se galopasen sobre unhas areas douradas, e logo os vapores luminosos abríronse para revelar un resplandor aínda maior, o resplandor da cidade de Celephaïs e da súa costa, e o pico nevado que

dominaba o mar, e as galeras de alegres cores que saían da baía cara a rexións distantes onde o mar se une co ceo.

E Kuranos reinou a partir de entón sobre Ooth-Nargai e todas as rexións adxacentes do soño, e mantivo a súa corte alternativamente en Celephaïs e na neboenta Serennian. E aínda reina agora e reinará feliz para sempre, malia que baixo os cantís de Innsmouth, as mareas da canle xogan burlonas co corpo dun esmoleiro que chegou dando tombos ao amanecer pola vila medio deserta. Xogan burlonas e lanzan o seu cadáver contra as rochas sobre as que se erguen as Torres de Trevor, cubertas de hedra, onde un millonario cervexeiro notabelmente gordo e especialmente aborrecíbel goza dunha atmosfera mercada de nobreza extinta.



EX OBLIVIONE
(DESDE O ESQUECIMENTO)

[O conto *Ex Oblivione* escribiuse dacabalo entre 1920 e 1921 e publicouse pola primeira vez no número de marzo de 1921 de *The United Amateur*, baixo o pseudónimo Ward Phillips.]

Cando chegaron os meus últimos días e as feas trivialidades da existencia comezaron a me arrastrar á loucura, igual que as pequenas pingas de auga que os torturadores deixan caer sen cesar sobre un só punto do corpo das súas vítimas, aprendín a amar o refuxio luminoso que o soño me ofrecía. Nos meus soños achei un pouco da beleza que en balde procurara na vida e camiñei por xardíns antigos e bosques encantados.

Unha vez, baixo un vento suave e aromático, ouvín a chamada do sur e naveguei interminábel e languidamente baixo unhas estrelas estrañas.

Unha vez, cando caía unha chuvia doce, viaxei nunha barcaza por unha corrente escura, baixo terra, até que cheguei a outro mundo de penumbra purpúrea, árbores iridescentes e rosas imperecedoiras.

E unha vez camiñei por un val dourado que levaba a uns bosques sombrizos cheos de ruínas e remataba nunha imponente muralla verde cuberta de vellas rubideiras, cun pequeno portelo de bronce.

Moitas veces camiñei por aquel val e de cada vez paraba máis tempo baixo a media luz espectral onde aquelas árbores xigantescas se retorcían e se viraban grotescamente, e a terra gris se estendía húmida de tronco a tronco, revelando ás veces as pedras manchadas de brión dalgún templo enterrado. E a meta das miñas fantasías sempre era aquela imponente muralla chea de rubideiras co pequeno portelo de bronce.

Logo dun tempo, a medida que os días da vixilia se ían tornando menos soportábeis debido á súa falta de cor e novidade, a miúdo coa axuda do opio, mergullábame no val e os bosques sombrizos e preguntábame como podería conseguir vivir sempre alí, sen ter que volver arrastrándome nunca máis a un mundo opaco, carente de interese e de novas cores. E mentres contemplaba o pequeno portelo na imponente muralla, sentín que do outro lado se estendía un país de soños do que, unha vez que entrase, non retornaría xamais.

Daquela, cada noite durante o soño loitaba por atopar o ferrollo oculto na antiga muralla cuberta de hedra, malia que estaba extremadamente ben oculto. E dicíame a min mesmo que o reino do outro lado da muralla non só era máis duradeiro, senón tamén máis fermoso e luminoso.

Logo, unha noite, na cidade onírica de Zakarion, encontrei un papiro amarelado no que estaban escritos os pensamentos duns sabios no soño que habitaran aquela cidade antano e cuxa sabedoría era maior que a de calquera que nacera no mundo da vixilia. Alí había escritas moitas cousas sobre o mundo onírico e entre elas falaban do val

dourado, o bosque sagrado dos templos e unha gran muralla cunha pequena porta de bronce. Cando o vin, souben que se trataba do lugar que eu ansiaba, así que estudei o papiro durante moito tempo.

Algúns dos sabios relataban marabillas sobre o que había do outro lado do portelo selado, mais outros falaban de terror e desengano. Non sabía a quen crer, mais de cada vez tiña máis desexos de cruzar para sempre a aquela terra descoñecida, pois a dúbida e o segredo son as máis grandes tentacións, e ningún horror sería máis terríbel que a tortura diaria do anódino. Daquela, cando souben que droga podía axudarme a descorrer o ferrollo do portelo e a levarme do outro lado, decidín tomala en canto espertase.

A noite pasada traguei o fármaco e aboiei somnolento até o val dourado e os bosques sombrizos. Desta volta, cando cheguei á antiga muralla, vin que o pequeno portelo estaba entreaberto. Do outro lado viña un resplandor que iluminaba de xeito estraño as árbores retortas e os teitos dos templos soterrados, e eu avancei ao paso á espera das glorias daquela terra da que non volvería xamais. Pero cando o portelo se abriu máis e o feitizo da droga e o soño me empurraron ao outro lado, souben que toda visión e gloria rematara, xa que naquel novo reino non había terra nin mar, senón só un baleiro branco e deshabitado de espazo ilimitado. E así, máis feliz do que nunca agardara, disolvinme outra vez naquela infinitude primixenia de esquecemento cristalino da que o díaño da Vida me tirara durante unha breve e desolada hora.



A PROCURA DE IRANON

[O conto *The Quest of Iranon* escribiuse o 28 de febreiro de 1921 e publicouse pola primeira vez no número de xullo-agosto de 1935 da revista *Galleon*.]

«**S**on Iranon, e veño de Aira, unha cidade afastada que lembro só vagamente pero que trato de atopar outra vez. Son un cantor de cancións que aprendín nesa afastada cidade e a miña intención é facer algo fermoso con aquilo que lembro da miña infancia. A miña riqueza áchase en pequenas lembranzas e soños, e nas esperanzas sobre as que canto nos xardíns, cando a lúa é tenra e a airexa do oeste axita os botóns de loto.

Cando as xentes de Teloth ouviron tales cousas murmuraron entre elas, xa que aínda que na cidade de granito non hai sitio para risas nin cancións, as austeras xentes ás veces ollan para os outeiros Karthianos na primavera e pensan nos laúdes da distante Oonai, dos que lles falan os viaxeiros. Ao pensaren nisto, pediron ao forasteiro que ficase e cantase na praza ante a Torre de Mlin, malia que non gustaban da cor da súa túnica esfarrapada, nin da mirra do seu cabelo, nin da súa coroa de

follas de viña, nin da xuventude da súa voz dourada. Iranon cantou á tardiña e mentres o facía, un vello rezou e un cego dixo que vira un halo sobre a cabeza do cantor. Mais moitos dos habitantes de Teloth bocexaron, algúns riron e outros foron durmir, posto que Iranon non dicía nada útil, pois só cantaba sobre as súas lembranzas, os seus soños e as súas esperanzas.

—Lembro o luscofusco, as cancións suaves e a xanela xunto á que durmía. E do outro lado da xanela estaba a rúa coas súas luces douradas, onde as sombras bailaban sobre as casas de mármore. Lembro a praza iluminada pola lúa, sen máis luz ca esa, e as visións que danzaban nos seus raios mentres a miña nai cantaba. Lembro tamén o sol da mañá brillar sobre os outeiros multicolores durante o verán e a dozura das flores arroladas polo vento do sur que facía cantar as árbores.

»Oh, Aira, cidade de mármore e berilo, cantas son as túas belezas! Canto amei os bosques tépedos e fragrantados do outro lado do Nithra e as fervezas do pequeno Kra que flúe polo val verdecente! Nos bosques e no val as crianzas tecían coroas para os demais e cando sobreviña a escuridade soñaba estraños soños baixo as árbores da montaña mentres vía aló embaixo as luces da cidade e a curva do Nithra que reflectía unha restra de estrelas.

»E na cidade había palacios de mármore veada e tinxida con cúpulas douradas e paredes pintadas, e xardíns verdes con estanques cerúleos e fontes de cristal. A miúdo xogaba nos xardíns, bañábame nos estanques e deitábame a durmir entre as flores pálidas baixo a sombra das árbores. E ás veces, ao solpor, era quen de rubir pola longa e empinada rúa até a cidadela e o palacio e desde alí dexergar Aira, a cidade máxica de mármore e berilo, esplendidamente vestida cun manto de chama dourada.

»Moito te achei de falta, Aira, xa que non era máis que un mozo cando marchei ao exilio, mais o meu pai era o teu rei e eu volverei outra vez a ti, xa que iso é o que decretou o Destino. Andei na túa procura por sete países e algún día reinarei sobre os teus bosques e xardíns, sobre as túas rúas e palacios, e cantarei ante unha xente que saberá sobre o que estou a cantar, e a risa nunca se apagará. Pois eu son Iranon, que foi príncipe de Aira.

Esa noite a xente de Teloth acolleu o forasteiro nun cortello, e pola mañá un arconte foi falar con el e díxolle que fose á tenda de Athok, o zapateiro, para se converter no seu aprendiz.

—Mais eu son Iranon, cantor de baladas —dixo—, non teño espírito de zapateiro.

—Todo o mundo en Teloth debe esforzarse en traballar —retrucou o arconte— xa que a lei é así.

Daquela, Iranon contestou:

—Para que esforzarse, se non é para vivir e ser felices? E se o único que facedes é esforzarvos máis e máis, cando acharedes a felicidade? Esforzádesvos para vivir, mais acaso a vida non está feita de fermosura e cancións? E se non hai cantores entre vós, onde estará o froito do voso esforzo? O esforzo sen cancións é como unha dura xornada sen final. Non sería acaso a morte máis pracenteira? —mais o malhumorado arconte non entendeu nada e reprende o forasteiro.

—Es un mozo estraño e non gusto do teu rostro nin da túa voz. As palabras que pronuncias son unha blasfemia, pois os deuses de Teloth decretaron que o esforzo é bo. Os nosos deuses prometéronnos un paraíso de luz alén da morte onde poderemos repousar para sempre e unha frialdade cristalina na que ninguén poderá acosar a súa mente con pensamentos nin os seus ollos con beleza. Vai onde Athok o zapateiro

ou lisca da cidade ao solpor. Todo o mundo debe ser útil e as cancións son unha parvada.

Daquela Iranon marchou do cortello e camiñou polas estreitas rúas empedradas que se despregaban entre as sombrizas casas cadradas de granito, na procura de algo verde, posto que alí todo era de pedra. As xentes tiñan o rostro arisco, mais onda o dique que bordeaba o preguiceiro curso do río Zuro había un rapaz sentado que ollaba para a auga con ollos tristes, na procura dalgunhas pólas verdes que as enchentes arrastraran desde os outeiros. Este díxolle:

—Non es ti ese do que falan os arcontes, o que busca unha cidade afastada nunha terra fermosa? Eu son Romnod, nacido do sangue de Teloth, aínda que non sigo os hábitos antigos da cidade de granito, senón que cobizo a diario os cálidos bosques e as terras distantes de fermosura e cancións. Alén dos outeiros Karthianos está Oonai, a cidade dos laúdes e a danza, sobre a que a xente murmura e di que é adorábel e terríbel a partes iguais. Eu iría alí se tivese idade dabondo para achar o camiño, e alí deberías ir ti para cantar e ter quen te escoite. Deixemos a cidade de Teloth e marchemos xuntos entre os outeiros primaverais. Ti ensinarasme a vida de vagabundo e eu escoitarei as túas cancións ao serán, cando as estrelas traen os soños, unha por unha, ás mentes dos soñadores. Se cadra, Oonai, a cidade dos laúdes e a danza, é a fermosa Aira que buscas, xa que contan que hai moito que marchaches de alí e os nomes mudan a miúdo. Marchemos a Oonai, Iranon, o da cabeza dourada, onde as xentes ouvirán os nosos anhelos e nos darán a benvida como irmáns e non rirán nin engurrarán a fronte ante o que lles contemos —e Iranon contestou:

—Que así sexa, pequeno. Se alguén anhela a beleza neste lugar de pedra debe partir cara ás montañas que hai máis aló e eu non penso

deixarte aquí languidecendo onda o preguiceiro curso do Zuro. Mais ten en conta que ese pracer e ese coñecemento non se achán xa do outro lado dos outeiros Karthianos ou en ningún lugar que poidamos atopar nunha viaxe dun día, un ano ou un lustro. Cando eu era pequeno coma ti vivía no val de Narthos, xunto o frío Xari, onde ninguén escoitaba os meus soños. Eu díxenme a min mesmo que cando fose maior iría a Sinara, que quedaba ao sur, para cantar aos sorrintes comerciantes de dromedarios do mercado. Mais cando alí fun, atopeime con que os comerciantes de dromedarios eran todos uns borrachos e uns obscenos, e descubrín que as súas cancións non eran como as miñas, polo que viaxei nunha barcaza Xari abaixo até os muros de ónix de Jaren. E os soldados de Jaren ríronse de min e botáronme, así que vaguei por moitas outras cidades. Estiven en Stethelos, que se acha baixo a gran fervenza, e dexerguei a braña onde outrora se ergueu Sarnath. Estiven en Thraa, Ilarneq e Kadatheron, xunto o sinuoso curso do Ai, e vivín moito tempo en Olathoe e na terra de Lomar. Mais aínda que ás veces tiven quen me escoitase, sempre foron ben poucos. Sei que só acharei a benvinda en Aira, a cidade de mármore e berilo onde o meu pai reinou outrora. Daquela debemos saír na procura de Aira, malia que tamén visitaremos a distante Oonai, feliz polos seus laúdes, que se acha do outro lado dos outeiros Karthianos, e que se cadra é Aira, aínda que non o creo. A beleza de Aira está alén do imaxinábel e ninguén pode falar dela sen éxtase, mentres que a xente das caravanas de camelos fala con malicia de Oonai.

Ao atardecer Iranon e o pequeno Romnod partiron de Teloth e vagaron moito tempo entre os grandes outeiros e os frescos bosques. O camiño era duro e escuro, e nunca semellaban estar máis preto de Oonai, a cidade dos laúdes e a danza. Mais na escuridade, cando as

estrelas saían, Iranon cantaba sobre Aira e as súas belezas, e Romnod escoitaba, e daquela os dous sentíanse felices. Comeron moitísima froita e bagas vermellas, e aínda que deberon de pasar anos así, non notaron como fuxía o tempo. O pequeno Romnod xa non era tal, e agora xa non tiña unha voz aguda, senón profunda, aínda que Iranon estaba sempre igual e adornaba o seu cabelo dourado con vides e fragrantas resinas que atopaba na foresta. Daquela aconteceu que Romnod chegou a parecer máis vello que Iranon, aínda que era moi cativo cando este o atopara buscando pólas verdes en Teloth, xunto o curso preguiceiro do Zuro, flanqueado por muros de pedra.

Logo, unha noite de lúa chea, os viaxeiros chegaron até a crista dunha montaña e dexergaron o milleiro de luces de Oonai. Os campesiños dixéranlles que estaban preto, e Iranon soubo que aquela non era a súa cidade natal de Aira. As luces de Oonai non eran como aquelas de Aira, xa que estas eran duras e cegadoras, mentres que as luces de Aira brillaban con tal suavidade e maxia como a lúa que iluminaba o chan xunto á xanela onde a nai de Iranon noutro tempo o arrolaba cunha canción de berce. Mais Oonai era unha cidade de laúdes e danza, así que Iranon e Romnod baixaron a pronunciada pendente para ir na procura de xente que gustase dos seus cantos e soños. E cando chegaron á cidade descubriron que había xente festexando con coroas de rosas no cabelo. Estaban en todas as casas e saían por xanelas e balconadas e escoitaron as cancións de Iranon e brindáronlles flores e aplausos cando rematou. Logo, durante un intre, Iranon pensou que atopara os seus compatriotas, malia que aquela cidade non era nin a centésima parte de Aira.

Cando chegou a alborada, Iranon mirou arredor arrepiado, xa que as cúpulas de Oonai non eran douradas baixo o sol, senón grises e

deprimentes. E os seus habitantes estaban pálidos pola festa da noite anterior e atordados polo viño, non como a radiante xente de Aira. Mais Iranon decidiu ficar alí, porque a xente lle brindara flores e aclamara as súas cancións, e con el tamén ficou Romnod, que amaba a troula da cidade e levaba rosas e arraián no seu cabelo escuro. Pola noite, Iranon a miúdo cantaba para os festeiros, mais sempre tiña o mesmo aspecto, coroado só coas follas de viña das montañas e lembrando as rúas de mármore de Aira e o hialino Nithra. Cantou tamén nas salas cheas de frescos do monarca, sobre un estrado de cristal que se erguía dun chan que era un espello, e mentres cantaba evocaba imaxes para os seus ouvintes e o chan semellaba reflectir feitos antigos e fermosos que só se lembraban a medias, no canto dos trouleiros arroibados polo viño que o cubrían de rosas. E o rei ordenou que lle quitasen a súa escangallada túnica púrpura e o vestisen de satén e pano de ouro, con aneis de xade verde e pulseiras de marfil tinxido, e acolleuno nunha alcoba dourada e cuberta de tapices, cunha cama de fermosa madeira labrada e un dosel e sabas de seda bordada con flores. Así viviu Iranon en Oonai, a cidade dos laúdes e a danza.

Non se sabe canto tempo pasou Iranon alí, mais un día o rei trouxo a palacio uns estraños danzaríns procedentes do deserto Liraniano e uns frautistas de pel escura da oriental Drinen e, despois de actuaren, os trouleiros tiráronlles máis flores aos danzantes e aos frautistas que a Iranon. E día a día, desde que fora un meniño na granítica Teloth, Romnod foise volvendo máis basto e máis vermello polo viño, até que foi deixando de soñar e de escoitar con deleite as cancións de Iranon. Mais aínda que Iranon estaba triste non deixou de cantar, senón que cada serán volvía relatar os seus soños de Aira, a cidade de mármore e berilo. Logo, unha noite, o avermellado e cebado Romnod suspirou con

forza entre as sedas do seu leito de banquetes e morreu retorcéndose, mentres que Iranon, pálido e fraco, cantaba para si mesmo nunha esquina afastada. E logo de chorar sobre a tumba de Romnod e cubrila con pólas verdes, as mesmas que o finado amara tanto, Iranon deixou as sedas e os abelorios e marchou en secreto de Oonai, a cidade dos laúdes e a danza, vestido só coa súa roída túnica púrpura coa que chegara e coa cabeza engalanada con follas frescas de viña das montañas.

Vagou cara ao lugar onde se pon o sol, na procura da súa terra natal e dos homes que puidesen comprender as súas cancións e soños. En todas as cidades de Cydathria e nas terras que hai alén do deserto de Bnazie, as crianzas de rostro alegre ríanse das súas vellas cancións e da súa roída túnica púrpura, mais Iranon permanecía igual de novo que sempre e levaba unha coroa sobre a cabeza dourada mentres cantaba sobre Aira, delicia do pasado e esperanza do futuro.

E así chegou unha noite até o magro refuxio dun vello pastor chepudo e sucio, que aínda coidaba os seus rabaños nunha pedregosa aba que subía desde unha zona de areas movedizas. Iranon faloulle do mesmo xeito que a moitos outros:

—Poderíasme dicir como podo atopar Aira, a cidade de mármore e berilo, por onde flúe o hialino Nithra e onde as fervenzas do pequeno Kra cantan nos vales verdes e os outeiros están cubertos de árbores? —e o pastor, ao ouvilo, botoulle unha longa e estrañada mirada, como se lembrase algo moi afastado no tempo, e estudou cada liña no rostro do estraño e o seu cabelo dourado e a súa coroa de follas de viña. Mais el era vello, así que abaneou a cabeza mentres contestaba:

—Oh, forasteiro, claro que ouvín o nome de Aira e os outros dos que me falaches, mais proceden dun lugar moi afastado no tempo. Ouvinos na miña xuventude dos labios dun compañeiro de xogos, un

nenos esmoleiros que tiñan soños estraños e que tecían longas historias sobre a lúa e as flores e o vento do oeste. Adoitabamos rirnos del, xa que sabiamos cal era o seu berce, aínda que el afirmaba ser fillo dun rei. Era fermoso, igual ca ti, mais a súa mente estaba chea de loucuras e rarezas, e fuxiu de aquí para ir na procura de quen escoitase de bo grao as súas cancións e soños. Cantas veces me cantou sobre terras que nunca existiron e sobre cousas que non poden ser! Falaba moito de Aira, de Aira e do río Nithra, e das fervenzas do pequeno Kra. Sempre dicía que fora príncipe daquel lugar, aínda que nós ben coñeciamos o seu nacemento. Nunca existiu unha cidade de mármore chamada Aira, nin aqueles que se deleitaban con estrañas cancións, agás nos soños do meu vello compañeiro de xogos Iranon, que xa desapareceu.

E no luscofusco, mentres as estrelas comezaban a saír unha por unha e a lúa iluminaba a braña cunha luz como a que un neno ve tremelucindo no chan mentres o arrolan para durmir, un home moi ancián vestido cunha roída túnica púrpura e coroado con follas de vide internábase nas letais áreas movedizas, coa mirada posta nas cúpulas douradas dunha fermosa cidade onde os soños teñen un significado. Aquela noite morreu un anaco de xuventude e beleza no vello mundo.



OS DEUSES OUTROS

[O conto *The Other Gods* escribiuse o 14 de agosto de 1921, e publicouse pola primeira vez no número de novembro de 1933 da revista *The Fantasy Fan*.]

Os deuses da Terra viven nos picos máis altos e non aturan que ningún humano conte que os viu. Noutro tempo habitaron en cumios máis baixos, mais a xente das chairas sempre subía as abas de rocha e neve, empurrando os deuses a montes máis altos, até que só ficou o último. Cando deixaron os antigos cumios, levaron con eles todo rastro da súa presenza, agás nun caso, segundo contan, onde deixaron unha imaxe dun rostro tallada na cara dun monte ao que chaman Ngranek.

Mais agora marcharon á descoñecida Kadath, no frío deserto onde ningún humano camiña, e volvéronse duros, xa que non teñen ningún cumio máis alto ao que se retirar ante a chegada dos humanos. Tornáronse severos e mentres que noutro tempo permitiron que os humanos os desprazasen, agora prohíbenlles achegarse e, no caso de chegaren, prohíbenlles marchar. É cousa boa que os humanos non

saiban nada de Kadath, no deserto frío, pois pola contra cometerían a imprudencia de tentar escalalo.

Ás veces, cando os deuses da Terra teñen saudade, visitan no medio da noite os cumios onde viviron antano e choran suavemente mentres tentan brincar nas pendentes igual que o facían antes. Os humanos viron as bágoas dos deuses en Thurai, o do cumio branco, malia que pensaron que se trataba de chuvia, e tamén ouviron os seus saloucos arrastrados polo queixoso vento matinal do Lerion. Os deuses teñen o hábito de viaxar nas naves das nubes e os granxeiros máis sabios falan de que hai que evitar certos picos nas noites anubradas, xa que os deuses xa non son tan indulxentes como antano.

En Ulthar, que se acha alén do río Skai, viviu unha vez un ancián que devecía por contemplar os deuses da Terra. Era un home que estudara en profundidade os sete libros crípticos da Terra e coñecía os *Manuscritos Pnakóticos* da distante e xeada Lomar. Chamábanlle Barzai o Sabio e a xente contaba que subira un monte unha noite dunha estraña eclipse.

Barzai sabía tanto sobre os deuses que era quen de falar das súas idas e vindas, e coñecía tantos dos seus segredos que o consideraban case un semideus. Foi el quen con tanta sabedoría aconsellou os cidadáns de Ulthar que aprobasen a súa coñecida lei contra o asasinato de gatos e quen primeiro contou a Atal, o novo sacerdote, onde marchan os gatos negros a noite do solsticio de verán. Barzai estudara a sabedoría dos deuses da Terra e acabara por cobizar ollar os seus rostros. Cría que o seu gran coñecemento secreto dos deuses podía protexelo da súa ira, así que decidiu subir o cumio do alto e rochoso Hatheg-Kla unha noite en que sabía que os deuses estarían alí.

Hat heg-Kla está lonxe, no deserto pedregoso que se estende detrás de Hat heg, de onde recibe o seu nome, e érguese como unha estatua de rocha nun templo silencioso. Arredor do seu cumio as néboas xogan morriñentas, xa que as néboas son as lembranzas dos deuses e estes adoraban Hat heg-Kla cando vivían sobre el nos vellos tempos. A miúdo os deuses da Terra visitan Hat heg-Kla a bordo das súas naves de nubes, guindando brumas pálidas sobre as abas mentres danzan igual que antano sobre o cumio baixo a lúa límpida. Os aldeáns de Hat heg din que sempre é unha loucura subir a Hat heg-Kla e, máis aínda, é facelo nas noites en que as pálidas brumas agochan o cumio e mais a lúa é mortal. Así e todo, Barzai non os tivo en conta cando chegou desde a veciña Ulthar acompañado polo novo sacerdote Atal, que era o seu discípulo. Atal non era máis que o fillo dun taberneiro e ás veces tiña medo, mais o pai de Barzai fora un nobre que vivira nun antigo castelo, así que non era supersticioso e sempre ría dos medorentos granxeiros. Barzai e Atal partiron de Hat heg cara ao deserto rochoso facendo caso omiso das advertencias dos campesiños e polas noites faloron sobre os deuses da Terra nos seus campamentos. Camiñaron moitos días e desde lonxe dexergaron o altivo Hat heg-Kla coa súa aureola de bruma morriñenta. No décimo terceiro día chegaron á solitaria base da montaña e Atal manifestou os seus medos. Mais Barzai era vello e estudado, e non sentía temor, así que iniciou a marcha costa arriba, cara a un lugar que ningún humano escalara desde os tempos de Sansu, que é mencionado con temor nos balorentos *Manuscritos Pnakóticos*.

O camiño era rochoso e perigoso pola cantidade de simas e desprendementos. Máis arriba comezou a ir frío e a abundar a neve, polo que Barzai e Atal a miúdo esvaraban e caían mentres tentaban abrirse paso cara a arriba coa axuda de bastóns e picos. Finalmente, o ar

enrareceu, o ceo mudou de cor e os escaladores tiveron dificultades para respirar, mais así e todo continuaron subindo e subindo, marabillados pola rareza da escena e a emoción de pensar no que acontecería no cumio, cando a lúa saíse e as pálidas brumas se estendesen arredor. Escalaron máis e máis alto durante tres días cara ao teito do mundo e logo acamparon agardando que a lúa se toldase.

Durante catro noites non houbo rastro de nubes e a lúa amosábase fría a través da bruma fina e morriñenta que rodeaba o pináculo silencioso. Logo, na quinta noite, na que había lúa chea, Barzai viu unhas nubes mestas lonxe no norte e agardou con Atal a que se aproximasen. Avanzaban gordas e maxestosas, lenta e deliberadamente para adiante. Logo rodearon o pico máis arriba dos observadores e ocultaron da vista o cumio e a lúa. Os observadores ollaron durante unha longa hora, mentres que as brumas se arremuiñaban e a pantalla de nubes se facía máis grossa e máis alterada. Barzai coñecía ben a sabedoría dos deuses da Terra e agardou a escoitar certos sons, mais Atal sufriu o frío das brumas e o temor da noite e sentiu moito medo. E cando Barzai comezou a escalar de novo e a lle facer sinais, Atal aínda tardou moito antes de o poder seguir.

Tan mesta era a bruma que resultaba difícil avanzar e aínda que Atal ía detrás, apenas daba distinguido a sombra gris de Barzai diante na esvaída aba baixo a luz toldada da lúa. Barzai continuaba moi adiante e, malia a súa idade, semellaba ser quen de gabear con máis facilidade que o seu aprendiz, pois non tiña medo da pendente, que comezaba a ser demasiado grande para calquera que non fose moi forte e intrépido, e non paraba ante as largas simas que Atal dificilmente era quen de saltar. E así ascenderon insensatamente sobre rochas e abismos, esvarando e cambaleando, e ás veces ficaron espantados polo vasto e horríbel

silencio dos desolados pináculos de xeo e dos mudos precipicios de granito.

De súpeto Barzai desapareceu da vista de Atal, mentres escalaba un risco terríbel que semellaba sobresaír para fóra e bloquear a senda a calquera escalador que non contase coa bendición dos deuses da Terra. Atal estaba moi abaixo e planeaba o que debía facer ao chegar ao lugar, cando de casualidade se decatou de que a luz estaba a se volver máis intensa, como se xa se achase moi preto do cumio sen nubes e iluminado polo luar onde se reunían os deuses. E mentres continuaba con dificultade cara ao risco saínte e o ceo iluminado, sentiu que os seus medos se volvían máis fortes que nunca. Logo, a través das brumas ouviu a voz de Barzai berrando con éxtase salvaxe:

—Ouvín os deuses! Ouvín os deuses cantar na súa celebración sobre Hatheg-Kla! Barzai o Profeta coñece as voces dos deuses da Terra! A bruma é fina e a lúa brillante, e verei os deuses danzar extasiados sobre Hatheg-Kla, lugar que amaron na súa xuventude. A sabedoría de Barzai fíxoo máis grande que os deuses da Terra, e contra a súa vontade nada teñen que facer os encantamentos e barreiras daqueles. Barzai contemplará os deuses, os altivos deuses, os secretos deuses, os deuses da Terra que foxen da vista dos humanos.

Atal non podía ouvir as voces que Barzai ouvía, mais agora estaba moi preto do risco saínte e estudábao na procura de puntos onde se agarrar. Logo ouviu a voz de Barzai, que se volvíu aínda máis aguda e máis forte.

—A néboa é moi fina e a lúa proxecta sombras na aba. As voces dos deuses da Terra son fortes e brutais, e temen a chegada de Barzai o Sabio, que é máis grande ca eles... O luar tremeloce mentres os deuses

da Terra danzan. Verei os corpos dos deuses que saltan e ouvean á lúa... A luz é máis suave e os deuses teñen medo...

Mentres Barzai berraba estas cousas, Atal sentiu unha mudanza espectral no ar, como se as leis da Terra estivesen pregándose a unhas leis máis grandes aínda, pois malia que o camiño era máis empinado que nunca, a senda que levaba arriba volvérase espantosamente doada, e o risco saínte apenas supuxo un obstáculo cando escorregou perigosamente pola súa cara convexa. O luar perdera intensidade e mentres Atal subía a través das néboas, ouviu a Barzai o Sabio berrar entre as sombras.

—A lúa é escura e os deuses danzan na noite; hai terror no ceo, xa que sobre a lúa caeu unha eclipse que non se predixo nin nos libros dos humanos nin nos dos deuses da Terra... Hai unha maxia descoñecida en Hatheg-Kla, xa que os berros dos asustados deuses tornáronse en risas e as pendentas de xeo ascenden sen fin cara aos ceos negros, onde avanzo eu... Ei! Ei! Á fin! Baixo a luz esvaecida contemplo os deuses da Terra!

E agora Atal, que esvaraba confuso risco arriba, ouviu na escuridade un riso abominábel mesturado cun berro tal que ningún outro ser humano ouvira xamais agás no máis profundo dos pesadelos máis inenarrábeis. Era un berro onde reverberaba o terror e a angustia de toda unha vida atormentada concentrada nun só e atroz momento.

—Os deuses outros! Os deuses outros! Os deuses dos infernos exteriores que gardan os febles deuses da Terra!... Aparta a mirada... Retrocede... Non mires! Non mires! A vinganza dos abismos infinitos... Ese pozo maldito e abominábel... Bondadosos deuses da Terra, estou a caer no ceo!

E mentres Atal fechaba ollos e ouvidos e tentaba baixar loitando contra a estarrecedora forza que tiraba del desde as descoñecidas alturas,

o tanxido dun trono terríbel resoou en Hatheg-Kla e fixo que os bos granxeiros das chairas e os honestos cidadáns de Hatheg, Nir e Ulthar espertasen e ollasen a través das nubes aquela estraña eclipse de lúa que ningún libro predixera xamais. E cando a lúa saíu finalmente, Atal xa estaba a salvo nas neves máis baixas do monte, fóra da vista dos deuses da Terra ou dos deuses outros.

Agora ben, cóntase nos balorentos *Manuscritos Pnakóticos* que Sansu non atopou outra cousa que silandeiro xeo e rocha cando subiu o cumio de Hatheg-Kla na xuventude do mundo. Mais cando as xentes de Ulthar, Nir e Hatheg fixeron a un lado os seus medos e escalaron aquel cumio enmeigado de día na procura de Barzai o Sabio, atoparon gravado na pedra espida da cúspide un estraño símbolo ciclópeo de cincuenta cóbados de largo, como se a rocha fose fendida por un cicel de dimensións titánicas. E o símbolo era semellante a un que os máis sabios coñecían por aquelas partes estarrecedoras dos *Manuscritos Pnakóticos*, que eran demasiado vellos para ser lidos. Iso foi o único que atoparon.

De Barzai o Sabio nada se soubo xamais, nin sequera o bendito sacerdote Atal puido ser persuadido nunca de entoar unha pregaría polo repouso da súa alma. Ademais, desde ese día, a xente de Ulthar, Nir e Hatheg teme as eclipses e reza nas noites en que as pálidas brumas ocultan o cumio da montaña e mais a lúa. E sobre as néboas do Hatheg-Kla, os deuses da Terra ás veces danzan en recordo do pasado, pois saben que alí están seguros, e adoran vir alí desde a descoñecida Kadath a bordo das súas naves de nubes e brincar como o facían antano, como o facían cando a Terra era nova e os humanos non adoitaban rubir a lugares inalcanzábeis.



HYPNOS

[O conto *Hypnos* escribiuse en marzo de 1922, e publicouse pola primeira vez no número de maio de 1923 da revista *National Amateur*.]

Sobre o soño, esa aventura sinistra de todas as nosas noites, poderíamos dicir que os homes se deitan diariamente cunha ousadía incomprensíbel, se non soubésemos que é por mor da ignorancia do perigo

— BAUDELAIRE

O xalá os deuses misericordiosos, se de verdade existen, protexan esas horas en que ningún poder da vontade, nin as drogas desenvolvidas polo enxeño do ser humano, poden manterme afastado do abismo do soño! A morte é misericordiosa, xa que dela non hai retorno, mais para quen volve das cámaras máis profundas da noite, extraviado e consciente, non volve haber paz. Fun un louco ao me mergullar con tan desatado frenesí en misterios que ninguén tentou penetrar e foi un tolo, ou un deus, este único amigo meu que me guiou e foi diante de min, e entrou á fin en terrores que poden chegar a ser os meus!

Lembro que nos coñecemos nunha estación de ferrocarril, onde era o centro de atención dunha multitude de vulgares curiosos. Estaba inconsciente, pois caera nunha especie de convulsión que deixara o seu corpo enxoiado e vestido de negro sumido nunha rixidez estraña. Acho que naquel tempo roldaba os corenta, xa que había profundas engurras no seu rostro pálido e demacrado, aínda que oval e fermoso. Tiña vetas grises no seu cabelo ondulado e mesto, e unha barba curta e larga que noutro tempo fora negra como unha á de corvo. Tiña a fronte branca como o mármore de Pentélico, e alta e larga case como a dun deus.

Díxenme a min mesmo, con todo o meu ardor de escultor, que este home era a efixie dun fauno sacada da antiga Hélade, desenterrada de entre as ruínas dun templo, e animada dalgún xeito na nosa abafante época, só para que sentise o frío e a tensión dos devastadores eóns. E cando abriu os ollos inmensos, afundidos, extraviados e negros, souben que sería o meu único amigo, o único amigo de quen xamais tivera amigos, porque me decatei de que aqueles ollos dexergaran de cheo a grandeza e o terror de rexións que estaban alén da conciencia normal e da realidade, rexións que eu amara na miña fantasía, aínda que procuraba en balde. Daquela apartei a multitude e díxenlle que debía vir á miña casa comigo e ser o meu mestre e o meu guía polos misterios insondáveis. E el asentiu sen proferir unha soa palabra. Logo decateime de que a súa voz era como música, unha música de graves cordas e de esferas de cristal. Falamos con frecuencia pola noite e durante o día, mentres eu esculpía bustos seus e tallaba en marfil miniaturas da súa cabeza para inmortalizar as súas diversas expresións.

É imposible falar das nosas conversas, xa que tiñan moi pouco que ver coas cousas do mundo que a humanidade coñece. Referíanse a ese universo inmenso e estarrecedor de brumosa entidade e conciencia que

está por baixo da materia, o tempo e o espazo, e cuxa existencia albiscamos tan só en determinados soños..., neses soños estraños que están á súa vez alén dos soños que xamais visitan a xente ordinaria, e tan só unha ou dúas veces na vida de quen posúe imaxinación. O cosmos da nosa conciencia nace dese universo como nace unha burbulla da pipa dun pallaso: tócao como pode tocar a burbulla a súa sardónica fonte ao ser reabsorbida polo caprichoso bromista. Os homes de ciencia sospeitan algo sobre ese mundo, mais ignóranlo case por completo. Os sabios interpretan os soños e os deuses rin. Un home de ollos amendoados dixo que todo tempo e espazo son relativos, e os homes riron. Pero mesmo ese home de ollos amendoados non chegou máis que a ter unha pequena sospeita. Eu quixera e tentara ir alén, e en canto ao meu amigo, tentárao e conseguírao parcialmente. Así que decidimos tentalo xuntos, e con drogas exóticas perseguimos soños terribes e prohibidos no estudio que eu tiña na torre do pazo da antiga Kent.

Entre as angustias dos días que seguiron está o maior dos suplicios: a inefabilidade. Xamais poderei explicar o que vin e coñecín durante esas horas de impía exploración, por falta de símbolos e capacidade de suxestión dos idiomas. Digo isto porque, de principio a fin, os nosos descubrimentos só tiñan que ver co mundo das sensacións, sensacións que nada tiñan que ver con ningunha das impresións que o sistema nervioso da humanidade normal é quen de recibir. Eran sensacións, mais dentro delas había elementos incríbeis de tempo e espazo, cousas que no fondo posúen unha existencia clara e definida. Os termos que mellor poden suxerir o carácter xeral das nosas experiencias son os de inmersiones ou ascensionas pois, en cada revelación, unha parte da nosa mente separábase de canto é real e presente, e precipitábase etérea en

arrepiantes, escuros e estarrecedores abismos, ultrapasando ás veces certos obstáculos definidos e característicos que só podería describir como viscosas e groseiras nubes de vapor.

Estes voos negros e incorpóreos realizabámoslos unhas veces en solitario e outras veces xuntos. Cando o faciamos xuntos, o meu amigo ía sempre moi por diante. Podía percibir a súa presenza a pesar da nosa carencia de forma por unha especie de memoria gráfica mediante a que se me representaba o seu rostro, dourado por unha estraña luz e dunha beleza estarrecedora, coas súas fazulas excepcionalmente xuvenís, os seus ollos ardentes, a súa fronte olímpica, o seu cabelo escuro e a súa barba medrada.

Non tiñamos constancia do paso do tempo, porque o tempo se convertera para nós nunha simple ilusión. Só sei que había en todo iso algo moi singular, dado que finalmente comprobamos marabillados que non avellentabamos. As nosas conversas eran impías e sempre ambiciosas até o límite: ningún deus nin demo podía aspirar a descubertas e conquistas como as que nós planeabamos en voz baixa. Arreguízome ao falar delas e non son quen de as detallar, aínda que si quero dicir aquí que o meu amigo escribiu sobre o papel un desexo que non se atreveu a formular con palabras. Despois fíxome queimar o papel e asomouse asustado á xanela para observar o ceo da noite. Pero quero indicar, só indicar, que os seus proxectos implicaban o goberno do universo e moito máis, proxectos nos que a Terra e as estrelas se moverían ao seu antollo, e serían seus os destinos de todos os seres viventes. Afirmo... xuro... que eu non compartín aspiracións tan extremas. Calquera cousa que diga ou escriba o meu amigo en sentido contrario debe ser considerado un erro, pois non son un home tan forte

como para exporme ás inefábeis esferas, xa que sería o único medio de o conseguir.

Houbo unha noite en que os ventos dos espazos descoñecidos nos fixeron virar de forma imposible de resistir cara aos baleiros ilimitados que se abren alén de todo pensamento e entidade. Sobre nós precipitáronse miles de percepcións inexpresábeis até a loucura, percepcións de infinidade que naquel momento nos fixeron arreguizarnos de pracer e cuxo recordo perdín parcialmente, e parcialmente son incapaz de transmitir aos demais. Esgazamos obstáculos viscosos ao traspasalos un tras outro e, finalmente, sentín que alcanzamos as rexións máis afastadas de cantas visitamos anteriormente.

O meu amigo levábame unha inmensa vantaxe cando nos precipitamos nese océano pavoroso de éter virxe, e puideron ver a sinistra exultación do seu novo, flotante e luminoso rostro. De súpeto, o rostro perdeu consistencia, desapareceu, e moi pouco despois sentínme proxectado contra un obstáculo que non me foi posible penetrar. Era como os demais, pero moitísimo máis mesto. Semellaba unha masa húmida e pegañenta, se é que tales termos poden aplicarse a calidades análogas pertencentes a unha esfera non material.

Sentín que me detiña unha barreira que o meu amigo e guía lograra traspasar. Logo de novos esforzos, cheguei ao final do soño da droga e abrín os meus ollos físicos para me atopar no estudio da torre, en cuxa esquina oposta descubrín deitada, aínda inconsciente, a figura do meu compañeiro de soño, pálida e insensatamente fermosa baixo a luz verde e dourada da lúa que bañaba as súas faccións marmóreas.

Logo, despois dun anaco, o seu corpo axitouse, e pido ao ceo que non me permita ver nin ouvir outra escena como a que se desenvolveu

diante de min. Non podo dicir como berraba, nin que visións de infernos inexplorados brillaron durante un segundo nos seus ollos negros, loucos de terror. Só sei dicir que me esvaecín e que non me recuperei até que el me sacudiu freneticamente para que alguén lle axudase a conxurar o horror e a desolación.

Esta foi a fin das nosas incursións voluntarias nas cavernas do soño. Estarrecido, trémulo, cheo de malos presaxios por cruzar a barreira, o meu amigo considerou aconsellábel que non penetrásemos nunca máis nesas rexións. Non se atreveu a contarme o que vira, pero dixo con bo xuízo que debiamos durmir o menos posíbel, aínda que necesitásemos tomar algunha droga para nos manter espertos. O terror inexpresábel en que me sumía cada vez que perdía a conciencia fíxome comprender moi axiña que tiña razón.

Despois de cada breve e inevitábel período de soño, sentíame máis vello, mentres que o meu amigo avellentaba cunha rapidez case abraiante. É espantoso ver case de xeito claro aparecer as engurras e volverse branco o cabelo. A nosa forma de vida alterouse agora case por completo. Polo que eu sabía, o meu amigo, cuxo nome e orixe xamais sairán dos meus beizos, colléralle un medo terríbel á soidade. Pola noite non quería estar só, nin sequera o tranquilizaba a compañía dunhas poucas persoas. Só atopaba alivio nas festas máis concorridas e ruidosas, de xeito que eran poucas as reunións de xente nova e alegre ás que nós non asistíamos.

O noso aspecto e idade parecían causar en moitas ocasións un ridículo que a min me ofendía profundamente, mais que el consideraba menos malo que a soidade. Especialmente, temía atoparse só fóra da casa cando lucían as estrelas e se non era posíbel evitalo, miraba furtivamente o ceo como se o perseguise algunha monstruosa entidade

do firmamento. Non sempre miraba na mesma dirección: segundo a época, vixiaba un punto distinto. Nas noites de primavera, miraba o nordés. Durante o verán, case verticalmente. No outono, cara ao noroeste. E no inverno, cara ao leste, especialmente nas primeiras horas da madrugada.

As noites de mediados de inverno eran as menos terríbeis para el. Só uns dous anos despois relacionei os seus temores con algo definido; mais daquela comecei a observar que miraba cara a un punto especial da bóveda celeste, cuxa posición nas diferentes épocas correspondía á dirección da súa mirada, un punto que se correspondía aproximadamente coa constelación Corona Borealis.

Agora tiñamos un estudio en Londres e non nos separabamos nunca. Falabamos constantemente dos tempos en que tratábamos de sondar os misterios do mundo irreal. As drogas, as disipacións e o esgotamento nervioso avellentáranos e debilitáranos, e a barba e o cabelo cada vez máis escaso do meu amigo volvéronse completamente brancos. A nosa capacidade para evitar un soño prolongado era sorprendente, xa que de cando en cando sucumbiamos máis dunha hora ou dúas a esa escuridade que agora se convertera nunha ameaza estarrecedora.

Daquela chegou un mes de xaneiro cargado de néboa e de chuvia en que iamos curtos de diñeiro e nos resultaba difícil mercar drogas. Venderamos todas as nosas estatuas e bustos de marfil, e non tiñamos recursos para adquirir material novo, nin forzas para modelar o que nos quedaba. Sufriamos terriblemente e, certa noite, o meu amigo caeu nun soño profundo do que non conseguín espertalo. Aínda lembro a escena: o estudio, nunha bufarda escura e abatida, baixo o beirado fustrigado pola chuvia, os golpes compasados do noso reloxo de parede, o latexo

imaxinado dos nosos reloxos, enriba do toucador, o vaivén dunha contra nalgún lugar remoto da casa, o rumor afastado da cidade amortecido pola néboa e o espazo e, o peor de todo, a profunda, tranquila e sinistra respiración do meu amigo deitado na liteira: unha respiración rítmica que parecía medir os momentos de medo e de angustia preternaturais do seu espírito, mentres vagaba polas esferas prohibidas, infinita e pavorosamente remotas.

A tensión da miña vixilancia volveuse opresiva e unha sucesión de impresións e asociacións arremuiñáronse na miña mente case exasperada. Ouvín que un reloxo, non os nosos, xa que non eran de campá, daba a hora en algures, e a miña morbosa imaxinación atopou nisto un novo punto de partida para divagacións ociosas. Reloxos-tempo-espazo-infinito. Despois a miña imaxinación volveu ao local, mentres pensaba que aínda agora, máis aló do tellado e a néboa e a chuvia e a atmosfera, Corona Borealis elevábase polo nordés. Corona Borealis, á que o meu amigo parecía temer, e cuxo semicírculo de estrelas tremelucientes resplandecía sen dúbida a través de infinitos abismos de éter. De súpeto, os meus ouvidos febrilmente sensíbeis pareceron captar algo completamente distinto na nova amálgama de ruídos ampliados pola droga: foi un queixume rouco, moi afastado, detestabelmente insistente, que clamaba, se burlaba e chamaba desde o nordés.

Pero non foi este queixume o que me privou das miñas facultades e me gravou na alma un selo de terror do que quizais non chegue a librarme xamais; non foi aquilo o que me fixo berrar e me produciu as convulsións que fixeron que os veciños e a policía derrubasen a porta. Non foi o que ouvín, senón o que vin. Porque nese cuarto escuro de cortinas corridas e contras fechadas apareceu, desde o escuro recuncho

nordés, un feixe de horríbel luz vermella e dourada, un feixe que non difundiu resplandor ningún entre as sombras, senón que iluminou tan só a cabeza recostada do inquieto dormente, extraendo en espantoso duplicado o rostro, luminoso e estrañamente novo, tal como eu o percibira nos soños de espazo abismal e tempo desencadeado, ao traspasar o meu amigo a barreira e penetrar nas cavernas máis secretas, profundas e prohibidas do pesadelo.

E mentres o observaba, vin como erguía a cabeza, cos seus ollos negros, líquidos, afundidos e cheos de terror, e como abría os beizos finos e escuros como se fose proferir un berro desesperado.

Aquel rostro espantoso e flexíbel, brillando sen corpo, luminoso e rexuvenecido na negrura, reflectiu un terror máis puro, sufocante e enlouquecedor que nada de canto vira xamais no ceo e na terra.

Non soou unha palabra no medio daquel rumor distante que se achegaba máis e máis, pero cando seguín a mirada frenética do rostro ao longo do detestábel feixe de luz cara á súa fonte, da que tamén procedía o queixume, vin algo moi breve e, cun zunido nos ouvidos, caín no ataque de epilepsia e ouveos que atraeu os inquilinos e a policía. Xamais souben explicar, por moito que o tentei, que foi realmente o que vin, nin puido explicalo tampouco aquel rostro inmóbil, porque aínda que debeu de ver bastantes máis cousas ca min, xamais volverá falar. Mais estarei sempre en garda contra o insaciábel e burlesco Hypnos, Señor do Soño, contra o ceo nocturno, e contra as loucas ambicións do saber e a filosofía.

Non se sabe exactamente o que aconteceu, pois non só a miña mente, desequilibrada polo ser horrendo e estraño, senón tamén outras, ficaron contaxiadas por un esquecemento que non pode significar outra cousa que a tolemia. Din, non sei por que, que eu nunca tiveren ningún

amigo, e que a arte, a filosofía e a tolemia encheron sempre a miña trágica existencia. Os inquilinos e a policía tranquilizáronme esa noite e o doutor administroume algo para que acougase. Porén, ninguén se decatou do acontecemento de pesadelo que tivera lugar. Non lles inspirou ningunha compaixón o meu amigo fulminado. O que atoparon no leito do estudio fixo que me gabasen dun xeito que me produciu náuseas, e que agora me fai gozar dunha sona que desprezo desesperadamente, mentres sigo aquí, sentado horas e horas, calvo, coa barba gris, consumido, parálítico, enlouquecido polas drogas, quebrantado e en perenne adoración do obxecto que descubriron.

Sosteenen que non vendín a última das miñas estatuas e sinalan extasiados o que o resplandecente feixe de luz arrefriou, petrificou e fixo enmudecer. Iso é todo o que queda do meu amigo, do amigo que me conduciu á tolemia e a ruína: unha cabeza divina, dun mármore como só a vella Hélade puido producir, e nova, cunha mocidade que foxe do tempo, e un rostro fermoso e barbado, oval, de beizos riseiros, fronte olímpica, mestos guechos ondulados e coroado de papoulas. Din que ese obsesivo rostro está modelado a imaxe do meu propio, tal e como era eu aos vinte e cinco anos. Na base de mármore aparece esculpido un sinxelo nome en caracteres áticos: HYPNOS



O QUE TRAE A LÚA

[O conto *What the Moon Brings* escribiuse o 5 de xuño de 1922, e publicouse pola primeira vez no número de maio de 1923 da revista *National Amateur*.]

O dio a lúa, téñolle medo, xa que cando ilumina certos lugares coñecidos e amados ás veces tórnaos en descoñecidos e aborrecíbeis.

Foi no espectral verán cando a lúa se deixou ver sobre o vello xardín no que eu vagaba. No espectral verán onde as embriagadoras flores e os húmidos mantos de follas traen soños imposíbeis e multicolores. E mentres camiñaba a carón dun regato cristalino e pouco fondo vin unhas ondulacións estrañas iluminadas pola luz amarelada, como se aquelas augas tranquilas estivesen a ser arrastradas por unha corrente irresistible cara a uns océanos estraños que non son deste mundo. Silenciosas e escintilantes, brillantes e funestas, estas augas maldicidas pola lúa apuraban o seu curso cara a non sei onde, mentres que os apertados bancais de lotos brancos ondeaban baixo o narcótico vento nocturno e caían desesperadamente no regato, afastándose dun

xeito terríbel baixo as arcadas labradas da ponte e ollando atrás coa sinistra resignación dos rostros calmos e mortos.

E mentres corría a carón da corrente, esmagando as flores adormecidas cos pés descoidados, enlouquecido polo medo ao descoñecido e o engado dos rostros mortos, observei que o xardín era ilimitado baixo o luar, xa que no lugar onde se achaban os muros durante o día, agora só se estendían novas visións de árbores e sendas, de flores e matogueiras, de ídolos de pedra e pagodes, e máis curvas do regato iluminado de amarelo que atravesaba ribeiras herbosas e corría baixo grotescas pontes de mármore. E os beizos dos rostros mortos do loto murmuraban tristes e convidábanme a os seguir, e eu non detiven o paso até que o regato se transformou nun río e logo se xuntou, entre unhas brañas de xuncos ondeantes e unhas praias de area refulxente, coa ribeira dun mar vasto e sen nome.

A odiosa lúa amosouse sobre aquel mar e uns estraños perfumes flotaban sobre as súas ondas mudas. E mentres vía como se esvaecían os rostros de loto, pensei en que redes poderían tiralos do mar para aprender deles os segredos que a lúa trouxera na noite. Mais cando o astro avanzou cara ao oeste e a marea inmóbil comezou a baixar na costa amortuxada, dexerguei a luz daquelas vellas torres que as ondas case deixaran ao descuberto e as columnas brancas engalanadas con coroas de algas verdes. E como souben que este lugar afundido estaba completamente morto, tremín e non desexei máis falar cos rostros de loto.

Mais cando albisquei ao lonxe un cóndor negro descender desde o ceo para procurar descanso nun vasto arrecife, sentín desexos de o interrogar e de lle preguntar sobre aqueles que eu coñecera cando estaban vivos. Isto lle preguntaría de non estar tan lonxe, mais a aquela

distancia nin sequera o podía ver unha vez que se aproximou ao xigantesco arrecife.

Daquela, observei como a marea devalaba baixo aquela lúa que se afundía e ollei os brillantes pináculos, as torres e os tellados da cidade morta e mollada. E mentres o facía, tentei bloquear o olfacto contra o fedor crecente da morte do mundo; xa que, en verdade, naquel lugar perdido e esquecido reuníranse todas as entrañas dos camposantos para festín dos inchados vermes mariños.

A lúa brillaba xa moi baixa sobre estes horrores, mais os avultados vermes do mar non precisan da súa luz para se alimentar. E mentres observaba os remuíños que delataban os vermes que se retorcían baixo a superficie, sentín un novo arrepío desde o lugar onde voara o cóndor, como se a miña carne sentise o terror antes de o veren os meus ollos.

E non tremera sen motivo, xa que cando erguín a vista puíden ver que a marea devalara moito e agora amosaba unha boa parte do arrecife do que antes só vira o bordo. E cando vin que o arrecife non era outra cousa que a coroa basáltica dunha icona estarrecedora, cuxa fronte monstruosa agora se amosaba baixo o esvaído luar e cuxas perversas poutas debían pisar o aborrecíbel fondo lamacento a quilómetros de profundidade, berrei e berrei mentres o rostro oculto se erguía sobre a auga e mentres os ollos agochados me ollaban despois de que aquela lúa amarelada e traizoeira se agochase.

E para fuxir daquel ser implacábel interneime feliz e decidido naqueles baixíos fétidos onde, entre muros cubertos de algas e rúas afundidas, os vermes mariños se ceban sobre a morte do mundo.



A E STRAÑA CASA ALTA NA NÉBOA

[O conto *The Strange High House in the Mist* escribiuse o 9 de novembro de 1926 e publicouse pola primeira vez no número de outubro de 1931 da revista *Weird Tales*.]

Pola mañá, a néboa sobe do mar polos cantís que hai máis alá de Kingsport. Sobe, branca e mesta, ao encontro das súas irmás as nubes, cargadas de soños de pastos húmidos e cavernas de leviatáns. E máis tarde, en tranquilas chuvias estivais que mollan os empinados tellados dos poetas, as nubes esparexen eses soños para que a xente non viva sen o murmurio dos vellos e estraños segredos e das marabillas que os planetas contan os uns aos outros durante a noite. Cando os relatos acoden ás grutas dos tritóns e os caramuxos das cidades invadidas polas algas, emiten aires insensatos aprendidos dos Deuses Anteriores. Daquela, as grandes brumas ansiosas vólvense mestas no ceo cargado de saber, e os ollos que dexergan o océano desde o alto das rochas só ven unha brancura mística, como se o bordo do cantil fose o límite de toda a terra, e as campás solemnes tanxesen libremente no éter irreal.

No entanto, ao norte da antiga Kingsport, as rochas elévanse arrogantes, altas e curiosas, socalco tras socalco, até que a máis setentrional de todas se debuxa no ceo como unha nube gris e xeada polo vento. Unha punta solitaria sobresae no espazo ilimitado, pois a liña da costa vira bruscamente onde desemboca o gran Miskatonic, logo de deixar atrás Arkham, arrastrando lendas dos bosques e lembranzas estrañas dos outeiros de Nova Inglaterra. A xente mariñeira de Kingsport olla ese cantil como outros o fan coa Estrela Polar e contan as gardas da noite segundo este oculte ou permita ver a Osa Maior, Casiopea e o Dragón. Para eles forma parte do firmamento e, en verdade, tamén desaparece cando a néboa agocha as estrelas ou o sol. Senten agarimo por algúns cantís, como ese ao que chaman o Pai Neptuno polo seu grotesco perfil, ou esoutro de banzos xigantescos ao que chaman a Calzada. Porén, este último prodúcelles temor porque está moi próximo ao ceo. Os mariñeiros portugueses que chegan de viaxe persígnanse ao velo e os vellos ianquis cren que escalalo, en caso de ser posíbel, sería un asunto moito máis grave que a morte. Existe unha casa antiga nese cantil, e pola noite vense luces nas súas xanelas de cristais pequenos.

Esa casa está alí desde sempre e a xente di que nela vive un que fala cos neboeiros da mañá que soben do mar e que quizais olla cousas estrañas no océano cando o bordo do cantil se converte no confín da terra e as graves campás tanxen libremente no albo éter do irreal. Iso din que ouviron contar, pois xamais visitaron ese cantil prohibido, nin gustan de dirixir cara a alí os seus anteollos. Os turistas examinárona cos seus anteollos descarados, pero non viron outra cousa que un tellado antiquísimo e picudo, cuxos beirados chegan case até os alicerces grises, e a luz amarelada das súas pequenas xanelas, cando

asoma por baixo deses beirados ao escurecer. Estes visitantes estivais non cren que o habitante da casa estea nela desde hai séculos, pero non poden probar semellante herexía a ningún auténtico veciño de Kingsport. Mesmo o Ancián Terríbel, que fala con péndulos de chumbo encerrados en botellas, merca comida con vello ouro español e garda ídolos de pedra no patio da súa casa antediluviana de Water Street, non pode senón dicir que xa vivía alí cando o seu avó era neno, o que debeu acontecer hai unha chea de anos, cando o gobernador da provincia de Massachusetts Bay ao servizo da súa maxestade era Belcher ou Shirley ou Pownall ou Bernard.

Logo, no verán, chegou a Kingsport un filósofo. Chamábase Thomas Olney e daba unhas aburridas palestras nunha facultade próxima a Narragansett. Chegou cunha esposa robusta e uns fillos rebuldeiros, e tamén cuns ollos cansos de ver as mesmas cousas durante moitos anos e de pensar os mesmos pensamentos disciplinados. Ollou para as brumas desde o diadema do Pai Neptuno e tratou de penetrar no mundo branco e misterioso polos titánicos chanzos da Calzada. Unha mañá tras outra subía a deitarse nos cantís e dexergar, desde o bordo do mundo, o misterioso éter que se estendía alén, escoitando as campás espectrais e os berros insensatos do que quizais fosen gaivotas. Logo, cando levantaba a néboa e o mar recuperaba o seu ar prosaico co fume dos barcos, suspiraba e baixaba á vila, onde lle encantaba percorrer as calellas estreitas e antigas que subían e baixaban polo outeiro e estudar as ruinosas bufardas e os portais de alicerces estraños que acubillaran tantas xeracións de mariñeiros robustos. Mesmo falou co Ancián Terríbel, a quen desagradaban os forasteiros, e este convidouno á súa casa temíbel, cuxos teitos baixos de madeira escoitan os ecos de

inquietantes soliloquios na escuridade das primeiras horas da madrugada.

Naturalmente, foi inevitábel que Olney reparase na casa solitaria e gris do ceo, situada no alto daquel sinistro cantil e que formaba un conxunto coas brumas e o ceo. Sempre se alzara sobre Kingsport e sempre correu o rumor do seu misterio polas calellas tortuosas da vila. O Ancián Terríbel contoulle, entre arquexos, unha historia que ouvira do seu pai sobre un raio que xurdiu unha noite daquela casa picuda, e que se perdeu nas capas máis altas do ceo. E a avoa Orme, cuxa minúscula casa de Ship Street ten o tellado holandés todo cuberto de brión e de hedra, relatoulle con voz aguda algo que a súa avoa ouvira contar sobre unhas sombras voadoras que saían das néboas orientais e que se dirixían á única porta desa morada imposíbel de alcanzar, que se abre ao bordo mesmo do cantil que descende até o océano e só pode verse desde os barcos que cruzan polo mar.

Finalmente, ansioso de experiencias novas e estrañas, e sen que o contivesen nin o temor dos veciños nin a indolencia dos turistas, Olney tomou unha decisión terríbel. Malia a súa formación conservadora, ou por mor dela, pois as vidas rutineiras albergan anhelos ansiosos do descoñecido, fixo o xuramento solemne de escalar aquel cantil setentrional e visitar a casa antiga e gris do ceo. Sen dúbida, o seu ser racional debeu de persuadilo de que os seus moradores entrarían pola parte de terra, a través dalgunha crista accesíbel próxima ao estuario do Miskatonic. Probabelmente baixaban a comerciar a Arkham, conscientes do pouco que lles gustaba a casa aos de Kingsport, ou se cadra eran incapaces de descender pola parte do cantil que daba a Kingsport. Olney percorreu as rochas máis accesíbeis, até o pé do gran precipicio que subía unirse insolente co ceo, e comprobou que ningún

ser humano sería quen de o escalar nin de descender pola aba meridional. Ao leste e ao norte elevábase perpendicularmente tamén, desde a auga até unha altura de centos de metros, polo que só quedaba a cara norte, que miraba a terra e a Arkham.

Unha mañá de agosto, Olney saíu na procura dalgún carreiro que subise até o inaccesíbel pináculo. Marchou cara ao noroeste por agradábeis camiños secundarios, pasou pola charca de Hooper e a vella polvoreira de tixolo gris, até chegar ao lugar onde os pasteiros coroan a crista que asoma sobre o Miskatonic e contemplan un fermoso panorama de brancos campanarios xeorxianos de Arkham que se erguen quilómetros máis aló, alén do río e dos prados. Aquí atopou un camiño difuso que se dirixía a Arkham, aínda que non viu ningún no lado do mar, como desexaba. Os bosques e os prados apertábanse na ribeira alta da desembocadura do río, onde non se vía signo ningún de presenza humana, nin sequera un valado de pedra nin unha vaca extraviada, senón só herba alta, árbores xigantescas e madeixas de silveiras que quizais viran os primeiros indios. A medida que subía lentamente polo leste, cada vez máis alto, por encima do estuario que quedaba á esquerda, e cada vez máis preto do mar, o camiño íase facendo máis difícil, até que se preguntou como se apañarían os moradores daquel desagradábel lugar para chegar ao mundo exterior, e se baixarían a miúdo ao mercado de Arkham.

Logo as árbores foron rareando e a man dereita, moi por baixo, viu os afastados outeiros e os antigos tellados e campanarios de Kingsport. Mesmo Central Hill semellaba unha elevación anana desde esta altura e apenas se distinguía o antigo cemiterio, situado a carón do hospital da congregación, baixo o cal se dicía que había terríbeis cavernas ou pasadizos. Ante si tiña unha extensión de herba rara e matas de arandos,

máis aló estaba a rocha pelada do cantil e o delgado pico onde se empolicaba a temíbel casa gris. A crista estreitouse e Olney sentiu vertixe na soidade do ceo, co espantoso precipicio ao sur, por riba de Kingsport, e a caída vertical de máis dun quilómetro até a desembocadura do río, ao norte. De súpeto descubriu unha gabia duns dous metros de profundidade, de xeito que tivo que colgarse das mans no seu interior, deixarse caer polo fondo inclinado e despois arrastrarse perigosamente, pendente arriba, cara a un desfiladeiro natural que había na parede oposta. Este debía ser, daquela, o camiño que os habitantes da inusitada casa percorrían entre a terra e o ceo!

Cando saíu da gabia estaba a formarse unha bruma matinal, pero viu claramente a casa impía e orgullosa alá adiante. As súas paredes eran grises como a rocha e o elevado tellado que se alzaba ousado contra a brancura leitosa dos vapores mariños. E descubriu que non había porta na fachada que mirase cara á terra, senón só un par de xanelas miúdas, sucias e enreixadas, de cristais redondos, segundo a moda do século XVIII. Arredor non había máis nada que nubes e caos, e non se distinguía nada por baixo da brancura do espazo ilimitado. Achábase só no ceo con esta casa estraña e inquietante. Ao rodeala con precaución, en dirección á parte dianteira, e ver que non se podía chegar á porta agás polo éter baleiro, sentiu un claro terror que a altura non acababa de explicar de todo. E era ben raro que aínda existisen táboas roídas que formaban o tellado e que os tixolos vellos formasen aínda a cheminea.

Cando espesou a néboa, Olney reptou dunha xanela a outra, polas fachadas norte, oeste e sur, tentando abrilas, mais todas estaban fechadas. Sentiuse vagamente aliviado ao comprobalo, porque canto máis ollaba para a casa, menos desexos tiña de entrar. Daquela un ruído fixo que se detivese. Ouviu un chío de fechadura, o ruído dun ferrollo

ao descorrerse e un laio longo, como se abrisen lentamente unha porta pesada. Soou na parte que daba ao océano, a que el non podía ver, onde a estreita porta se abría ao baleiro, no ceo brumoso, a centos de metros por riba das ondas.



A continuación soaron unhas pisadas graves e pausadas no interior da casa, e Olney ouviu que se abrían as xanelas; primeiro as que daban ao norte, que era o lado oposto a onde se achaba el agora; despois, as do oeste, á volta da esquina; logo abrían as do sur, baixo os grandes beirados, xusto ao seu carón. Hai que dicir que se sentía máis que incómodo, pensando que tiña a detestábel casa a un lado e ao outro o baleiro. Cando lle chegou o ruído das xanelas máis próximas, desprazouse outra vez cara á fachada de poñente, esmagándose contra o muro, xunto ás xanelas que agora estaban abertas. Era evidente que o propietario acababa de chegar, mais non o fixera por terra, nin en globo, nin en ningunha aeronave imaxinábel. Volveron soar pasos e Olney reptou cara ao norte, mais antes de conseguir ocultarse unha voz chamou por el suavemente e comprendeu que debía enfrontarse co seu anfitrión.

Asomado á xanela oeste viu un rostro cunha gran barba negra e uns ollos fosforescentes que reflectían a pegada de visións inauditas. Porén, a súa voz era afábel e tiña unha calidade estrañamente antiga, de xeito que Olney non tivo ningún medo cando unha man morena o axudou a subir o peitoril e a saltar ao interior da baixa estancia revestida de carballo escuro e con mobiliario estilo Tudor. Ao home, que vestía roupas antigas, envolvíao un halo indefiníbel de sabedoría mariñeira e ilusións sobre altos galeóns. Olney non lembra moitos dos prodixios

que lle contou, tampouco quen era; mais dixo que era estraño e afábel, e que posuía a maxia dos baleiros insondábeis do espazo e o tempo. O pequeno cuarto parecía verde por mor da luz acuosa que o iluminaba e Olney viu que as xanelas distantes que daban ao leste non estaban abertas, senón fechadas ao brumoso éter con cristais grosos como fondos de botellas vellas.

O barbudo anfitrión semellaba bastante novo, aínda que miraba con ollos enchoupados en misterios antigos e, polos relatos de feitos afastados e prodixiosos que contaba, podía deducir que os paisanos da vila tiñan razón cando dicían que comungaba coas brumas do mar e as nubes do ceo antes de que houbera unha vila que contemplase a súa taciturna mirada desde a chaira de abaixo. Transcorreu o día e Olney seguía escoitando o rumor dos vellos tempos e lugares. Ouvia como os reis de Atlantis loitaron contra blasfemias viscosas que saían retorcéndose das fendas do fondo do océano, e como os barcos extraviados podían ver a media noite o templo de Poseidón adornado con columnas e algas, e como comprendían ao velo que se extraviaran para sempre. O anfitrión rememorou os tempos dos titáns, mais amosouse reservado ao falar da era escura e primeira, do caos que precedeu os deuses e mesmo o nacemento dos Anteriores, cando os Deuses Outros ían danzar á cima do Hatheg-Kla, situado no deserto pedregoso próximo a Ulthar, alén do río Skai.

Ao chegar a este punto chamaron á porta, a aquela antiga porta de carballo chatolada de cravos fronte á cal só existía un abismo de nube branca. Olney ergueu a vista con temor, mais o home barbudo fíxolle un aceno para que permanecese en silencio, acudiu á porta na punta dos pés e asomouse por unha mira moi pequena. Non lle agradou o que viu, levou un dedo á boca e correu con sixilo a fechar as xanelas antes de

regresar á súa antiga butaca xunto ao seu invitado. Daquela Olney viu recortarse contra os rectángulos translúcidos de cada unha das pequenas xanelas, conforme o visitante daba volta arredor da casa antes de marchar, unha silueta negra e estraña, e sentiuse contento de que o seu anfitrión non contestase esas chamadas, porque hai seres estraños no grande abismo e o buscador de soños debe ter coidado de non espertar nin atopar os que non lle conveñen.

Despois comezaron a se congregaren as sombras: primeiro, unhas pequenas e furtivas, baixo a mesa; logo, as máis atrevidas, polos recunchos recubertos de madeira. O home barbudo fixo xestos enigmáticos e acendeu altas candeas fincadas en extravagantes candelabros de latón. De cando en vez ollaba para a porta como se agardase por alguén. Finalmente, uns golpiños singulares pareceron contestar a súa mirada, sen dúbida reproducindo algún código secreto e antigo. Desta volta nin sequera asomou pola mira, senón que tirou o gran barrote de carballo e descorreu o ferrollo, abrindo a pesada porta de pau a pau ás estrelas e á néboa.

E daquela, ao compás de escuras notas, entraron aboiando na estancia todos os soños e recordos dos Deuses Poderosos da Terra e unhas chamas douradas xogaron con cabeleiras de algas, e Olney rendeulles unha cega homenaxe. Alí estaba Neptuno co seu tridente e os rebuldeiros tritóns e as fantásticas nereidas, e a lombos duns golpiños ía unha enorme cuncha dentada na que viaxaba a figura pavorosa e gris de Nodens, Señor do Grande Abismo. E as caramuxas dos tritóns emitían espectrais brúidos e as nereidas producían estraños rúidos batendo grotescas cunchas de descoñecidos moradores das negras cavernas mariñas. A continuación, o venerábel Nodens tendeu unha man engurrada e axudou a Olney e o seu anfitrión a subir á súa cuncha

xigantesca, á vez que as cunchas e os gongs prorrompían nun tremendo e espantoso clamor. O fabuloso cortexo saíu ao éter ilimitado e os berros e o estrépito perdéronse nos ecos dos tronos.

Os paisanos de Kingsport pasaron toda a noite ollando para o altísimo cantil, cando a tormenta e as brumas abrían de cando en vez. E cando contra as primeiras horas da madrugada nas xanelas se apagaron as febles luces, falaron en voz baixa de temores e desastres. E os fillos e mais a robusta muller de Olney pregaron ao deus amábel dos anabaptistas e confiaron en que o viaxeiro pedise emprestados paraugas e chancos, se a chuvia non paraba. Logo xurdiu pingón o amencer envolvido en brumas mariñas, e as campás tanxeron solemnes nos vórtices do branco éter. E ao mediodía, os corpos máxicos duns trasnos soaron por riba do océano mentres Olney descendía dos cantís á antiga Kingsport, seco, cos pés liviáns e unha expresión ausente nos ollos. Non puido lembrar que soñara na morada do anónimo eremita, empolicada no ceo, nin explicar como baixara por aquel cantil que non puideran percorrer outros pés...

Tampouco foi quen de falar con ninguén daquelas cousas agás co Ancián Terríbel, que despois murmurou estrañas palabras á súa longa e branca barba, e xurou que o home que descendera daquela cantil non era o mesmo que subira e que nalgún lugar, baixo aquel tellado gris e picudo, ou no medio daquela sinistra néboa branca, ficara extraviado o espírito do que fora Thomas Olney.

E desde aquel momento, ao longo de lentos e escuros anos de monotonía e fastío, o filósofo traballa e come e dorme e cumpre sen queixa os seus deberes de cidadán. Xa non estraña a maxia dos outeiros afastados, nin suspira por segredos que asoman como verdes arrecifes nun mar insondábel. Xa non lle produce tristeza a monotonía dos seus

días e os seus disciplinados pensamentos resultan dabondo para a súa imaxinación. A súa boa esposa é máis forte cada vez e os seus fillos fanse maiores e máis prosaicos e prácticos. Mais el non deixa de sorrir con orgullo cando o momento o require. No seu ollar non hai un só fulgor de inquietude e, se algunha vez presta atención, tentando escoitar solemnes campás ou afastados cornos de trasnos, é só de noite, cando vagan libremente os soños antigos. Xamais volveu visitar Kingsport, porque á súa familia desagrádanlle as casas vellas e raras, e di que ten unha rede de sumidoiros moi mala. Agora teñen un precioso chalé nas terras altas de Bristol, onde non hai penas elevadas e os veciños son educados e modernos.

Mais en Kingsport corren rumores estraños e mesmo o Ancián Terríbel admite algo que o seu avó non contou. Porque agora, cando o vento sopra enrabechado desde o norte, azoutando a casa empolicada que se funde co firmamento, rompe á fin ese silencio sinistro e ominoso que sempre foi daniño para os campesiños de Kingsport. E os vellos falan de doces voces que ouven cantar aló arriba, e de risas cheas dunha alegría máis grande que a da Terra. E contan que á tardiña as pequenas xanelas se ven máis iluminadas que antes. Din tamén que a fera aurora chega máis a miúdo ao lugar, vestindo o norte de azul brillante con visións de mundos xeados, mentres o cantil e a casa se recortan negros e fantásticos contra os singulares resplandores. E din tamén que as brumas do amencer son máis espesas e que os mariñeiros non están tan seguros de que todos os tanxidos que soan amortecidos no mar se deban a campás solemnes.

O peor, así e todo, é que secaron os vellos medos nos corazóns dos mozos de Kingsport, máis inclinados cada vez a escoitar pola noite os rumores distantes que lles trae o vento do norte. Xuran que nesa casa

elevada non pode habitar ningunha dor, xa que as voces novas levan alegría e, con ela, un tintinar de risas e música. Non saben que relatos poden traer as brumas mariñas a ese pináculo encantado do norte, mais ansían coñecer algún dos prodixios que chaman á porta que dá ao baleiro, cando as luces aumentan de espesura. Os maiores temen que algún día suban a ese pico inaccesíbel e pescuden os segredos seculares que se ocultan baixo o tellado picudo que forma parte das rochas, as estrelas e os antigos temores de Kingsport. Están convencidos de que eses mozos atrevidos poderán volver, mais pensan que quizais se apague algunha luz nos seus ollos e algún desexo nos seus corazóns. E non desexan que un Kingsport estraño, coas súas retortas calellas e as súas antigas bufardas, contemple indiferente o paso dos anos, mentres medra o coro de risas, unha voz tras outra, e se faga máis forte e desenfreado nese descoñecido e terríbel niño de aguias onde as brumas e os soños das brumas demoran no seu traxecto do mar aos ceos.

Non queren que as almas dos seus mozos abandonen os plácidos fogares e as tabernas de tellado holandés da vella Kingsport, nin desexan que soen con forza as risas e cancións do elevado e rochoso lugar. Porque do mesmo xeito que a voz que acababa de chegar trouxera novas brumas do mar e novas luces do norte, así, din, outras voces traerán máis brumas e luces, até que talvez os deuses de antano —cuxa existencia insinúan só en murmurios por temor a que os ouza o sacerdote da congregación— saian de abaixo, abandonen a descoñecida Kadath do deserto frío e veñan morar nese cantil perversamente apropiado, tan próximo aos suaves outeiros e vales das sinxelas e apracíbeis xentes mariñeiras. Non queren que isto aconteza, pois a xente sinxela non recibe ben as cousas que non son deste mundo. E ademais, o Ancián Terríbel lembra a miúdo o que Olney contou sobre a

chamada que o morador solitario temía e a forma negra e inquisitiva que ambos os dous viron recortarse na bruma, a través desas estrañas xanelas translúcidas en forma de ollo de boi.

Porén, só os Deuses Anteriores poden decidir sobre estas cousas. Namentres, as brumas matinais soben por ese pico vertixinoso e solitario da antiga casa picuda, esa casa gris de beirados baixos na que non se ve ninguén, mais á que a noite trae luces fuxidías mentres o vento do norte fala de festas estrañas. Soben desde as profundidades, brancas e mestas, a se reunir coas súas irmás as nubes, cheas de ilusións sobre pastos húmidos e cavernas de leviatáns. E cando os contos voan densos nas grutas dos tritóns e as caramuxas das cidades cubertas de algas ouvean sons salvaxes aprendidos dos Deuses Anteriores, entón os grandes vapores das brumas soben ansiosos en multitude cara ao ceo cargado de saber. E Kingsport, refuxiándose inquieta nos cantís menores, baixo a vaporosa sentinela da rocha, ve só, no océano, unha mística brancura, como se o bordo do cantil fose o confín da terra e as solemnes campás tanxesen libremente no éter irreal.



A CHAVE DE PRATA

[O conto *The Silver Key* escribiuse en 1926 e publicouse pola primeira vez no número de xaneiro de 1929 da revista *Weird Tales*.]

C ando Randolph Carter fixo os trinta anos, perdeu a chave da porta dos soños. Antes compaxinara a monotonía da vida cotiá con excursións nocturnas a estrañas e antigas cidades situadas alén do espazo e a fermosas e incríbeis rexións dunhas terras ás que se chega cruzando mares etéreos. Mais cando alcanzou a madurez sentiu que ía perdendo aos poucos esta capacidade de evasión, até que acabou por desaparecer por completo. Xa non puideron facerse ao mar as súas galeras para remontar o río Oukranos até máis aló dos dourados minaretos de Thran, nin vagar as súas caravanas de elefantes a través das fragrantas selvas de Kled, onde dormen baixo a lúa, fermosos e inalterábeis, uns palacios de listadas columnas de marfil. Lera moito sobre a realidade tanxíbel e falara con demasiada xente.

Os filósofos, coa súa mellor intención, ensináranlle a mirar as cousas nas súas mutuas relacións lóxicas e a analizar os procesos que orixinaban os seus pensamentos e os seus desvaríos. Desaparecera o

encanto e esquecera que toda a vida non é outra cousa que un conxunto de imaxes existentes no noso cerebro, sen que se dea diferenza ningunha entre as que nacen do real e as procreadas por soños que só teñen lugar na intimidade, nin ningún motivo para considerar unhas por riba das outras. O costume enchéralle os ouvidos cun respecto supersticioso por todo o que é tanxíbel e existe fisicamente. Os sabios dixéranlle que as súas inxenuas figuracións eran insulsas e puerís, e máis absurdas aínda, posto que os soñadores empéñanse en consideralas cheas de sentido e intención, mentres o cego universo vai dando voltas sen obxectivo, do nada ás cousas e das cousas ao nada outra vez, sen se preocupar nin interesarse pola existencia nin polas súplicas duns espíritos fugaces que brillan e se consumen como unha faísca efémera na escuridade. Encadeárano ás cousas da realidade e logo explicáronlle o funcionamento desas mesmas cousas, até que todo misterio desapareceu do mundo.

Cando se lamentou e sentiu o desexo imperioso de fuxir ás rexións crepusculares onde a maxia moldeaba até os máis pequenos detalles da vida e convertía as súas meras asociacións mentais en paisaxe de abraiante e inextinguíbel delicia, canalizárono en cambio cara aos últimos prodixios da ciencia, convidándoo a descubrir o marabilloso nos vórtices do átomo e o misterio nas dimensións do ceo. E cando fracasou e non atopou o que buscaba nun terreo onde todo era coñecido e susceptíbel de medida segundo leis concretas, dixéronlle que lle faltaba imaxinación e que non estaba maduro aínda, xa que prefería a ilusión dos soños ao mundo da nosa creación física. Deste xeito Carter tentara facer o que os demais, e esforzárase por convencerse de que os acontecementos e as emocións da vida ordinaria eran máis importantes que as fantasías dos espíritos máis exquisitos e delicados. Admitiu,

cando llo dixeron, que a dor animal dun porco mallado ou dun labrador dispéptico da vida real é máis importante que a incomparábel beleza de Narath, a cidade das cen portas talladas, coas súas cúpulas de calcedonia, que el lembraba confusamente dos seus soños. E baixo a dirección de tan sabios cabaleiros fomentou laboriosamente o seu sentido da compaixón e da traxedia. De cando en vez, no entanto, resultáballe inevitábel considerar o triviais, veleidosas e carentes de sentido eran todas as aspiracións humanas e o contraditoriamente que contrastaban os impulsos da nosa vida real cos pomposos ideais que aqueles dignos señores proclamaban defender. Outras veces miraba con ironía os principios cos cales lle ensinaron a combater a extravagancia e artificiosidade dos soños, porque el vía que a vida diaria do noso mundo é en todo igual de extravagante e artificiosa, e moitísimo menos valiosa a este respecto, debido á súa escasa beleza e á súa estúpida obstinación en non querer admitir a súa propia falta de razóns e propósitos. Deste xeito, foise convertendo nunha especie de amargo humorista, sen se decatarse de que mesmo o humor carece de sentido nun universo estúpido e privado de calquera tipo de autenticidade.

Nos primeiros días desta servidume refuxiouse na fe mansa e supersticiosa que os seus pais lle inculcaran con inxenua confianza, xa que lle pareceu que dela nacían místicos carreiros que lle ofrecían algunha posibilidade para se evadir desta vida. Só unha observación máis coidadosa lle fixo comprender a falta de fantasía e de beleza, a rancia e prosaica vulgaridade, e as grotescas pretensións de inquebrantábel fe que reinaban de maneira esmagadora e opresiva entre a maior parte de quen a profesaba. Tamén lle fixo sentir plenamente a torpeza con que trataban de a manter viva, como se aínda fose o intento dunha raza primordial por combater os terrores do descoñecido. Carter

aborrecía a solemnidade con que a xente tentaba interpretar a realidade terreal a partir de vellos mitos, que a cada paso eran refutados pola súa propia ciencia xactanciosa. E esta seriedade inoportuna e allea ao feito relixioso en si matou o interese que podía sentir polas antigas crenzas, de limitarse a ofrecer ritos sonoros e expansións emocionais co seu auténtico significado de pura fantasía. Pero cando comezou a estudar os filósofos que derrubaran os vellos mitos, atopounos aínda máis detestábeis que quen os respectaron. Non sabían eses filósofos que a beleza estriba na harmonía, e que o encanto da vida non obedece regra ningunha neste cosmos sen obxecto, senón unicamente á súa consonancia cos soños e os sentimentos que modelaron cegamente as nosas pequenas esferas a partir do caos. Non vían que o ben e o mal, a felicidade e a beleza, son unicamente produtos ornamentais do noso punto de vista e que o seu único valor reside na súa relación co que por azar pensaron e sentiron os nosos pais, e que as súas características, mesmo as máis sutís, son diferentes en cada raza e en cada cultura? Porén, negaban todo isto rotundamente ou ben explicábano mediante os instintos vagos e primitivos que todos compartimos coas bestas e os pailáns. E así as súas vidas arrastrábanse penosamente pola dor, a fealdade e o desequilibrio, aínda que, iso si, cheas dunha fachenda ridícula por fuxir dun mundo que en realidade non era menos sólido que o que agora os sustiña. O único que fixeran era cambiar os falsos deuses do temor e da fe cega polos da licenza e da anarquía.

Carter apenas gozaba destas modernas liberdades porque resultaban mesquiñas e inmundas ao seu espírito amante da beleza única. Por outra banda, a súa razón rebelábase contra a lóxica feble mediante a que os seus paladíns pretendían adornar os brutais impulsos humanos coa santidad que arrebataran aos ídolos que acababan de

deitar. Vía que a maior parte da xente, igual que o mesmo clero desacreditado, seguía sen poder subtraerse da ilusión de que a vida ten un sentido distinto do que os homes lle atribúen, nin establecer unha diferenza entre as nocións de ética e beleza, aínda cando, segundo os seus descubrimentos científicos, toda natureza proclama aos catro ventos a súa irracionalidade e a súa impersoal amoralidade. Predispostos e fanáticos polas ilusións preconcebidas de xustiza, liberdade e conformismo, derrubaran o antigo saber, as antigas vías e as antigas crenzas, e xamais pararan a pensar que ese saber e esas vías seguían a ser a única base dos pensamentos e dos criterios actuais, as únicos guías e as únicas normas dun universo carente de sentido, de obxectivos estábeis e de fitos fixos. Unha vez perdidos estes marcos artificiais de referencia, as súas vidas ficaron privadas de dirección e de interese, até que finalmente tiveron que afogar o tedio no bulicio e na pretendida utilidade das prásas, no atordamento e na excitación, en bárbaras expansións e en praceres bestiais. E cando estiveron fartos ou decepcionados por todo isto, ou ben a náusea os fixo reaccionar, daquela entregáronse á retranca e á mordacidade, e botaron a culpa de todo á orde social. Xamais conseguiron decatarse de que os seus principios eran tan inestábeis e contraditorios como os deuses dos seus maiores, nin de que a satisfacción dun momento é a ruína do seguinte. A beleza serena e duradeira só se acha nos soños, mais este consolo foi rexeitado polo mundo cando, na súa adoración do real, expulsou os segredos da infancia. No medio deste caos de falsidades e inquietudes, Carter tentou vivir como correspondía a un home digno, de sentido común e boa familia.

Cando os seus soños foron palidecendo pola idade e o seu sentido do ridículo, non os puido substituír por ningunha crenza. No entanto, o

seu amor pola harmonía impediulle apartarse dos carreiros propios da súa raza e condición. Camiñaba impasíbel polas cidades dos humanos e suspiraba porque ningún escenario lle parecía completamente real, porque cada vez que vía os vermellos escintileos do sol reflectidos nos altos tellados ou as primeiras luces do anoitecer nas praciñas solitarias, lembraba os soños que vivira de neno e estrañaba os países etéreos que xa non podía encontrar. Viaxar era só unha chanza; nin sequera a Guerra Mundial o conmoveu gran cousa, aínda que participou nela desde o principio na Lexión Estranxeira de Francia. Durante certo tempo tentou buscar amigos, mais non tardou en se decatarse de que todos eles eran groseiros, banais e monótonos, demasiado apegados ás cousas terreaís. Sentía unha vaga alegría por non ter trato cos seus familiares, xa que ningún o soubera comprender, agás, se cadra, o seu avó e o seu tío avó Christopher. Mais había tempo que ambos os dous morreran. Entón comezou a escribir libros de novo, cousa que non facía desde que os soños o abandonaran. Porén, tampouco achou niso ningunha satisfacción nin desaforo, porque aínda os seus pensamentos eran demasiado mundanos e non podía pensar en cousas fermosas, como antes. Os alustros de humor irónico botaban abaixo os pináculos fantasmaís que a súa imaxinación erixía e a súa terreal aversión por todo o inverosímil murchaba as flores máis delicadas e fascinantes dos seus maravillosos xardíns. A relixiosidade convencional que adxudicaba aos seus personaxes impregnábaos dun sentimentalismo estoxadizo, mentres que o mito do realismo e da necesidade de pintar acontecementos e emocións vulgarmente humanas, degradaban toda a súa elevada fantasía, converténdoa nun facho de alegorías mal disimuladas e superficiais sátiras da sociedade. Así, as súas novas novelas alcanzaron un éxito que xamais coñeceran as de antes. Porén, ao

comprender o insulsas que debían ser para agradar o xentío vulgar, queimounas todas e deixou de escribir. Eran unhas novelas triviais e elegantes nas que se ría educadamente dos propios soños que apenas describía por encima; mais decatouse de que eran artificiosas e falsas, e carecían de vida. Logo destes intentos dedicouse a cultivar a ilusión deliberada e profundou no terreo do grotesco e do excéntrico, como buscando un antídoto contra os anteriores lugares comúns.

Estes campos non tardaron, con todo, en pór de manifesto a súa pobreza e a súa esterilidade; e axiña se decatou de que as habituais crenzas ocultistas son tan escasas e inflexíbeis como as científicas, aínda que carentes de toda verosimilitude. A estupidez groseira, a andrómena e a incoherencia das ideas non son soños, nin ofrecen a un espírito superior ningunha posibilidade de evadirse da vida real. Daquela, Carter adquiriu libros aínda máis estraños e buscou escritores máis profundos e terríbeis, de fantástica erudición. Mergullouse nos arcanos menos estudados da conciencia, afondou nos profundos segredos da vida, da lenda e da remota antigüidade, e aprendeu cousas que o deixaron marcado para sempre. Decidiu vivir ao seu xeito e amoblou a súa casa de Boston dun xeito que puidese harmonizar coas súas mudanzas de humor. Consagrou un cuarto a cada unha delas e pintounas coas cores axeitadas, dispoño nelas os libros convenientes e dotándoas de obxectos e aparellos que lle proporcionasen as sensacións requiridas en canto a luz, calor, sons, sabores e aromas. Unha vez ouviu falar dun home a quen, alá no sur, evitaban e temían todos polas cousas blasfemas que lía en arcaicos libros e en tabelas de arxila que conseguira traer clandestinamente da India e de Arabia. Foi visítalo e viviu con el, e compartiu os seus estudos durante sete anos, até que unha noite os sorprendeu o horror nun vello cemiterio descoñecido do que, dos dous

que entraran, só un volvera. Daquela regresou a Arkham, a cidade terríbel e enmeigada de Nova Inglaterra onde viviran os seus antepasados, e alí fixo experiencias na escuridade, entre salgueiros venerábeis e ruinosos tellados, que lle fixeron selar para sempre certas páxinas do diario dun dos seus predecesores, dunha mentalidade excepcionalmente tenebrosa. Mais estes horrores só o levaron até os límites da realidade e, ao non poder ultrapasalos, non chegou á auténtica rexión dos soños pola que el vagara durante a súa mocidade. Deste xeito, cando fixo os cincuenta anos, perdeu toda esperanza de paz ou de felicidade, nun mundo demasiado atarefado para percibir a beleza e demasiado intelectual para tolerar os soños. Compreendendo á fin a fatalidade de todas as cousas reais, Carter pasou os seus días en soidade, lembrando con saudade os soños perdidos da súa mocidade.

Considerou que era unha estupidez seguir vivindo dese xeito e, por mediación dun suramericano coñecido seu conseguiu unha poción moi singular, capaz de o sumir sen sufrimento no esquecemento da morte. A desidia e a forza do costume, no entanto, fixéronlle aprazar esta decisión, e seguiu languidecendo sen se resolver a pór fin á súa vida, vagando polo mundo dos seus recordos. Tirou os estraños tapices das paredes e volveu aquelar a casa como nos seus primeiros anos de mocidade: volveu colocar as cortinas purpúreas, os mobles vitorianos e todo o demais. Co paso do tempo, case chegou a se alegrar de diferir a súa determinación, xa que os seus recordos de mocidade e a súa ruptura co mundo fixeron que a vida e os seus sofismas lle parecesen moi distantes e irrealis, con máis motivo que a iso se engadiu un toque de maxia e esperanza que agora empezaba a escorregar nos seus descansos nocturnos. Durante anos, nas súas noites de ilusión, só vira os reflexos deformados do cotián, tal e como o vían os máis vulgares soñadores. Así

e todo, agora comezaba a albiscar de novo o resplendor dun mundo estraño e fantástico, dunha natureza confusa aínda que pavorosamente inminente, que adoptaba a forma de escenas nítidas dos seus tempos da infancia e lle facía lembrar feitos intranscendentes longo tempo esquecidos. A miúdo espertaba chamando pola súa nai e polo seu avó, cando había xa un cuarto de século que ambos os dous descansaban nas súas tumbas. Logo, unha noite, o seu avó lembroulle a chave. Aquel sabio de cabeza cana, coa mesma aparencia de vida que nos seus bos tempos, faloulle longa e seriamente da súa rancia estirpe e das estrañas visións que tiveran aquelas xentes refinadas e sensíbeis que eran os seus antepasados.

Faloulle do cruzado de ollos chameantes e dos crueis segredos que este aprendeu dos sarracenos durante o tempo que o tiveran en cativerio. Do primeiro Sir Randolph Carter, que estudou artes máxicas en tempos da raíña Isabel. Tamén lle falou de Edmund Carter, que estivo a piques de ser aforcado coas bruxas da cidade de Salem e que gardara nunha caixa unha gran chave de prata que recibira de mans dos seus maiores. Antes de espertar, o seu etéreo visitante díxolle onde atoparía a caixa e que se trataba dun cofriño de prodixiosa antigüidade cuxa basta tapa, tallada en madeira de carballo, non abrira man ningunha desde había douscentos anos. Atopouno entre o po e as sombras do faiado, esquecido no último caixón dunha enorme cómoda. O cofriño era como duns vinte centímetros e tiña uns baixorrelevos góticos tan tenebrosos que non se estrañou de que ninguén se atrevese a abri-lo desde os tempos de Edmund Carter. Non sou nada dentro ao movelo, mais despediu místicos perfumes de especias esquecidas. O de que contiña unha chave non era, sen ningunha dúbida, máis que unha escura lenda. Nin sequera o pai de Randolph Carter soubera nunca da

existencia de tal cofriño. Estaba reforzado con tiras de ferro enferruxado e non parecía haber medio ningún de abrir a súa imponente fechadura. Carter tiña o vago presentimento de que dentro atoparía a chave da perdida porta dos soños, pero o seu avó non lle dixo unha soa palabra de como e onde usala. Un vello criado seu forzou a tapa tallada e, ao facelo, as horribes caras olláronos desde a madeira ennegrecida. No interior, un pergameo descolorido envolvía unha enorme chave de prata deslustrada, labrada con misteriosos arabescos; pero non había alí explicación lexíbel de ningunha clase.

O pergameo era voluminoso e estaba cuberto de estraños xeroglíficos pertencentes a unha lingua descoñecida, trazados cun antigo xunco. Carter recoñeceu neles os mesmos caracteres que vira en certo rolo de papiro que pertencera ao terríbel sabio do sur, o que desaparecera unha noite en determinado cemiterio de remota antigüidade. Aquel home estremeciábase sempre que consultaba o rolo e Carter tremeu agora tamén. Mais limpou a chave e conservouna esa noite ao seu carón, metida no seu aromático estoxo de carballo vello. Entre tanto, os seus soños fóronse tornando máis vívidos e, aínda que neles non aparecía ningunha daquelas estrañas cidades, nin os incríbeis xardíns dos seus vellos tempos, foron adquirindo un significado definido cuxa finalidade non deixaba lugar a dúbidas. Era chamado en soños desde un pasado remoto e sentíase arrastrado polas vontades unidas de todos os seus antepasados cara a algunha fonte oculta e ancestral. Daquela comprendeu que debía penetrar no pasado e confundirse coas vellas cousas; e día tras día pensou nos outeiros do norte, onde se achan a encantada cidade de Arkham, o impetuoso Miskatonic e a rústica e solitaria morada da súa familia. Baixo a lívida luz do outono, Carter emprendeu o vello camiño a través dun máxico

panorama de outeiros ondulados e de prados cercados de pedra, e atravesou o val afastado coas abas cubertas de bosque, percorreu a serpeante estrada, pasou xunto ás abrigadas granxas e bordeou os meandros cristalinos do Miskatonic, cruzado aquí e acolá por rústicas pontes de madeira ou de pedra. Nunha das súas curvas viu o grupo de umeiros xigantescos onde desaparecera misteriosamente un dos seus antepasados había cento cincuenta anos, e estremeceuse ao sentir o vento que sopraba de xeito significativo entre os seus troncos.

Logo apareceu a casa solitaria e ruínosa do vello Goody Fowler, o bruxo, coas súas xaneliñas endiañadas e o seu gran tellado que descendía case até o chan pola parte de atrás. Pisou o acelerador ao pasar por diante, e non moderou a marcha até coroar o outeiro onde nacera a súa nai, e os pais da súa nai, nun branco e vello casarón que aínda conservaba o seu imponente aspecto desde a estrada, pendurado sobre unha paisaxe trágica e marabillosa de rochosas pendentes e vales verdecentes en cuxo horizonte se albiscaban os afastados campanarios de Kingsport, e aínda máis aló adiviñábase a presenza dun mar antigo e inzado de soños. Logo viu a aba do monte baixo na que se alzaba a mansión que Carter non visitara desde había corenta anos. Caía xa a tarde cando chegou ao pé do lugar e a metade de camiño detívose a contemplar a extensa comarca dourada e celestial, alagada pola luz do solpor. Toda a fantasía e o anhelo dos seus soños recentes parecían encarnarse nesta paisaxe apracíbel e estraña que lle suxería a ignorada soidade doutros planetas. Percorreu coa mirada o tapiz deserto dos prados que se estremecía entre tapias derruídas e máxicos macizos de bosque que destacaban por riba do ondulado perfil dos outeiros, e o val espectral, poboado de árbores, que se precipitaba entre sombras cara aos húmidos bordos dos regatos cuxas augas saloucaban ao decorrer

gurgullantes entre inchadas e retortas raíces. Algo lle dixo que o seu automóbil non pertencía a este universo, así que o deixou xunto ao límite do bosque e, metendo a enorme chave no peto da chaqueta, seguiu subindo a pé pola costa. Internouse no profundo do bosque, aínda que o edificio se achaba no alto dun viso totalmente despexado de árbores, agás polo norte. Preguntouse polo aspecto que ofrecería a casa, posto que estaba baleira e abandonada, en parte por culpa súa, desde a morte do seu estraño tío avó Christopher, que acontecera trinta anos atrás.

Durante a súa nenez pasara longas tempadas alí e descubrira estrañas marabillas nos bosques que se estendían alén do horto. As sombras fixéronse máis mestas ao seu redor porque a noite estaba preto. Á súa dereita abriuse entre as árbores un clareiro, de xeito que, durante un momento, puido distinguir leguas e leguas de pradarias bañadas de luz crepuscular e, ao fondo, o campanario da congregación, que se erguía sobre o outeiro central de Kingsport. Arrebolados co último resplandor do día, os cristais redondos das afastadas ventaíñas parecían despedir labaradas de lume. Con todo, ao mergullarse de novo nas sombras, lembrou de súpeto, cun sobresalto, que esta visión fugaz non podía proceder senón dalgunha paraxe da súa memoria infantil, xa que había moito tempo que a igrexa fora derruída para construír no seu lugar o hospital da congregación. Lera a noticia con interese, xa que o xornal falaba ademais das estrañas galerías ou pasadizos que se atoparon na rocha, baixo os seus alicerces.

A través da súa confusión, pareceulle ouvir unha voz afrautada e ao recoñecer o seu acento familiar despois de tantos anos, sentiu un novo calafrío. Benjiah Corey, o antigo criado do seu tío Christopher, era xa un ancián naquela época afastada da súa infancia en que viña pasar

tempadas enteiras ao vello casarón. Agora tería máis de cento cincuenta anos, pero aquela voz cascada non podía ser de ninguén máis. Carter non puido distinguir o que dicía, pero o ton era inconfundíbel e obsesionante. Quen ía dicir que o «Vello Benjy» aínda estaba vivo!

—Señorito Randy! Señorito Randy! Onde está? Quere matar dun desgusto a súa tía Martha? Non lle dixo que non se afastase da casa preto da noite e que volvese antes de escurecer? Randy! Ran...dyyy! Na miña vida vin un raparigo que lle guste tanto correr polo bosque; pasa o día roldando por esa maldita caverna de serpes... Ei, Ran... dyyy!

Randolph Carter parou na mesta escuridade e fregou os ollos coa man. Era moi estraño. Algo non andaba ben. Atopábase nunha paraxe onde non debía estar. Extraviárase nuns lugares moi apartados, onde non debía ir, e agora era imperdoabelmente tarde. Non mirara a hora no reloxo do campanario de Kingsport, aínda cando podía velo facilmente cos seus anteollos de peto, mais sabía que o seu atraso era algo moi estraño e sen precedentes. Non estaba certo de traer consigo os anteollos, e meteu a man no peto da blusa para se asegurar. Non, non os traía, mais no entanto levaba unha chave de prata que atopara en algures, dentro dunha caixa. O tío Chris dixéralle unha vez algo moi raro sobre unha arqueta fechada onde había unha chave, mais a tía Martha fixérao calar bruscamente, dicindo que non debía contar historias dese xénero a un raparigo que xa tiña a cabeza demasiado chea de quimeras. Daquela tentou lembrar exactamente onde atopara a chave, mais todo era moi confuso. Preguntouse se non sería no faiado da súa casa de Boston e lembrou vagamente subornar a Parks co soldo de media semana para que lle axudase a abrir a caixa e gardase silencio despois. Pero ao evocar a escena, a cara de Parks resultoulle moi estraña,

como se as engurras de innumerábeis anos fixesen presa de súpeto no vivo e miúdo cockney.

—Ran... dyyy ! Ran... dyyy! Ei! Ei! Randy!

Unha lanterna oscilante apareceu pola curva escura e o vello Benjiah lanzouse sobre a silueta silenciosa e perplexa de Carter.

—Maldito raparigo, velaí estabas! Non tes lingua na boca, que non contestas? Hai media hora que te estou chamando e tivéchesme que ouvir hai un bo anaco! É que non sabes que a túa tía Martha está moi preocupada pola túa culpa? Agarda e verás cando llo diga ao teu tío Chris! Deberías saber que estes bosques non son lugar para andar por aí a esta hora! Podes bater con cousas malas das que non podes esperar nada bo, como o meu avó sabía moi ben antes ca min. Veña, señorito Randy, ou Hanna non nos gardará a cea!

Deste xeito Carter viuse arrastrado costa arriba, cara a onde brillaban fascinantes as estrelas a través dos altos ramallos do outono. E ouviron ladrar os cans e viron a luz amarelada das xanelas tras a última revolta do camiño e contemplaron o tremelucir das Pléiades por riba do clareiro onde se erguía un gran tellado negro contra o agonizante crepúsculo de poñente. Tía Martha estaba no limiar e non rifou demasiado ao pequeno tunante cando Benjiah o fixo entrar. Demasiado ben sabía por tío Chris que estas cousas eran propias dos Carter. Randolph non lle ensinou a chave, senón que ceou en silencio e só protestou cando chegou a hora de se deitar. El adoitaba soñar mellor esperto e, por outra banda, quería utilizar a chave aquela. Á mañá seguinte, Randolph ergueuse cedo e botaría a correr cara ao arboredo de arriba se o seu tío Chris non o chegase a coller, obrigándoo a sentar a almorzar. Impaciente, paseou a mirada arredor, por aquela estancia de chan inclinado, pola alfombra esfarrapada, polas descubertas trabes do

teito e polos alicerces angulares, e só sorriu cando as pólas do horto rabuñaron os cristais da xanela do fondo. As árbores e os outeiros estaban alí preto, ao seu carón, e constituían as portas daquel reino intemporal que era a súa verdadeira patria.

Logo, cando o deixaron libre, tenteou o peto da blusa para ver se tiña a chave e, ao ver que si, cruzou o horto e botou a andar cara a arriba, por onde o monte se elevaba por riba do clareiro. O chan do bosque estaba tapizado de carriza e de misterio. As grandes penas cubertas de liques erguíanse vagamente, baixo a luz difusa, como enormes monólitos druídicos entre os troncos inmensos e retortos dun bosque sacro. Na metade do seu ascenso, Randolph cruzou un torrente cuxas fervenzas, un pouco máis abaixo, cantaban misteriosos sortilexios aos faunos escondidos, aos exipáns e ás dríades. Logo chegou á estraña cova que se abría na aba do monte, á temíbel Caverna da Serpe que a xente do campo adoitaba evitar, e da que Benjiah pretendía mantelo afastado.

A cova era profunda, máis profunda do que calquera sospeitaria, porque Randolph descubrira unha fenda no recuncho máis afastado e escuro que daba acceso a outra gruta máis grande aínda: a un espazo secreto e sepulcral cuxas graníticas paredes daban a impresión de estaren traballadas por un ser intelixente. Esta vez entrou reptando, como nas demais ocasións, e alumándose cos mistos que collera do cuarto de estar, e escorregou pola greta do final cunha ansiedade inexplicábel para si mesmo. Non sabía por que razón se aproximou á parede do fondo con tanta resolución, nin por que sacou instintivamente a gran chave de prata. Pero seguiu adiante, e cando aquela noite regresou excitado á casa, non deu ningunha explicación pola súa tardanza nin prestou a máis mínima atención á reprimenda que gañou por ignorar totalmente a chamada de corno que anunciaba a

comida de mediodía. Hoxe coinciden todos os parentes afastados de Randolph Carter en que, cando este tiña dez anos, aconteceu algo que espertou a súa imaxinación. O seu curmán Ernest B. Aspinwall, de Chicago, é dez anos maior ca el e lembra moi ben a mudanza que operou no raparigo despois do outono de 1883. Randolph contemplara paisaxes fantásticas como ninguén as contemplara na vida, pero máis estraños aínda eran algúns dos poderes que mostrou en relación con cousas moi reais. Parecía que adquirira o don singular da profecía e ás veces reaccionaba dun xeito estraño ante cousas que, a pesar de careceren totalmente de importancia naquel momento, xustificaban máis tarde as súas singulares actitudes.

No curso dos decenios seguintes, a medida que se inscribían novos inventos, novos nomes e novos acontecementos no libro da Historia, a xente podía lembrar sorprendida como Carter se referira anos antes a cousas que dalgún xeito inequívoco se relacionaban con eles. Nin el mesmo comprendía as súas propias palabras, nin sabía por que certas cousas lle producían determinada emoción, aínda que supuña que iso era debido, seguramente, a algún soño que naquel momento non lograba lembrar. A comezos de 1897, cando certo viaxeiro mencionou a vila francesa de Belloyen-Santerre, púxose pálido, e os seus amigos lembrárono despois porque, en 1916, durante a Guerra Mundial, recibiu nesa vila unha ferida que estivo a piques de lle custar a vida.

Os parentes de Carter falan a miúdo de todo isto, porque el desapareceu recentemente. O seu vello criado, o miúdo Parks, que durante moitos anos aturara con paciencia as súas extravagancias, foi o último que o viu aquela mañá en que colleu o coche e marchou cunha chave que acababa de atopar. Parks axudáralle a sacar a chave do antigo cofriño que a contiña, e sentírase singularmente impresionado polos

grotescos relevos que adornaban a tapa, e por algunha outra causa que non lle era posíbel referir. Cando Carter marchou, deixou dito que ía aos arredores de Arkham a visitar a comarca dos seus antepasados. A metade da costa do monte do Umeiro, pola estrada que vai cara ás ruínas da morada rural dos Carter, atoparon o coche coidadosamente aparcado na cuneta. Dentro atoparon un cofriño de madeira aromática, adornado cuns relevos que encheron de pavor os campesiños que deron co vehículo. Este cofriño contiña só un pergameo cuxos caracteres non puideron descifrar nin lingüistas nin paleógrafos. A chuvia borrara as pegadas dos seus pasos, pero polo visto a policía de Boston podería dicir moito sobre a desorde que reinaba entre as trabes derrubadas da mansión dos Carter.

Era, segundo dixeron, como se alguén andase revolvendo entre as ruínas recentemente. Atoparon, algo máis lonxe, un pano branco de peto entre as rochas do bosque, mais non puideron demostrar que pertencía ao desaparecido. Entre os herdeiros de Randolph Carter fálase de repartir os seus bens, pero eu penso oporme firmemente a iso porque non creo que morrese. Existen repregamentos no tempo e no espazo, na fantasía e na realidade, que só un soñador pode adiviñar. Polo que sei de Carter, creo que o que aconteceu foi que descubriu un medio de atravesar estes nebulosos labirintos. Se volverá ou non algunha vez, é cousa que non podo afirmar. El buscaba as perdidas rexións dos seus soños e sentía nostalxia polos días da súa nenez. Despois atopou unha chave e inclínome a crer que logrou utilizala para os seus estraños fins. Preguntareillo cando o vexa, porque agardo atopalo en certa cidade soñada que ambos os dous adoitabamos frecuentar. Contan en Ulthar, comarca que se estende alén do río Skai, que un novo rei ocupa o trono de ópalo de Ilek-Vad, a cidade fabulosa de infinitas torres que se asenta

no alto dos cantís de cristal que dominan ese mar crepuscular onde os gnorri, os seres barbudos con aletas para nadar, constrúen os seus singulares labirintos. Coido que sei como interpretar este rumor.

Abofé, agardo con impaciencia o momento de contemplar esa gran chave de prata, porque nos seus misteriosos arabescos poden estar simbolizados todos os designios e segredos dun cosmos cegamente impersoal.



MÁIS ALÓ DAS PORTAS DA CHAVE DE PRATA

[A novela curta *Through the Gates of the Silver Key* foi coescrita entre H.P. Lovecraft e E. Hoffmann Price entre outubro de 1932 e abril de 1933, e publicouse pola primeira vez no número de xullo de 1934 da revista *Weird Tales*.]

CAPÍTULO I

N unha vasta estancia decorada cuns tapices estraños e unhas alfombras de Bonkhata dunha antigüidade e feitura impresionantes, había catro homes sentados arredor dunha mesa chea de documentos. Das esquinas, onde uns estraños trespés de aceiro forxado eran reenchidos cada pouco por un negro incrivelmente vello vestido cun uniforme escuro, viñan os fumes hipnóticos do olíbano, mentres que nun profundo fornello facía tictac un extravagante reloxo en forma de cadaleito, cuxo disco amosaba desconcertantes xeroglíficos e cuxas catro agullas non se movían baixo ningún sistema de medición do tempo coñecido neste planeta. Tratábase dun cuarto singular e perturbador, máis ben acorde ao negocio que se estaba a levar a cabo. Pois alí, na casa de Nova Orleáns do maior místico, matemático e

orientalista deste continente estaba a debaterse o testamento doutro místico apenas menos importante, un estudoso, escritor e soñador que desaparecera da superficie da Terra catro anos atrás.

Randolph Carter, que dedicara toda a vida a fuxir do fastío e das limitacións da realidade da vixilia para buscar paisaxes oníricas e avenidas fabuladas noutras dimensións, desapareceu da vista do ser humano o día 7 de outubro de 1928, á idade de cincuenta e catro anos. A súa carreira fora estraña e solitaria, e había quen vía nas súas extravagantes novelas reflexos de moitos episodios rarísimos da súa vida que nunca contara. Tivera unha gran relación con Harley Warren, o místico de Carolina do Sur cuxos estudos sobre a antiga lingua naacal que falan os sacerdotes do Himalaia o levaran a aquelas conclusións tan escandalosas. De feito, fora el quen vira por última vez a Warren, unha terríbel noite brumosa, descendendo por unha cripta húmida e salitrosa dun antigo camposanto para non volver nunca máis. Carter vivía en Boston, mais procedía dos outeiros salvaxes e encantados que se estenden detrás da esbrancuxada Arkham, maldicida pola bruxaría. E foi no medio destas antigas e crípticas montañas onde desapareceu finalmente.

Parks, o seu antigo servente, que morreu a comezos de 1930, falara sobre a caixa de aroma estraño e decoración aborrecíbel que atopara no faiado, e do pergameo indescifrabel e a chave de prata de aspecto misterioso que contiña, cuestións sobre as que Carter tamén escribira a outros. Segundo Parks, Carter contáralle que herdara aquela chave dos seus devanceiros, e que o axudaría a abrir as portas que levaban á súa infancia perdida e a dimensións estrañas e reinos fantásticos que só visitara en vagos, breves e fuxidíos soños desde que era pequeno. Logo,

un día Carter colleu a caixa e mais o seu contido, montou no coche e nunca volveu.

Máis tarde atoparon o seu vehículo estacionado a carón dunha estrada vella e chea de herba que atravesaba os outeiros que se erguían alén da decrépita Arkham, os outeiros onde os antepasados de Carter viviran noutro tempo e onde o ruinoso soto da gran mansión Carter aínda abría a boca contra o ceo. Nun pequeno bosque de altos umeiros moi próximo a aquel lugar tamén desaparecera en misteriosas condicións outro membro da familia, no ano 1781, e non lonxe de alí achábase a casopa medio podrecida onde, máis tempo atrás aínda, Goody Fowler, a bruxa, destilara as súas ominosas apócemas. A rexión fora colonizada en 1692 por fuxitivos dos xuízos de Salem e mesmo agora tiña sona de que alí acontecían feitos terríbeis apenas imaxinábeis. Edmund Carter fuxira da sombra de Gallows Hill xusto a tempo e moitas eran as lendas que se contaban sobre os seus sortilexios. E agora parecía que o seu solitario descendente marchara a algún lugar para se unir a el!

No coche atoparon a caixa de madeira aromática con abominábeis gravados e o pergameo ilexíbel. A chave de prata desaparecera, probabelmente xunto con Carter. Alén diso, non había ningunha pista sólida. Os detectives que viñeron de Boston comentaron que as madeiras caídas da antiga morada dos Carter presentaban o aspecto de seren remexidos ultimamente e atoparon unha luva tirada nunha aba rochosa e arborada detrás das ruínas, preto dunha temíbel cova chamada «A Gorida da Serpe».

Daquela, as lendas campesiñas sobre a Gorida da Serpe gañaron nova vitalidade. Os granxeiros murmuraban sobre os blasfemos usos que dera o vello Edmund Carter, o bruxo, a aquela gruta, e engadían

historias máis recentes sobre o apego que o propio Randolph lle tivera a aquel lugar durante a súa infancia. Durante a súa nenez, a venerábel mansión de tellado abufardado aínda se mantiña en pé e nela vivía o seu tío avó Christopher. Naquela altura visitábao acotío e falaban bastante sobre a Gorida da Serpe. A xente lembraba o que contara sobre unha profunda fenda e unha gruta interior descoñecida que había máis alá, e facían especulacións sobre a mudanza que se producira no rapaz de só nove anos após pasar un día enteiro na caverna. Isto fora en outubro, e tras esta experiencia pareceu desenvolver unha habilidade antinatural para a predición de acontecementos.

A noite en que Carter desapareceu choveu até tarde, así que ninguén puido seguir o rastro das súas pegadas desde o coche. Dentro da Gorida da Serpe había un balor líquido e amorfo debido á filtración da auga. Só os campesiños ignorantes murmuraban sobre as pegadas que pensaron albiscar no lugar onde os grandes umeiros asombran o camiño, e na sinistra aba próxima á Gorida da Serpe, o lugar onde se atopou a luva. Quen podía prestar atención aos murmurios que falaban dunhas pequenas pegadas iguais que as que deixaban as botas de tacón cadrado que tiña Randolph Carter cando era un neno pequeno? Era unha idea tan desatinada como aqueloutro rumor que dicía que as pegadas das botas sen calcaño do vello Benijah Corey se atopaban con aquelas outras no medio do camiño. O vello Benijah traballara para os Carter cando Randolph era un cativo, mais morrera había uns trinta anos.

Deberon de ser estes murmurios, sumados á propia afirmación que Carter fixera ante Parks e ante outros de que a chave de prata decorada con estraños arabescos podía axudalo a abrir as portas da súa infancia perdida, os que causaron que un bo número de estudosos dos saberes

esotéricos declarasen que o desaparecido en realidade regresara pola senda do tempo e volvera corenta anos atrás, a aquel día de outubro de 1883 cando estivera na Gorida da Serpe sendo só un meniño. Cando saíu da cova aquela noite, argumentaban, dalgún xeito fixo o camiño completo de ida e volta a 1928, pois acaso non coñecía os acontecementos que pasarían máis tarde? E así e todo nunca falara sobre o tema até pasado 1928.

Un estudoso especialmente excéntrico de Providence, Rhode Island, que mantivera unha correspondencia longa e próxima con Carter, tiña unha teoría aínda máis elaborada e cría que non só volvera á súa infancia, senón que acadara unha liberación maior ao viaxar ás visións oníricas de cando era unha crianza. Logo dunha estraña visión este home publicou unha historia sobre a súa desaparición, onde suxería que o desaparecido agora reinaba no trono de ópalo de Ilek-Vad, esa cidade fabulosa chea de torres que se ergue sobre os afundidos cantís de cristal que dominan o mar crepuscular onde os barbados gniorri, dotados de aletas, constrúen os seus singulares labirintos.

Este ancián, chamado Ward Phillips, foi quen máis porfiou en que non se executase o testamento de Carter en favor dos seus herdeiros, todos eles curmáns afastados, xa que aínda vivía, só que noutra dimensión do tempo, e podía volver algún día. Contra el achábase o talento para os preitos dun dos seus curmáns, Ernest K. Aspinwall, de Chicago, un home dez anos maior que Carter pero agudo como un mozo no que se trataba de batallas legais. A loita estendérase con forza durante catro anos, mais agora chegara o tempo de facer as partillas e aquela estancia grande e estraña de Nova Orleáns era o escenario da negociación.

Era a casa do testamenteiro literario e financeiro de Carter, o distinguido crioulo estudoso de misterios e antigüidades orientais, Etienne-Laurent de Marigny. Carter coñecera a De Marigny durante a guerra, mentres ambos os dous servían na Lexión Estranxeira de Francia, e deseguida se fixeran amigos debido aos seus gustos semellantes. Cando, durante un memorábel permiso conxunto, o cultivado mozo crioulo levou o melancólico soñador bostoniano a Bayonne, no sur de Francia, para lle ensinar uns segredos terríbeis das criptas escuras e inmemoriais que se achan baixo esa cidade meditabunda e cargada polo lastre dos séculos, a amizade de ambos os dous ficou selada para sempre. No testamento de Carter mencionábase a De Marigny como testamenteiro e agora ese esperto estudoso presidía de mala gana o debate sobre os arranxos da herdanza. Era un traballo triste para aquel antigo habitante de Rhode Island, posto que non cría que Carter estivese morto. Mais que peso poden ter os soños dos místicos contra o saber adusto do mundo visíbel?

Arredor da mesa daquel estraño cuarto situado no antigo barrio francés estaban sentados os homes que aseguraban ter interese no procedemento. Os xornais dos lugares onde probabelmente vivisen os herdeiros de Carter publicaron os típicos anuncios da reunión, mais neste momento só había catro sentados á mesa, ouvindo o anormal tictac daquel reloxo en forma de cadaleito que non marcaba a hora terrestre, e o gurgullar da fonte do patio do outro lado das cortinas. A medida que pasaron as horas, os rostros dos catro foron ficando medio velados polas volutas de fume que subían dos trespés que, alimentados sen descanso, semellaban non precisar máis atención do vello negro, que se movía silenciosamente e cada vez máis nervioso.

Alí estaba o propio Etienne de Marigny: delgado, moreno, atractivo, con bigote e aínda mozo. Aspinwall, en representación dos herdeiros, tiña o pelo branco, o rostro inexpresivo, patillas e unha complexión rexa. Phillips, o místico de Providence, era un tipo magro, de cabelo agrisado, nariz longo, ben barbeado e baixo de ombros. O cuarto home era dunha idade difícil de precisar: fraco, de rostro moreno, barbudo e singularmente inmóbil, e de proporcións moi normais. Ía toucado cun turbante como o que emprega a alta caste brahmánica e posuía uns ollos negros como a noite, ardentes e case sen iris, que semellaban ollar desde unha distancia enorme tras do seu rostro. Presentárase como Swami Chandraputra, un adepto procedente de Benarés, cunha importante información que comunicar. Daquela, tanto Marigny como Phillips, que mantiveran correspondencia con el, apresuráranse a recoñecer a autenticidade das súas pretensións místicas. A súa voz era estrañamente forzada, baixa e metálica, como se o emprego do inglés puxese a proba o seu aparato fonador, malia que a súa lingua era tan fluída e correcta como a de calquera anglosaxón nativo. O seu atavío en xeral era o dun europeo normal, mais a roupa frouxa sentáballe especialmente mal, mentres que a súa barba mesta e negra, o turbante oriental e os mitóns grandes e brancos dábanlle un ar de exótica excentricidade.

De Marigny falaba mentres manipulaba o pergameo que acharan no coche de Carter.

—Non, non fun quen de facer nada co pergameo. O señor Phillips, aquí presente, tamén se dá por vencido. O coronel Churchward asegura que non se trata de naacal e non se parece en nada aos xeroglíficos da maza de guerra da Illa de Pascua. Os gravados da caixa, no entanto, suxiren estrañamente deseños semellantes aos daquel lugar. O máis

parecido que podo lembrar aos caracteres deste pergameo (fíxense no xeito en que todas as letras colgan da liña de base) é unha escritura que vin nun libro que tiña o pobre de Harley Warren. Viñera da India, e cando Carter e mais eu o visitamos en 1919, nunca nos quixo contar nada sobre el, pois asegurounos que era mellor que non soubésemos nada, e suxeriu que podía proceder dalgún lugar que non era a Terra. Levouno con el en decembro, cando baixou á cripta daquel antigo cemiterio, mais nin libro nin home volveron á superficie xamais. Hai algún tempo enviei ao noso amigo aquí presente, o Swami Chandraputra, un bosquejo daqueles caracteres feito de memoria, e tamén unha copia fotoestática do pergameo de Carter. El cre que pode deitar algo de luz sobre estes asuntos logo de certas consultas.

»Mais está o asunto da chave... Carter envioume unha fotografía. Os seus estraños arabescos non eran caracteres, mais semellaban pertencer á mesma tradición cultural que os do pergameo. Carter sempre falaba de que estaba a piques de resolver un misterio, malia que nunca daba detalles. Unha vez volveuse case poético sobre todo o asunto. Dixo que esa antiga chave de prata podía abrir as distintas portas que nos limitan o paso aos inmensos corredores do espazo e o tempo até o mesmo Bordo, que ningún humano cruzou desde que Shaddad, co seu terrorífico xenio, construíu e ocultou nas areas da Arabia Petraea as prodixiosas cúpulas e os incontábeis minaretos de Irem, a dos mil piares. Segundo escribiu Carter, algúns dervixes medio mortos de fame e algúns nómades enlouquecidos pola sede volveron daquel lugar para falar do portal monumental, e da man que hai esculpida sobre a pedra de toque do seu arco, mais ninguén cruzou o limiar e volveu para asegurar que deixou as súas pegadas na area inzada

de granates. A chave, conxecturaba, é aquela que en balde aferra a man ciclópea esculpida no arco.

»O que non podemos dicir é por que Carter non levou con el o pergameo, igual que fixo coa chave. Se cadra o esqueceu, se cadra evitou levalo ao lembrar aquel que baixara a unha cripta cun libro escrito con caracteres semellantes para non volver nunca xamais. Ou se cadra non o precisaba para nada.

De Marigny fixo unha pausa e o vello señor Philips comezou a falar cunha voz rouca e aguda.

—O único que podemos saber de Randolph Carter é aquilo que soñamos. Eu visitei lugares moi estraños en soños e ouvín moitas cousas igualmente estrañas e significativas en Ulthar, alén do río Skai. Polo visto non precisaba o pergameo, pois Carter entrou no mundo dos seus soños infantís, e agora é rei de Ilek-Vad.

O señor Aspinwall adquiriu un xesto máis baleiro aínda, mentres dicía:

—Pode alguén calarlle a boca a este vello tolo? Xa tivemos dabondo esta mañá. O problema é repartir as súas pertenzas e xa é hora de pórnos ao allo.

Pola primeira vez Swami Chandraputra falou coa súa voz estraña.

—Señores, este asunto é máis complexo do que pensan. O señor Aspinwall non fai ben en rir ante a evidencia dos soños. O señor Phillips ten unha perspectiva incompleta, así e todo, se cadra porque non soñou dabondo. Pola miña banda, soñei moito. Os indios sempre o facemos, igual que sempre o fixeron todos os Carter, polo visto. Vostede, señor Aspinwall, como é curmán por parte de nai, non é un Carter, abofé. Os meus propios soños e a algunhas outras fontes de información ben fiábeis botaron luz sobre unha parte deste asunto que

vostedes aínda non entenden. Por exemplo, Randolph Carter esqueceu ese pergameo que non podía descifrar e seríalle boa cousa levalo con el. Xa ven vostedes, en realidade descubrín moito do que lle aconteceu despois de que deixase o coche coa chave de prata no serán daquel 7 de outubro de hai catro anos.

Aspinwall riu en alto, mais os outros permaneceron sentados con crecente interese. O fume que viña dos trespés aumentou e o tictac louco daquel reloxo en forma de cadaleito semellou adquirir un patrón do máis estraño, como se fosen os puntos e as liñas dalgún telegrama inintelixíbel procedente do espazo exterior. O hindú reclinou na cadeira, baixou as pálpebras e continuou coa súa fala estraña e laboriosa, mentres que ante a súa audiencia comezaba a se formar unha imaxe do que acontecera a Randolph Carter.

CAPÍTULO II

—Os outeiros que se erguen máis alá de Arkham están preñados dunha maxia estraña, se cadra algo que o vello bruxo Edmund Carter convocou desde as estrelas e as criptas do inframundo cando chegou alí fuxindo de Salem en 1692. En canto Randolph Carter estivo de volta entre eles, soubo que estaba preto dunha desas portas que só uns poucos audaces e de alma estraña e aborrecíbel conseguiron cruzar, e que separa o noso mundo do nada exterior. Cría que nese lugar e nese día do ano podería realizar aquilo que descifrara meses atrás nos arabescos daquela chave de prata incrivelmente antiga. Agora sabía como a tiña que xirar e erguer ao sol moribundo da tardiña e que sílabas do cerimonial debía entoar entre a novena e a última volta. Nun punto tan próximo ao eixe de gravidade transdimensional e á porta mística,

non podía fallar na función para a que fora creada. Abofé que esa noite descansaría na súa infancia perdida pola que nunca deixara de suspirar.

»Saíu do coche coa chave no peto, camiñou outeiro arriba internándose máis e máis no sombrizo núcleo daquel campo agreste inzado de camiños serpeantes, muros de pedra, bosques negros, hortas abandonadas, granxas desertas coas xanelas abertas e ruínas sen nome. Na hora do solpor, mentres os distantes campanarios de Kingsport brillaban cunha chama avermellada, colleu a chave e realizou os xiros e as entoacións precisas. Máis tarde decatouse do axiña que funcionara o ritual.

»Na penumbra ouviu unha voz do pasado, a do vello Benijah Corey, o criado do seu tío avó. Acaso non levaba morto xa trinta anos? Trinta anos antes de que? Que era o tempo? Onde estivera? Por que tiña que ser estraño que Benijah estivese a chamar por el aquel 7 de outubro de 1883? Acaso non era máis tarde do que lle dixera a tía Martha? Que era esa chave que levaba no peto da camisa e onde estaba o pequeno telescopio que lle regalara o seu pai no seu noveno aniversario, había só un par de meses? Atopáraa no faiado da casa? Abriría o místico pórtico que a súa aguda vista conseguira distinguir entre as pedras fendidas da parte máis profunda da gruta que había detrás da Gorida da Serpe? Ese era o lugar que sempre relacionaban co vello Edmund Carter, o bruxo. A xente non se achegaba alí e ninguén agás el se decatara nunca da fenda nin penetrara naquela gran cámara interior onde se achaba o pórtico. Que mans labraran aquela especie de portal na rocha viva? Sería cousa do vello Edmund o bruxo ou faríano outros baixo as súas ordes?

»Aquel serán Randolph ceou co tío Chris e coa tía Martha na vella granxa de tellado holandés.

»Na mañá seguinte ergueuse cedo e atravesou o enquerquerellado horto de maceiras até o bosque onde a boca da Gorida da Serpe se abría escura entre os carballos grotescos e sobredimensionados. Instalárase nel unha sensación de expectación e non reparou en que perdera unha luva mentres comprobaba que a estraña chave de prata estaba a salvo no seu peto. Arrastrouse pola abertura cunha seguridade tensa e aventureira mentres iluminaba o camiño cuns mistos que roubara do salón. Nun intre xa estaba escoándose pola fenda estreita e baixa do lado máis afastado da cova e axiña se achou na vasta e descoñecida gruta interior cuxa colosal parede de rocha parecía un monstruoso pórtico. Ficou nun arrepiado silencio ante a parede húmida pola que escorría a auga, acendendo un misto despois doutro mentres contemplaba a escena. Aquel vulto sobre a pedra de toque do arco imaxinario era en realidade unha man esculpida? Logo sacou a chave de prata e executou uns movementos e cánticos cuxa orixe apenas podía recordar. Esquecera algo? Só sabía que desexaba cruzar a fronteira que levaba á ilimitada terra dos seus soños e aos abismos onde todas as dimensións se disolven no absoluto.

CAPÍTULO III

—Apenas se pode describir con palabras o que lle aconteceu. Está cheo de paradoxos, contradicións e anormalidades que non se dan na vida consciente, mais que enchen os nosos soños máis fantásticos e son tomados como perfectamente válidos até que regresamos ao noso mundo estreito, ríxido e obxectivo, dominado por unha limitada causalidade e unha lóxica tridimensional —a medida que o hindú avanzaba na historia, tiña certas dificultades para evitar que o relato,

aínda máis que a propia noción de que unha persoa poda viaxar no tempo até os días da infancia, adquirise un ar de trivialidade e pueril extravagancia. O señor Aspinwall, como mostra de desgusto, soltou unha gargallada sarcástica e deixou de prestar atención.

»O ritual da chave de prata, tal e como o realizou Randolph Carter naquela cova escura e encantada dentro doutra cova, resultou un éxito. Desde o primeiro xesto e a primeira sílaba, fíxose patente unha aura de estrañeza e de abraiante transformación, unha sensación de incalculábel perturbación e confusión no continuo espazo-tempo, mais dun xeito moi distinto a como nós recoñecemos o movemento ou a duración. Sen saber moi ben como nin por que, cuestións como a idade que tiña ou o lugar onde se achaba deixaron de ter significado. Randolph Carter acababa de dar un milagroso salto no abismo do tempo. Agora non había diferenza entre o neno e o home. Só estaba a entidade de Randolph Carter, cunha serie de recordos confusos que carecían de toda conexión con imaxes e circunstancias deste mundo. Un momento antes había unha caverna interior cunhas vagas suxestións dun arco monstruoso cunha xigantesca man esculpida no muro máis afastado. Agora xa non había cova nin a deixaba de haber, igual que tampouco parede. Só había un fluxo de imaxes máis cerebrais que visuais, entre as que a entidade de Randolph Carter experimentaba unha serie de percepcións ou rexistros do que a súa mente pensaba, aínda que sen ningunha consciencia clara do xeito en que os percibía.

»En canto o ritual rematou, Carter soubo que non se achaba nun lugar do que puidesen falar os xeógrafos da Terra e nun tempo que a Historia non podía delimitar, pois a natureza de canto estaba a acontecer non lle era completamente descoñecida. Había certos indicios dos crípticos fragmentos Pnakóticos e todo un capítulo no prohibido

Necronomicon, do árabe louco Abdul Alhazred, que pasaron a tomar significado en canto descifrou os deseños da chave de prata. Abrira unha porta. Abofé que non era a última porta, senón unha que levaba da Terra e do seu tempo a esoutra extensión da Terra que está fóra do tempo e desde onde se pode acceder á última porta, que leva a un baleiro estarrecedor e perigoso que se acha alén de todos os mundos, os universos e a materia.

»Tiña que haber un guía, un terríbel, un que fora unha entidade material da Terra millóns de anos atrás, cando o ser humano non era nin unha criatura soñada e cando uns entes esquecidos se instalaron no noso neboento planeta para construíren estrañas cidades, sobre cuxas últimas ruínas cambaleantes xogarían os primeiros mamíferos. Carter lembrou que o monstruoso *Necronomicon* dicía algo vago e desconcertante sobre ese guía:

»E mentres que hai algúns, escribiu o árabe louco, que se atreveron a ollar do outro lado do veo e aceptalo a EL como guía, debeu de haber outros máis prudentes que evitaron negociar con EL, pois está escrito no Libro de Thoth o terríbel que é o prezo dunha soa ollada. Non moitos dos que pasan volven, pois na inmensidade que hai alén do noso mundo existen formas escuras que agarran e atan. A Entidade que flutúa na noite, a malignidade que desafía o Signo Arcano, a Horda que vixía o portal secreto de cada tumba e que se alimenta do que os seus donos deixan..., todos estes horrores son pouca cousa comparado con AQUEL que garda o portal, AQUEL que guía os temerarios alén de todos os mundos, dentro do Abismo dos devoradores sen nome. Pois El é 'UMR AT-TAWIL, o Máis Antigo dos Primixenios, a quen o escriba chama O DA VIDA PROLONGADA.

»A lembranza e a imaxinación formaron unhas imaxes medio esvaídas con formas pouco definidas entre aquel caos afervoadado, mais

Carter sabía que só se trataba de lembranzas e imaxinacións. Así e todo, sentiu que non era posíbel que a súa consciencia crease tales cousas, polo que pensou que máis ben aquela realidade vasta, inefábel e non dimensional que o rodeaba se traducía só nos símbolos que el era quen de entender. Pois ningunha mente terrestre pode abranguer as extensións da forma que se entretecen nos abismos oblicuos fóra do tempo e das dimensións que coñecemos.

»Ante Carter aboiaba unha neboenta profusión de formas e escenas que dalgún xeito estaban relacionadas co pasado primixenio e esquecido da Terra. Seres vivos monstruosos movíanse con vontade propia a través de escenarios fantásticos e artificiais que ningún soño cordo vira nunca, e nas paisaxes ollábase unha vexetación, uns cantís e unhas montañas increíbeis, e unhas obras de cantaría que non seguían ningún patrón humano. Había cidades habitadas mergulladas baixo o mar e torres que se erguían en vastos desertos onde uns globos, cilindros e uns seres alados e sen nome sucaban o ceo cara ao espazo exterior ou baixaban á Terra desde el. Carter puido percibir todas estas cousas, aínda que as imaxes non tiñan unha relación lóxica entre si nin con el. Nin el mesmo tiña forma nin posición fixa, senón só as cambiantes suxestións que o seu alterado maxín lle daba.

»Desexara atopar as rexións encantadas dos seus soños infantís, onde as galeras remontaban o río Oukranos, alén das torres douradas de Thran, e onde as caravanas de elefantes atravesaban as perfumadas xunglas e Kied, onde se erguen palacios esquecidos con columnas de marfil veado que dormen fermosas e intactas baixo a lúa. Agora, alterado por visións máis abraianteis, apenas sabía o que buscaba. Na súa mente abrollaron pensamentos de infinita e blasfema temeridade, e logo

soubo que podía enfrontarse ao temido guía sen medo e preguntarlle sobre cuestións monstruosas e terríbeis.

»De súpeto, a cabalgada de imaxes pareceu adquirir algunha clase de vaga estabilización. Había enormes masas de pedras que se erguían altas, labradas con deseños estraños e incomprensíbeis, e dispostas conforme as leis dunha xeometría descoñecida e invertida. A luz escoábase desde o ceo cunha cor imposible de definir e desde direccións desconcertantes e contraditorias, e rebuldaba, case con conciencia propia, sobre o que parecía o contorno curvado duns xigantescos pedestais cubertos de xeroglíficos, cunha forma máis hexagonal que outra cousa, sobre os que estaban subidas unhas figuras encarrapuchadas e pouco definidas.

»Había outra figura que non ocupaba pedestal ningún, senón que parecía escorregar ou aboiar sobre o nivel inferior, que semellaba un chan neboento. Non era completamente constante na súa forma, mais posuía efémeras suxestións de algo remotamente precedente ou paralelo ao físico humano, malia que tiña como a metade do seu tamaño. Semellaba ir cuberto con pesadas teas dunha cor neutra, igual que as formas dos pedestais, e Carter non advertiu ningún furado para os ollos a través do que puidese ver. Probabelmente non precisaba facelo, xa que parecía pertencer a unha clase de seres moi afastados do plano estritamente físico en canto á súa configuración e facultades.

»Un intre despois Carter soubo que así era, pois a Forma falou directamente á súa mente sen sons nin linguaxe. E malia que o nome que empregou era un temido e terríbel, Randolph Carter non se dobregou polo medo.

»En troques, contestoulle do mesmo xeito, sen sons nin linguaxe, e realizou as reverencias que aprendera do aborrecíbel *Necronomicon*. Pois

aquela figura non era outro que aquel a quen todo o mundo temeu desde que Lomar se ergueu do mar e os Fillos da Néboa de Lume chegaron á Terra para lle ensinar a Sabedoría Primixenia ao ser humano. En efecto, tratábase do temido guía e gardián da porta: 'UMR AT-TAWIL, o primixenio que o escriba traduciu como 'O DA PROLONGADA VIDA'.

»O guía sabía, pois el sábeo todo, da procura e a chegada de Carter, e que este perseguidor de soños e segredos estaba diante del sen temor. Non había medo nin malignidade nel, e Carter preguntouse durante un intre se as terroríficas e blasfemas suxestións do árabe louco non serían produto da envexa polo desexo confuso de acadar o que el estaba a piques de facer. Ou se cadra o guía reservaba o seu horror e malignidade para aqueles que o temían. A medida que as radiacións continuaban, Carter foi conseguindo interpretalas como palabras:

»—Eu son o Máis Antigo dos Primixenios —dixo o guía—. Estabamos a te agardar... os Primixenios e mais eu. Es benvido, aínda que chegas con moito atraso. Tes a chave, abriches a primeira porta. Agora a última porta está preparada para que pases a proba. Se tes medo, non tes por que avanzar. Aínda estás a tempo de volver con seguridade polo camiño que viñeches. Mais se escolles avanzar...

»A pausa foi ominosa, mais as radiacións continuaban a ser amistosas. Carter non o dubidou nin un intre, xa que unha ardente curiosidade o arrastraba a seguir adiante.

»—Avanzarei —contestou— e acéptote como o meu guía.

»Ante esta resposta, por certos movementos que se produciron nas teas ao levantar un brazo ou algún membro análogo, o guía semellou trazar un signo. Seguiulle un segundo signo e grazas aos seus amplos coñecementos, Carter soubo que agora á fin se achaba moi preto da

última porta. A luz agora adoptou outra cor inexplicábel e as formas dos pedestais medio hexagonais volvéronse máis definidas. Agora estaban máis erectas e os seus contornos comezaron a parecer máis humanos, malia que Carter sabía que non eran tal cousa. Sobre as súas cabezas encarrapuchadas agora parecía que estaban pousadas unhas mitras de cores pouco definidas, que lembraban estrañamente certas esculturas sen nome creadas por un escultor sobre a rocha viva dos cantís dunha alta e prohibida montaña da Tartaria. Agarrados con algúns pregamentos dos mantos, levaban longos cetros cuxas cabezas labradas amosaban formas dun misterio arcaico e grotesco.

»Carter preguntouse de que lugar e de que época viñeran e a Quen servían, e preguntouse tamén polo prezo dos seus servizos. Mais aínda estaba satisfeito, xa que estaba a piques de o saber todo. A condenación, reflexionou, non era outra cousa que unha palabra que intercambian aqueles cuxa cegueira os leva a condenar a todos o que poden ver, mesmo cun só ollo. Abraiouse pola enorme xactancia daqueles que murmuraran sobre a malignidade dos Primixenios, como se Eles puidesen deter o seu soño eterno para descargar a súa ira sobre a humanidade. Era algo tan absurdo como que un mamut fose vingarse dun verme. Agora o conxunto de figuras subidas sobre os pedestais vagamente hexagonais saudábano con xestos dos seus cetros de estrañas tallas e irradiaban unha mensaxe que comprendeu:

»—Saudámoste, o Máis Antigo dos Primixenios, e tamén a ti, Randolph Carter, cuxa valentía te converteu nun de nós.

»Carter fixouse agora en que un dos pedestais estaba baleiro e un aceno do Máis Antigo dos Primixenios indicoulle que estaba reservado para el. Tamén viu outro pedestal máis alto que os demais, situado no centro da liña estrañamente curva (que non era semicírculo, elipse,

parábola ou hipérbole) que formaban, e supuxo que Ese sería o trono do guía. Carter tomou o seu lugar, desprazándose e subindo dun xeito difícil de definir, e cando o fixo viu que o guía tamén sentara.

»Aos poucos, e dun xeito moi difuso, descubriu que o Máis Antigo dos Primixenios portaba algo, algunha clase de obxecto entre os pregamentos exteriores do seu manto, como para que os Compañeiros encapuchados o visen ou o percibisen con algo semellante á vista. Tratábase dunha grande esfera ou o que parecía unha esfera, dalgunha clase de metal escuro e iridescente, e cando o guía a colocou ante el, unha penetrante impresión de son comezou a subir e a baixar a intervalos que semellaban rítmicos, pero que así e todo non seguían ningún ritmo da Terra. Había unha suxestión de cántico ou do que a imaxinación humana podería interpretar como tal. De súpeto, a cuase-esfera comezou a se tornar luminosa, e mentres brillaba cunha fría luz pulsada dunha cor indefiníbel, Carter decatouse de que o seu tremelucir conformaba o ritmo inhumano do cántico. Logo, todas as Figuras toucadas con mitras e portadoras de cetros que estaban subidas sobre os pedestais comezaron a se mover lixeiramente, seguindo o mesmo ritmo inexplicábel, mentres que uns nimbos de luz inclasificábel, que lembraban os pulsos que emitía a cuase-esfera, danzaban arredor das súas cabezas cubertas.

O hindú detivo o relato e ollou, curioso, o reloxo en forma de cadaleito coas catro agullas e o dial de xeroglíficos, cuxo louco tictac non seguía ningún ritmo coñecido na Terra.

—Vostede, señor De Marigny —díxolle de súpeto ao seu estudoso anfitrión— non precisa que lle explique con que ritmo tan particularmente estraño cantaban e danzaban aquelas Figuras encarrapuchadas dos pedestais hexagonais. Vostede é a única persoa en

América que chegou a ver a Extensión Exterior. Ese reloxo... Supoño que llo enviou o Yogi do que adoitaba falar o pobre Harley Warren, o vidente que afirmaba ser o único home vivo que estivera en Yian-Ho, nun reduto oculto da primixenia Leng, onde conseguira sacar certos obxectos daquela cidade temida e prohibida. Pregúntome cantas das súas máis sutís propiedades coñece. Se os meus soños e lecturas son correctos, foi fabricado por aqueles que sabían moito sobre a primeira porta. Pero permítanme continuar co relato.

»Finalmente, —continuou o Swami—, a oscilante suxestión daquel cántico cesou, os nimbos radiantes que rodeaban as agora baixas e inmóbiles cabezas esvaecéronse e as figuras encarrapuchadas caeron dun xeito estraño sobre os seus pedestais. A cuase-esfera, porén, continuaba a emitir aqueles pulsos de luz inexplicábel. Carter soubo que os Primixenios estaban durmindo, igual que cando os vira pola primeira vez, e preguntouse de que clase de soño cósmico os espertara a súa chegada. Aos poucos foran revelando á súa mente que aquel estraño cántico era un rito iniciático e que o Máis Antigo dos Primixenios levara os Compañeiros a un novo e particular tipo de experiencia onírica, para que así os seus soños puidesen abrir a última porta, cuxo pasaporte era a chave de prata. Soubo que na profundidade deste soño profundo estaban a contemplar a enormidade insondábel do exterior máis extremo e absoluto, e que debían cumprir aquilo que requiría a súa presenza.

»O guía non compartía o seu soño, mais semellaba seguir a darlles instrucións dalgún xeito sutil e mudo. Evidentemente, estaría implantándolles imaxes daquelas cousas que desexaba que os Compañeiros soñasen, e Carter soubo que a medida que cada un dos Primixenios imaxinaba o pensamento que se lle ordenaba, este

manifestábase visíbel aos seus ollos terreaís. Cada vez que os soños de todas as Figuras adquirían unha soa unidade, producíase esta manifestación, e todo o que pedía materializábase grazas á concentración. Na Terra vira algunha cousa parecida, como por exemplo na India, onde a vontade proxectada e combinada dun círculo de adeptos podía converter un pensamento nunha substancia tanxíbel, e na esbrancuxada Atlaanat, sobre a que moi poucos se atreven mesmo a falar.

»Carter non estaba certo sobre o que era a última porta nin sobre como a había cruzar, mais un sentimento de tensa expectación naceu nel. Era consciente de posuír algunha clase de corpo e de soster a ominosa chave de prata na man. As masas de pedra amoreada que tiña en fronte semellaban ter a uniformidade dun muro, cara a cuxo centro se vían irresistibelmente atraídos os seus ollos. E logo, de súpeto, sentiu como as emanacións mentais do Máis Antigo dos Primixenios se detiveron.

»Nun primeiro momento Carter decatouse do fantástico que podía chegar a ser o silencio absoluto, tanto mental como físico. Nos momentos anteriores nunca deixara de haber un certo ritmo perceptíbel, aínda que só fose o leve e críptico pulso da extensión dimensional da Terra, mais agora o silencio do abismo semellaba caer sobre todo. Malia que podía notar indicios do seu corpo, non tiña respiración audíbel e o resplandor da cuase-esfera de 'Umr At-Tawil volvérase fixa e sen pulsacións, como petrificada. Un potente halo, máis brillante aínda que o que rodeara as cabezas das Figuras, resplandecía xeadado sobre a amortallada caveira do terríbel guía.

»O mareo fixo presa de Carter, que perdeu totalmente o sentido da orientación. As estrañas luces parecían posuír a calidade da máis

impenetrábel negrura amoreada sobre a tebra, mentres que arredor dos Primixenios, tan solitarios sobre os seus tronos pseudo hexagonais, reinaba unha atmosfera da máis abraiante distancia. Logo sentiuse arrebatado cara a unhas profundidades insondáveis, cunhas ondas de perfumada calidez que batían no seu rostro. Era como se estivese a aboiar nun mar quente e tinxido de rosa, un mar de viño embriagador cuxas ondas batesen escumosas contra unhas costas de lume vivo. Viuse arrebatado por un gran temor cando albiscou a vasta extensión do mar batendo contra a súa costa afastada. Mais o momento de silencio romperá, e as correntes estábanlle a falar cunha linguaxe que non eran nin palabras articuladas nin sequera un son físico.

»—O Home que Coñece a Verdade está por riba do ben e do mal — entoou a voz que non era tal—. O Home que Coñece a verdade sabe que o Todo é o Un. O Home que Coñece a Verdade sabe que a Ilusión é a Realidade Única e que a Substancia é a Grande Impostora.

»E agora, naquel muro de rocha onde os seus ollos se vían tan irresistibelmente arrastrados, apareceu o contorno dun arco titánico nada diferente do que pensaba que albiscara tanto tempo atrás naquela cova dentro da cova, na afastada e irreal superficie da Terra tridimensional. Decatouse de que estaba a empregar a chave de prata, de que a movía baixo o mandato dun ritual instintivo que nunca aprendera, pero semellante ao que executara ao abrir a porta interior. Decatouse de que ese mar rosado e embriagador que lle lambía a cara non era máis que a masa adamantina de parede sólida que se estaba a dobregar ao seu esconxuro, e o vórtice de pensamento co que os Primixenios o axudaran. Aínda guiado polo instinto e a cega determinación, avanzou flotando e atravesou a última porta.

CAPÍTULO IV

—O avance de Randolph Carter a través da ciclópea mole de rocha foi como unha carreira confusa a través dos ilimitados abismos interestelares. Desde unha gran distancia, sentiu unhas triunfantes e divinas ondadas dunha dozura mortal e, despois, o bater dunhas ás inmensas, e o garular ou o murmurar duns obxectos descoñecidos na Terra ou no propio Sistema Solar. Ollou atrás e viu non só unha porta, senón moitas, e nalgunhas delas berraban unhas Formas que loitou por non lembrar.

»Logo, de súpeto, sentiu un terror máis grande que o que calquera Forma puidese espertar nel, un terror do que non podía fuxir porque estaba directamente conectado con el mesmo. Aínda que a primeira porta xa lle tirara algo de cordura e o deixara algo confuso no que se refería á súa forma corporal e á súa relación cos obxectos neboentos que o rodeaban, non alterara a súa sensación de unidade. Aínda era Randolph Carter, un punto fixo no bulebule dimensional. Agora, do outro lado da última porta, decatouse nun momento de tremendo pavor de que non era unha persoa, senón moitas.

»Estaba en moitos lugares a un tempo. Na Terra, o día 7 de outubro de 1883, un cativo chamado Randolph Carter saía da Gorida da Serpe no silencioso luscofusco do serán e corría pola pendente rochosa e polo verxel descoidado cara á casa do seu tío Christopher, nos outeiros que se erguen detrás de Arkham. Mais no mesmo momento, que en termos terrestres andaba polo ano 1928, unha sombra vaga que tamén era Randolph Carter achábase sentada nun pedestal entre os Primixenios, na extensións transdimensionais da Terra. E aquí tamén había un terceiro Randolph Carter, no descoñecido e informe abismo cósmico que hai detrás da última porta. E estaba en todas as partes, nun caos de

escenas cuxa infinita multiplicidade e monstruosa diversidade o estaban a arrastrar até moi preto do bordo da loucura, onde rebuldaban unha confusión ilimitada de seres que sabía que tiñan tanto da súa esencia como a manifestación local que había agora do outro lado da última porta.

»Había Carters en escenarios pertencentes a todas as etapas coñecidas ou sospeitadas da historia terrestre, e en épocas remotas que están máis alá do coñecemento, a sospeita ou a credibilidade. Había Carters con corpos humanos e non humanos, vertebrados e invertebrados, conscientes e dementes, animais e vexetais. E máis aínda, había Carters que nada tiñan a ver coa vida terrestre, senón que se movían de xeito atroz sobre o pano de fondo doutros planetas, sistemas solares, galaxias e continuos cósmicos. Esporas dunha vida eterna que se movían de mundo a mundo, de universo a universo, mais todos igualmente el. Algunhas das imaxes lembráronlle a soños, tanto esvaídos como vívidos, únicos ou recorrentes, que tivera ao longo dos anos desde que comezara a soñar. Algúns deles eran dunha familiaridade abafante, fascinante e case terríbel, que ningunha lóxica terrestre podía explicar.

»Ao se enfrontar a esta revelación, Randolph Carter cambaleouse asaltado polo terror supremo, un terror como non o experimentara nunca, nin sequera no clímax daquela noite aborrecíbel cando dous se aventuraran nunha antiga e odiosa necrópole baixo a lúa minguante e só un deles regresara. Nin a morte, nin o destino, nin a angustia podían evocar o desespero inigualábel que segue a unha perda de identidade. Fundirse co nada é un esquecemento pacífico, mais ser consciente da existencia e así e todo saber que un non é un ser definido distinguíbel

dos outros, sen identidade, ese é o innomeábel cumio da agonía e o medo.

»Sabía que houbera un Randolph Carter de Boston, e así e todo non podía estar certo de se era o mesmo que o fragmento ou faceta da entidade que estaba do outro lado da última porta. O seu eu fora aniquilado e así e todo el, se é que existía un 'el' dentro daquela negación absoluta da súa existencia individual, era igualmente consciente de existir nunha especie de inconcibíbel lexión de eus. Era como se o seu corpo se transformase de súpeto nunha desas imaxes de moitos membros e moitas cabezas que hai esculpidas nos templos da India e contemplase a suma de individuos nun confuso intento por distinguir cal era o orixinal e cales as copias, se é que existía un orixinal distinguíbel das outras encarnacións.

»Logo, no medio destas devastadoras reflexións, o fragmento de Carter que existía do outro lado da porta, viuse arrastrado polo que parecía o nadir do horror a uns pozos negros e abafantes dun terror aínda máis profundo. Desta volta tratábase dunha forza externa e persoal que a un tempo o enfrontaba, o envolvía e o penetraba. Ademais da súa presenza concreta, semellaba ser unha parte de si mesmo, de todo o determinado polo tempo e polo espazo. Non se trataba dunha imaxe visual, e así e todo a sensación de entidade e a terríbel idea de combinar existencia física, identidade e infinidade enchíao dun terror alén de calquera cousa que calquera fragmento do seu ser puidese enfrontar até o momento.

»De fronte a aquel misterio terríbel, aquel Carter esqueceu o horror da súa individualidade destruída. Tratábase dun Todo en Un e un Un en Todo de existencia ilimitada e ao mesmo tempo concreta, non simplemente unha entidade pertencente a un continuo espazo-tempo,

senón que estaba unida á esencia animada do bulebule caótico da vida e do ser que ultrapasa os límites da fantasía e da matemática. Se cadra era aquel a quen algúns cultos secretos da Terra chaman, entre murmurios, Yog-Sothoth, deidade que tamén recibe outros nomes. Era aquel a quen os seres crustáceos de Yuggoth adoran e chaman O-de-Máis-Aló, e aquel a quen os cerebros vaporosos da nebulosa espiral coñecen por un signo intraducíbel. Mais nun momento de lucidez, aquela manifestación concreta de Carter decatouse do banais e fragmentarias que eran estas concepcións.

»E agora aquel ser estábase a dirixir a aquela manifestación de Carter mediante unhas prodixiosas ondadas que golpeaban, queimaban e enxordecían, cunha concentración de enerxía tal que batía no seu receptor cunha violencia próxima ao insoportábel e que se parecía moito ao ritmo estraño do bambeo dos Primixenios e ao tremelucir das luces monstruosas daquela desconcertante rexión de detrás da primeira porta. Era como se soles, mundos e universos converxesen sobre un só punto cuxa posición exacta no espazo conspirase para aniquilar cun impacto de furia irresistible. Mais dentro daquel terror enorme, un terror menor foi a menos, xa que as ondas abrasadoras pareceron illar dalgún xeito o Carter que estaba alén do limiar dos seus infinitos duplicados e facerlle recuperar un certo grao de ilusión de identidade. Despois un intre os seus sentidos comezaron a traducir as ondas a formas de linguaxe coñecidas polo que a súa sensación de terror e afogo se esvaeceu. O medo transformouse en puro abraio e o que semellaba blasfemamente anormal pareceu agora só inefabelmente maxestoso.

»—Randolph Carter —parecía dicir—, os Primixenios, que son as miñas manifestacións no teu planeta, enviáronte en calidade de criatura que finalmente retornou ás pequenas terras do soño que perdera, mais

que, con maior liberdade, se elevou a máis grandes e nobres desexos e anhelos. Desexaches remontar o dourado Oukranos para ir na procura das esquecidas cidades de marfil de Kied, rica en orquídeas, e reinar sobre o trono de ópalo de Ilek-Vad, cuxas fabulosas torres e innumerábeis cúpulas se erguen grandiosas cara á solitaria estrela vermella dun firmamento que vos é alleo na Terra. Agora, ao cruzar as dúas portas, tes desexos máis elevados. Xa non debes fuxir como unha crianza dunha situación da que non gustas cara a un soño querido, senón que podes camiñar como un adulto para te internar neses últimos e máis gardados segredos que xacen detrás de todos os soños.

»Atopo razoábeis os teus desexos, e estou disposto a garantir o que só garantín once veces a outras criaturas do teu planeta, cinco delas a esas ás que chamades humanos ou a seres semellantes. Estou preparado para che amosar o Último Misterio, cuxa soa contemplación é quen de destruír un espírito feble. Logo, antes de ollares de cheo este último e primeiro dos segredos, aínda poderás tomar unha decisión e volver atrás se queres polas dúas portas co veo aínda botado sobre os ollos.

CAPÍTULO V

—Unha súbita interrupción daquelas ondas deixou a Carter sumido nun silencio estarrecedor e pavoroso, preñado do espírito da desolación. Por todos os lados o rodeaba a ilimitada grandeza do baleiro, malia que soubese que o ser aínda estaba alí. Logo dun intre pensou nunhas palabras cuxa substancia se precipitou no abismo: «Acepto. Non retrocederei.»

»As ondas xurdiron de novo e Carter soubo que o ser o escoitara. E agora, desde aquela Mente ilimitada, chegoulle unha riada de

coñecemento e explicacións que lle abriron novos horizontes e o prepararon para adquirir unha comprensión do cosmos que nunca antes tivera a esperanza de posuír. Faláronlle do infantil e limitada que era a súa noción dun mundo tridimensional e da infinidade de direccións que existen a carón das coñecidas arriba-abaxo ou adiante-atrás. Ensináronlle a pequenez e o baleiro engalanado de ouropel dos deuses da Terra, cos seus mesquiños intereses humanos, os seus odios, furias, amores e vaidades, ou o seu desexo de loanza e sacrificios e a súa esixencia de actos de fe contrarios á razón e á natureza.

»Malia que a maior parte dos coñecementos se traducían en palabras, tamén había algúns aos que os outros sentidos daban significado. Se cadra cos ollos, ou se cadra coa imaxinación, percibiu que se achaba nunha rexión de dimensións distintas a aquelas que podían concibir o ollo e o cerebro humano. Agora distinguiu nas sombras que primeiro foran un vórtice de enerxía e despois un baleiro ilimitado, un varrido de creación que lle anubrou os sentidos. Estaba a ollar desde un lugar privilexiado unhas formas prodixiosas cuxas múltiples extensións transcendían toda concepción sobre a existencia, o tamaño e as fronteiras que a súa mente fora quen de soste até aquel momento, malia toda unha vida de estudos sobre o oculto. Comezou a entender aos poucos o motivo polo que podían existir a un tempo o pequeno rapaz Randolph Carter da granxa de Arkham en 1883, a esvaída figura do piar vagamente hexagonal tras da primeira porta, o fragmento que agora encaraba a Presenza no abismo ilimitado e todos os demais Carters que a súa imaxinación ou percepción podían sospeitar.

»Logo as ondas aumentaron a súa forza e buscaron ampliar a súa comprensión, reconciliándoo coa entidade multiforme de cuxo fragmento actual non era máis que unha parte infinitesimal.

Contáronlle que toda forma situada no espazo non é outra cousa que o resultado da intersección no plano dalgunha outra forma correspondente nalgunha outra dimensión, igual que un cadrado sae do corte dun cubo, ou un círculo dunha esfera. O cubo e a esfera, que son tridimensionais, tamén son cortes doutras formas correspondentes de catro dimensións, que os humanos só coñecen por sospeitas e soños, e estas á súa vez están tiradas de formas de cinco dimensións, e así continúa, até subir ás alturas neboentas e inalcanzábeis da infinidade arquetípica. O mundo dos humanos e dos deuses é simplemente unha porción infinitesimal dunha realidade infinitesimal, a fase tridimensional dese pequeno todo que alcanza a primeira porta, onde 'Umr at-Tawil dita soños aos primixenios. Malia que os humanos a chaman realidade e tachan de mentira as ideas sobre o seu orixinal multidimensional, realmente é ao contrario. Iso ao que nós chamamos substancia e realidade é sombra e ilusión, e o que chamamos sombra e ilusión son substancia e realidade.

»O tempo, continuaban dicindo as ondadas, non se move e non ten nin principio nin final. O seu fluír e a idea de que provoca mudanzas é unha ilusión. De feito, en realidade o tempo mesmo é unha ilusión, xa que agás a reducida visión dos seres que habitan unhas limitadas dimensións, non existe pasado, presente ou futuro. Os humanos pensan no tempo só por aquilo ao que chaman mudanza, e así e todo non é máis que unha ilusión. Todo o que foi, o que é e o que será existe simultaneamente.

Estas revelacións chegaronlle con tal divina solemnidade que deixaron a Carter incapaz de albergar ningunha dúbida sobre elas. Mesmo malia que se achasen case alén da súa comprensión, sentiu que debían de ser certas á luz daquela realidade cósmica que abraza todas as

perspectivas locais e os estreitos puntos de vista parciais. Ademais, estaba familiarizado dabondo coas profundas especulacións como para se liberar das concepcións locais e parciais. Acaso toda a súa procura non se baseara na fe e na irrealidade do local e o parcial?

»Logo dunha impresionante pausa, as ondas continuaron e dixéronlle que aquilo ao que os habitantes dunhas poucas rexións dimensionais chaman mudanza é simplemente unha función da súa consciencia, que olla o mundo exterior desde diferentes ángulos cósmicos. Do mesmo xeito que as formas que se derivan do corte dun cono semellan variar segundo o ángulo, podendo ser círculos, elipses, parábolas ou hipérbolas, sen que o cono en si mude en absoluto, así tamén os aspectos particulares dunha inamovíbel e infinita realidade parecen transformarse co ángulo cósmico do observador. As febles criaturas dos mundos máis interiores son moi sensíbeis ante esta variedade de ángulos e, agás estrañas excepcións, non poden aprender a os controlar. Só uns poucos estudosos do prohibido conseguiron dominar os principios deste control e por tanto conquistaron o tempo e o cambio. Mais as entidades do outro lado das portas teñen control sobre todos os ángulos e ollan os milleiros de seccións do cosmos como unha perspectiva fragmentaria e cambiante, ou ben como a totalidade inamovíbel que se acha alén da perspectiva, de acordo coa súa vontade.

»Cando as ondas volveron parar, Carter comezou a comprender dun xeito vago e aterrorizado cal era o pano de fondo daquel misterio de individualidade perdida que o horrorizara nun primeiro momento. Con axuda da súa intuición recompuxo os fragmentos daquela revelación e foi aproximándose máis e máis ao segredo que contiña. Compreendeu que unha boa parte daquela revelación estarrecedora puidera separar o seu ego en milleiros de eus terrealis do outro lado do limiar da primeira

porta, de non ser porque a maxia de 'Umr at-Tawil o protexera para que puidese usar a chave de prata con precisión na última porta. Desexoso de saber máis, enviou unhas ondas de pensamento para preguntar máis sobre a relación existente entre as súas distintas facetas: o fragmento que estaba agora alén da última porta, o fragmento do pedestal semi-hexagonal do outro lado da primeira porta, o rapaz de 1883, o home de 1928, os distintos seres ancestrais que formaran a súa herdanza e o núcleo do seu ego, e os habitantes sen nome doutras eras e outros mundos que aquel primeiro estoupido de horríbel e absoluta percepción lle amosara. Aos poucos, as ondas do ser comezaron a contestar, tentando aclarar aquilo que estaba case completamente fóra do alcance de calquera mente terrestre.

»Todas as liñas de seres das dimensións finitas, continuaron as ondas, e todos os estados de crecemento de cada un deles, só son manifestacións dun único ser arquetípico e eterno do espazo extradimensional. Cada criatura concreta —o fillo, o pai, o avó..., e así subseguintemente— e cada estado individual —o bebé, o neno, o mozo, o adulto— é só unha das infinitas fases dese mesmo ser arquetípico e eterno, causadas pola variación no ángulo do plano da consciencia que o corta. O Randolph Carter de todas as idades; Randolph Carter e todos os seus devanceiros, tanto humanos como prehumanos, terrestres e extraterrestres; todos eles só foron fases dun só eterno e definitivo «Carter» que habita fóra do espazo e o tempo. Só foron proxeccións fantasmais, diferenciadas só polo ángulo en que o plano da consciencia cortou o eterno arquetipo en cada caso.

»Unha mínima mudanza no ángulo podería transformar o estudoso de hoxe no neno de onte, podería tornar a Randolph Carter naquel bruxo, Edmund Carter, que fuxiu de Salem aos outeiros que se erguen

tras Arkham, no ano 1692. Ou tamén podería transformalo en Pickman Carter, quen no ano 2169 fará uso duns estraños medios para repeler as hordas mongois de Australia. Podería transformar un Carter humano nunha entidade máis primitiva das que viviron na primixenia Hyperborea e adoraron o negro e cambiante Tsathoggua após chegaren de Kythamil, o planeta dobre que noutro tempo orbitaba Arcturus. Podería transformar un Carter terrestre nun habitante ancestral e de contornos dubidosos do propio Kythamil, ou nunha criatura aínda máis remota procedente de Stronti, unha consciencia transgaláctica gasosa pertencente a un continuo espazotempo máis antigo, ou tamén nun cerebro vexetal do futuro que habitará un cometa escuro e radioactivo dunha órbita inconcibíbel, e así nun ciclo eterno.

»Os arquetipos, vibraban as ondas, son os habitantes do Último Abismo: informes, inefábeis e só sospeitados polos soñadores máis excéntricos das dimensións inferiores. Por riba de todos eles estaba este mesmo ser que comunicaba as revelacións..., que non era outro que o propio arquetipo de Carter. A ansia insaciábel de Carter e de todos os seus devanceiros por coñecer os segredos prohibidos do cosmos era un resultado natural de procederen do Arquetipo Supremo. En cada mundo, todos os grandes feiticeiros, os grandes pensadores e os grandes artistas eran facetas Del.

»Case estarecida de pavor, aínda que cun certo pracer aterrorizado, a consciencia de Randolph Carter rendeu homenaxe a aquela Entidade transcendente da que procedía. Cando as ondas se detiveron máis unha vez, ficou sumido nun pesado silencio, pensando en estraños tributos, preguntas máis estrañas, e aínda máis estraños rogos. Conceptos do máis variado comezaron a xurdir, en conflito, da súa mente ofuscada polas visións imprevistas daquelas revelacións non vistas antes.

Ocorréuselle que, se todas estas revelacións eran literalmente certas, podería visitar fisicamente todas aquelas eras que se achaban a unha distancia infinita e outras partes do universo que até o momento só coñecera en soños, se só fose quen de controlar a maxia suficiente para mudar o ángulo do seu plano de consciencia. E acaso a chave de prata non o fornecía desa maxia? Acaso non transformara xa unha vez o home de 1928 na crianza de 1883 e logo en algo completamente alleo ao tempo? Dun xeito estraño, malia a súa aparente ausencia de corpo físico, soubo que a chave aínda estaba con el.

»Mentres durou o silencio, Randolph Carter irradiou cara ao exterior os pensamentos e preguntas que o asediaban. Soubo que neste abismo último estaba á mesma distancia de cada faceta do seu arquetipo, humana ou non humana, terrestre ou extraterrestre, galáctica ou transgaláctica, e a súa curiosidade polas outras fases do seu ser — especialmente por aquelas máis distantes no tempo e no espazo da súa existencia terrestre de 1928 ou polas que con máis persistencia apareceran nos seus soños durante a vida— chegou ao seu clímax cando entendeu que ao seu Arquetipo podía envialo fisicamente a calquera das fases da súa vida pasada e distante só con mudar o seu plano de consciencia, e malia as marabillas que xa vivira, arde de ansias por vivir a marabilla de camiñar en carne e óso por aqueles grotescos e incríbeis escenarios que as visións nocturnas lle deran fragmentariamente.

»Case sen intención de o facer, xa lle estaba a preguntar á Presenza como acceder a un mundo esvaído e fantástico cuxos cinco soles multicolores, constelacións descoñecidas, barrancos escuros habitados por uns seres con gadoupas e fociño de tapir, estrañas torres de metal, inexplicábeis túneles e crípticos cilindros flotantes se coaran unha e outra vez nos seus soños. Presentía vagamente que aquel mundo era o

que máis conexión tiña con todos os demais, e anhelou explorar as paisaxes que só albiscara e embarcarse nunha aventura espacial cara a mundos aínda máis remotos cos que tiñan relacións comerciais aqueles seres de gadoupas e fociño de tapir. Non había tempo para temer nada. Igual que en todas as crises que sufrira na súa estraña vida, unha absoluta curiosidade cósmica tapou todo o demais.

»Cando as ondas volveron ao seu pulso pavoroso, Carter soubo que lle concederan aquel terríbel desexo. O ser estaba a lle falar sobre os abismos de noite que tería que atravesar para chegar á descoñecida estrela quántupla, situada nunha galaxia ignota arredor da que orbitaba aquel mundo descoñecido, e sobre os horrores dos soterrados no interior daquel mundo contra os que a raza de gadoupas e fociño tiña que loitar constantemente. Faloulle tamén sobre o xeito en que tanto o seu ángulo persoal de consciencia como o ángulo do plano de consciencia do seu mundo de destino no espazo-tempo debían ser inclinados simultaneamente para poder devolver a aquel mundo a faceta de Carter que vivira alí.

»A Presenza advertiulle que debía coñecer ben os símbolos se desexaba retornar daquel mundo remoto e estraño que escollera, e Carter contestoulle con impaciencia, confiado en que a chave de prata, que sentía con el e que sabía que inclinara os planos para enviálo a 1883, contiña eses símbolos aos que se refería. E daquela o ser entendeu a súa impaciencia como un síntoma de que estaba preparado para realizar tan monstruosa viaxe. As ondas cesaron abruptamente e logo sobreveu unha quietude momentánea e tensa cargada dunha expectación innomeábel e atroz.

»Logo, sen aviso previo, comezou un zunido e un batucar que se uniron formando un fantástico tronar. Máis unha vez Carter sentiuse o

punto focal dunha intensa concentración de enerxía que o golpeaba, o martelaba e o queimaba dun xeito insoportábel a un ritmo que agora coñecía como o do espazo exterior, e que non podía clasificar nin como unha calor explosiva nin como o ardor dunha estrela, ou como o frío petrificante do abismo máis remoto. Faixas e raios dunhas cores completamente alleas a calquera espectro do noso universo danzaban e se entrelazaban ante el, e foi consciente de se estar a mover a unha velocidade estarrecedora. Nun breve intre tivo a percepción dunha figura sentada soa sobre un trono nebuloso máis hexagonal do que antes.

CAPÍTULO VI

Cando o hindú detivo a narración, observou que De Marigny e Philips estaban a miralo absortos. Aspinwall finxía ignorar a narración e mantiña os ollos ostentadamente baixados sobre os papeis que tiña diante. O ritmo estraño do tictac daquel reloxo en forma de cadaleito tomou un significado novo e ominoso, mentres que o fume que saía dos afogados e esquecidos trespés se entrelazaba facendo figuras fantásticas e inexplicábeis, e formaba combinacións desacougantes coas imaxes dos tapices que ondeaban ao ar. O vello negro que os estivera a atender xa marchara, se cadra pola crecente tensión que se respiraba na casa. Unha vacilación que soaba case como unha desculpa obstaculizou o seu discurso, cando volveu falar co seu sotaque estrañamente dificultoso.

—Poida que estas cuestións sobre o abismo lles resulten difíciles de crer —dixo—, mais descubrirán que os feitos tanxíbeis e materiais que veñen agora son aínda máis abraiantes. Así é como funcionan as nosas mentes. As marabillas son dúas veces máis incríbeis cando se traen ao

mundo tridimensional desde as esvaídas rexións do soño posíbel. Non lles vou contar máis sobre iso, pois podería ser outra historia ben distinta. Simplemente me centrarei no que é completamente preciso que vostedes saiban.

»Despois daquel vórtice final de ritmo estraño e polícromo, Carter achouse a si mesmo no que, durante un intre, pensou que era o seu vello e recorrente soño. Estaba, como moitas noites antes que aquela, camiñando entre unha multitude de seres de gadoupas e fociño polas rúas dun labirinto fabricado cun metal inexplicabelmente traballado, e baixo o resplandor dunhas luces solares de distintas cores. Cando ollou para abaixo viu que o seu corpo era como o dos demais: rugoso, parcialmente escamudo e cunhas estrañas articulacións, máis na liña dos insectos, aínda que cun parecido caricaturesco aos contornos humanos. Aínda tiña a chave de prata agarrada, malia que agora a suxeitaba unha gadoupa de aspecto noxento.

»Pasado un intre, a sensación de estar a soñar esvaeceuse e sentiuse máis como quen acaba de espertar dun soño. O abismo último... o ser... A entidade do absurdo, a raza extraterrestre chamada Randolph Carter nun mundo do futuro que aínda non nacera..., algunhas destas cousas eran partes dos soños recorrentes do feiticeiro Zkauba, do planeta Yaddith. Eran demasiado persistentes e interferían nos seus labores de tecer feitizos para manter os terroríficos Dholes nas súas covas e estaban a mesturarse coas súas lembranzas dos miles de mundos auténticos que visitara coa súa vaíña de luz. E agora estaban a volverse máis reais que nunca. Aquela pesada chave de prata completamente real que sostiña na súa gadoupa superior dereita era exactamente igual que unha coa que soñara, e aquilo non auguraba nada bo. Debía descansar e pensar, e consultar as tabelas de Nhing para saber o que debía facer. Gabeou por

unha parede de metal nunha calella afastada das vías principais, entrou no seu apartamento e aproximouse ás tabelas ordenadas.

»Sete fraccións de día máis tarde, Zkauba sentou no seu prisma, cheo de abraio e medio desesperado, xa que a verdade abrírase ante el cunha nova e conflictiva serie de lembranzas. Nunca máis podería coñecer a paz de ser unha soa entidade. En todo o espazo-tempo el era dous entes: Zkauba, o feiticeiro de Yaddith, anoxado só de pensar en Carter, un repulsivo mamífero terrestre no que se encarnaría un día pero que á vez tamén fora, e ao mesmo tempo era Randolph Carter, de Boston, no planeta Terra, que tremía de medo ante aquela cousa de gadoupas que fora el noutro tempo e na que se transformara de novo.

»As unidades de tempo que pasou en Yaddith —grallou o Swami, cuxa voz laboriosa comezaba a amosar signos de fatiga— constitúen toda unha historia por si mesmas, que non contarei neste breve relato. Fixo viaxes a Stronti e a Mthura e a Kath, e a outros mundos situados en vinte e oito galaxias accesíbeis para as vaíñas de luz das criaturas de Yaddith, e tamén viaxou adiante e atrás nos eóns do tempo coa axuda da chave de prata e de moitos outros símbolos que eran coñecidos polos feiticeiros de Yaddith. Houbo terríbeis loitas cos esbrancuxados e viscosos Dholes nos túneles precataclísmicos que atravesaban o planeta como un panal de abellas. Viviu abraiantes sesións nas súas bibliotecas, entre a sabedoría amoreada de dez mil mundos vivos e mortos. Estivo en crispadas conferencias con outras mentes de Yaddith, mesmo coa do Arquiantigo Buo. Zkauba non contou a ninguén o que lle acontecera á súa personalidade, mais cando a faceta de Randolph Carter era a dominante, aproveitaba para pescudar con ansia todos os medios posíbeis para volver á Terra e á forma humana, e practicaba desesperado

a linguaxe humana pronunciada con aqueles órganos fonadores estraños tan pouco útiles para ese cometido.

»A faceta de Carter axiña aprendeu para o seu horror que a chave de prata non serviría para volvelo á forma humana. Como deduciu, demasiado tarde, polo que lembraba, o que soñara e o que aprendera da ciencia de Yaddith, tratábase dun obxecto fabricado en Hyperborea, na Terra, e só tiña poder sobre os ángulos de consciencia persoal dos seres humanos. Porén, podía mudar o ángulo planetario e enviar o seu dono a través do tempo co seu corpo intacto. Había un feitizo que lle podía dar os poderes ilimitados dos que carecía, mais este tamén era un descubrimento humano que funcionaba nunha zona concreta, e os feiticeiros de Yaddith non eran quen de o desenvolver. Estaba escrito no pergameo indescifrabel que había dentro da caixa de aborrecíbeis gravados onde se gardaba a chave de prata, e Carter lamentou amargamente tela deixado atrás. O agora inaccesíbel ser do abismo advertíralle que debía lembrar os símbolos e el pensara que non lle faltaba nada por saber.

»A medida que o tempo pasou, esforzouse máis e máis por empregar a monstruosa sabedoría de Yaddith para achar o camiño de volta ao abismo e á Entidade onnipotente. Con estes novos coñecementos podía ter avanzado moito na lectura do críptico pergameo, mais aquel poder, baixo as condicións actuais, era pura ironía. Porén, había momentos en que a faceta de Zkauba era a predominante e loitaba por borrar os conflictivos recordos de Carter que tanto o turbaban.

»E así pasou moitísimo tempo, eras enteiras, máis longas do que o cerebro do ser humano pode comprender, pois as criaturas de Yaddith só morren despois de prolongados ciclos. Pasados moitos centos de

xiros planetarios, o faceta de Carter semellou ir gañando terreo sobre a de Zkauba, polo que aproveitaba para pasar longos períodos de tempo calculando a distancia desde Yaddith á Terra en termos de tempo e espazo. As cifras eran unha cantidade inconmensurábel de eóns de anos luz alén do que se pode contar, mais a sabedoría inmemorial de Yaddith fixo que Carter puidese entendelos. Adestrou a habilidade de soñarse a si mesmo na Terra durante breves períodos e así aprendeu moitas cousas que nunca soubera sobre o noso planeta. No entanto, non era quen de soñar coa fórmula do pergameo desaparecido.

»Logo, finalmente, concibiu un plan imposíbel para fuxir de Yaddith, que comezou a tecer cando descubriu unha droga que podía manter a súa faceta de Zkauba sempre dormente, aínda que sen borrar os seus coñecementos nin as súas lembranzas. Segundo os seus cálculos, pensou que podía realizar unha viaxe nunha vaíña de luz como nunca antes un ser de Yaddith emprendera: unha viaxe física a través dos eóns sen nome e dos incríbeis dominios galácticos até o noso Sistema Solar e a Terra mesma.

»Unha vez no noso planeta, aínda que no corpo dunha criatura con gadoupas e fociño, podía amañarse dalgún xeito para atopar e acabar de descifrar o pergameo escrito con estraños xeroglíficos que deixara no coche en Arkham. Logo, coa súa axuda e a da chave, recuperaríase o seu aspecto terrestre normal.

»Non descoñecía os perigos que enfrontaba. Sabía que cando xirase o ángulo planetario á dereita (algo imposíbel de facer mentres estivese avanzando polo espazo) Yaddith sería un mundo morto dominado polos triunfantes Dholes, e que a súa fuxida na vaíña de luz sería do máis complicado. Ademais, era consciente de que tiña que conseguir manterse nunha perfecta animación suspendida para poder soportar

aquel voo que duraría eras enteiras a través dos abismos insondáveis. Sabía tamén que, en caso de que a súa viaxe tivese éxito, debía inmunizar o seu corpo contra as bacterias e outras condicións terrestres eventualmente hostís para un corpo de Yaddith. Para alén diso, debía conseguir un xeito de tomar forma humana na Terra até que puidese recuperar e descifrar o pergameo e así volver ao seu corpo. De non facelo así, a xente probabelmente o descubriría e o destruíría por temor ante unha criatura de tal aspecto. E tamén tería que levar algo de ouro, que era moi doado de conseguir en Yaddith, para se cubrir as costas durante a súa procura do pergameo.

»Carter foi avanzando no seu plan lentamente. Preparou unha envoltura de luz dunha resistencia anormal, capaz de soportar un período de tempo tan prodixioso como aquel voo sen precedentes a través do espazo. Comprobou todos os seus cálculos e proxectou os seus soños terrestres unha e outra vez, sempre tentando situalos o máis preto posíbel de 1928. Practicou a animación suspendida cun éxito magnífico. Descubriu o axente bacteriano que precisaba e traballou duro na adaptación á gravidade á que se tería que afacer. Fabricou con mestría unha máscara de cera e un traxe frouxo que lle permitise pasar por un ser humano, e ideou un potente feitizo para repeler os Dholes no momento da súa partida desde o morto e negro Yaddith do futuro inconcibíbel. Ocupouse, tamén, de preparar un gran fornecemento dos fármacos imposíbeis de obter na Terra, que lle axudarían a manter a súa faceta de Zkauba en letargo até poder deixar o corpo de Yaddith, e tampouco esqueceu levar unha pequena reserva de ouro para o empregar na Terra.

»O día da partida foi todo dúbidas e medos. Carter rubiu até a plataforma da súa vaíña baixo o pretexto de viaxar até a estrela tripla

Nython e meteuse na envoltura de metal brillante. Tiña o espazo xusto para executar o ritual da chave de prata, e mentres o realizaba comezou a facer que o artefacto se elevase lentamente. Produciuse un espantoso balbordo e o día escureceuse, logo notou unha horríbel picada de dor. O cosmos semellaba estar a cambalearse irresponsabelmente e as outras constelacións daban voltas no ceo negro.

»Logo, de súpeto, Carter notou un novo equilibrio. O frío dos baleiros interestelares renxeu no exterior da vaiña e puido ver que aboiaba ceibe no espazo e que o edificio de metal do que partira se esborrallara xa había anos. Por baixo, o chan era un fervedoiro de xigantescos Dholes e no mesmo momento en que ollou para alí, un deles estricouse varios centos de metros e lanzou un dos seus esbrancuxados e viscosos apéndices contra el. Mais os seus feitizos fixeron efecto e nun intre xa estaba afastándose de Yaddith, indemne.

CAPÍTULO VII

Naquela extravagante estancia de Nova Orleáns, de onde instintivamente fuxira o vello servente negro, a estraña voz de Swami Chandraputra volveuse máis rouca aínda.

—Señores —continuou—, non lles vou pedir que crean nisto até que lles ensine unha proba especial. Acépteno entrementes como un mito, cando lles fale dos miles de anos luz, dos miles de anos en tempo e dos incontábeis miles de millóns de quilómetros que Randolph Carter percorreu polo espazo como un ente estraño a bordo dunha fina vaiña de metal con electróns activos. Calculou o seu período de animación suspendida cun coidado excepcional, coa idea de o rematar só uns poucos anos antes do momento da aterraxe na Terra, preto do ano 1928.

»Nunca esquecerá aquel despertar. Lembren, señores, que antes daquel soño de eóns, xa vivira miles de anos terrestres entre aqueles prodixios estraños e horríbeis de Yaddith. O frío trababa terriblemente e tivo unha sucesión de soños ameazadores, logo ollou a través das xanelas da vaiña. Había estrelas, cúmulos e nebulosas por todas as partes e á fin a súa forma comezaba a se parecer ás constelacións terrestres que el coñecera.

»Algún día alguén relatará o seu descenso cara ao sistema solar. Viu Kynath e Yuggoth, no bordo exterior, pasou preto de Neptuno e albiscou os endiañados fungos brancos que o habitan. Aprendeu un segredo inenarrábel das brumas de Xúpiter e dexergou o horror nun dos seus satélites. Logo contemplou as ruínas ciclópeas espaxadas sobre o avermellado disco de Marte. Cando a Terra estivo máis próxima, viuna como unha media lúa moi fina que aumentaba alarantemente de tamaño. Minorou a velocidade, malia que os seus sentimentos ao retornar á casa facían que non quixese perder nin un intre. Mais non lles vou falar destes sentimentos tal e como os aprendín del.

»E ben, finalmente Carter descendeu até as capas máis altas da atmosfera, agardando até que a luz solar aparecese iluminando o hemisferio occidental. Quería aterrar no lugar de onde partira, preto da Gorida da Serpe, nos outeiros que se erguen detrás de Arkham. Se algún de vostedes estivo fóra do seu fogar moito tempo (e sei que a un dos presentes si lle aconteceu) simplemente pensen no que o tivo que conmover ollar de novo os outeiros de Nova Inglaterra cos seus grandes umeiros e nodosos verxeis e os seus lindes de pedra.

»Aterrou ao amanecer nos prados que había por baixo da propiedade dos Carter e sentiuse agradecido polo silencio e a soidade do lugar. Era outono, igual que cando partira, e o recendo dos outeiros era

como un bálsamo para a súa alma. Conseguiu arrastrar a vaíña de metal polo bosque arriba até a Gorida da Serpe, mais non a deu introducido pola fenda, cuxa entrada estaba cuberta de maleza. Alí aproveitou para camuflar o seu estraño corpo coas roupas humanas e a máscara de cera, que tanto necesitaría. Gardou a vaíña alí durante máis dun ano, até que unhas novas circunstancias lle fixeron cambiar de lugar o agocho.

»Foi camiñando até Arkham para, de paso, practicar a postura humana co seu corpo e a resistencia contra a gravidade da Terra, e cando chegou á cidade trocou o ouro no banco. Aproveitou para facer algunhas pescudas, facéndose pasar por un estranxeiro con escaso dominio do inglés, e descubriu que estaba no ano 1930, só dous anos despois do seu obxectivo.

»Por suposto, a súa situación era terríbel. Incapaz de demostrar a súa identidade, forzado a vivir en garda a cada momento, con certas dificultades en canto á súa alimentación e coa constante necesidade de que lle durase a droga alienígena que mantiña a faceta de Zkauba durmido, sentiu que debía actuar o máis axiña posíbel. Dirixiuse a Boston e alugou un apartamento no decrepito barrio de West End, onde podía vivir por pouco diñeiro e sen chamar moito a atención, e alí comezou as súas pescudas sobre o testamento e os efectos persoais de Randolph Carter. Foi entón cando descubriu o ansioso que estaba o señor Aspinwall, aquí presente, por repartir o seu legado e a valentía coa que o señor De Marigny e o señor Phillips loitaron por mantelo intacto.

O hindú fixo unha reverencia, malia que non amosou ningunha expresión no seu rostro moreno, hierático e de mesta barba.

—Por medios indirectos —continuou—, Carter conseguiu unha copia fiel do pergameo e comezou a traballar no proceso de descifrado. Estou orgulloso de dicir que eu aí contou coa miña axuda, pois recorreu

a min axiña, e grazas a iso contactou con outros místicos de todo o mundo. Fun vivir con el a Boston, a un escangallado apartamento da rúa Chambers. En canto ao pergameo, alégrome de poder axudar o señor De Marigny na súa perplexidade. Déixenme que lles diga que a lingua deses xeroglíficos non é naacal, senón r'lyehiano, que foi traída á Terra pola prole de Cthulhu hai incontábeis idades. Abofé, trátase dunha tradución, pois existiu un orixinal hyperboreano millóns de anos máis antigo, escrito na lingua primixenia de tsathyo.

»O texto a descifrar contiña máis do que Carter buscaba, pero en ningún momento abandonou a esperanza. A comezos deste ano fixo grandes avances grazas a un libro importado do Nepal e non hai dúbida de que conseguirá o seu obxectivo axiña. Porén, por desgraza, apareceu un inconveniente: a fin da reserva da droga alieníxena que mantén a faceta de Zkauba durmida. Aínda así, tampouco é unha gran calamidade, como temía. A personalidade de Carter é a máis forte dentro do corpo e cando Zkauba consegue imporse, sempre en períodos máis e máis curtos e agora só cando aparece algún estímulo fóra do habitual, polo xeral está demasiado perplexo para constituír un atranco nos traballos de Carter. Non pode atopar a vaiña metálica que o pode levar de volta a Yaddith, pois aínda que estivo a piques de o conseguir unha vez, Carter agocháraa cando a faceta de Zkauba estaba completamente aletargada. O único dano que chegou a facer foi asustar unha pouca xente e orixinar certos rumores terroríficos entre os polacos e os lituanos do West End de Boston. Ademais, nunca chegou a danar o disfrace que Carter preparara tan coidadosamente, malia que ás veces tira con el e hai que repor algunhas partes. Eu vin o que hai debaixo, e non é algo agradábel de contemplar.

»Hai un mes Carter viu o anuncio desta reunión e soubo que tiña que actuar axiña para salvar os seus bens. Non podía agardar a descifrar o pergameo e recuperar o seu corpo humano. En consecuencia, designoume para actuar no seu nome.

»Señores, dígolles que Randolph Carter non está morto, senón que se acha temporalmente nunha condición anómala. Porén, en dous ou tres meses será quen de deixarse ver co seu aspecto orixinal e esixir a custodia dos seus bens. Eu estou preparado para lles ensinar unha proba, se é preciso. Daquela, prégolles que adíen esta reunión por un período indefinido.

CAPÍTULO VIII

De Marigny e Phillips ollaron para o hindú medio hipnotizados, mentres que Aspinwall emitiu unha serie de sopridos e bufidos. O fastío do vello avogado convertérase agora en furia e deu unha pancada na mesa co seu puño de inchadas veas apoplécticas. Cando falou, a súa voz soou como unha especie de ladrido.

—Canto tempo vai continuar esta parvada? Levo unha hora escoitando este louco, este mentirán, e agora ten a maldita desvergoña de dicir que Randolph Carter está vivo e pedirnos que pospoñamos esta reunión sen ningunha razón de peso! Por que non bota este canalla á rúa, De Marigny? É que pretende que todos sexamos o albo dun charlatán ou un demente?

De Marigny ergueu con tranquilidade a man e falou acougado.

—Imos pensar con calma e con prudencia. Este foi un relato ben singular e contén algúns feitos que eu, como místico non completamente ignorante destas cuestións, considero lonxe de ser

imposíbeis. Para alén diso, levo recibindo correspondencia do Swami desde 1930 que corrobora o relato.

Fixo unha parada e o vello señor Phillips atreveuse a falar.

—O Swami Chandraputra dixo que tiña probas. Eu tamén recoñezo moitos dos feitos significativos desta historia e recibín asemade moitas cartas do Swami durante estes dous últimos anos, que corroboran partes do que se contou. Porén, algunhas destas afirmacións parécenme bastante extremas. Non hai algo tanxíbel que nos poida ensinar?

Finalmente o Swami respondeu, co seu rostro impasíbel, amodo e con voz rouca, e tirou un obxecto do peto que tiña baixo a súa túnica frouxa.

—Aínda que ningún de vostedes viu nunca a chave de prata, señores, De Marigny e Phillips xa a viron en fotografías. Non lles resulta isto familiar?

E coa súa gran man enfundada nun mitón branco colocou torpemente sobre a mesa unha pesada chave de prata tisnada, de preto de quince centímetros de longo, factura completamente estraña e descoñecida, e cuberta de lado a lado cuns xeroglíficos do máis raro. De Marigny e Phillips ficaron coa boca aberta.

—Esa é! —berrou de Marigny—. A cámara non mente! É inconfundíbel!

Mais Aspinwall xa tiña preparada a resposta.

—Parvos! E iso que proba? Se esa é realmente a chave que pertenceu ao meu curmán, agora é cousa deste estranxeiro, este maldito negro, explicar por que medios a conseguiu. Randolph Carter desapareceu coa chave hai catro anos. Como podemos saber que non o

atracaeron e o asasinaron? Estaba medio louco e mantiña contacto con xente aínda máis desequilibrada ca el.

»A ver, negro, como conseguiches esa chave? Asasinaches ti a Randolph Carter?

A expresión do Swami, anormalmente tranquila, non mudou, mais os afastados ollos negros sen iris que había detrás brillaron perigosamente. Falou con gran dificultade.

—Por favor, contrólese, señor Aspinwall. Existe outro xeito de probárllelo, mais non causará un efecto moi agradábel sobre vostedes. Sexamos razoábeis. Aquí hai algúns documentos que obviamente foron escritos de 1930 en diante e que posúen o estilo inconfundíbel de Randolph Carter.

Tirou con torpeza un gran sobre de dentro da súa roupa frouxa e achegoullo ao irado procurador, mentres que De Marigny e Phillips ollaban a escena sumidos en caóticos pensamentos e cunha sensación de prodixio sobrenatural.

—Por suposto, a caligrafía é case ilexíbel, mais lembren que Randolph Carter agora non ten unhas unhas mans de xeito para a escrita humana.

Aspinwall folleou os papeis rapidamente, visibelmente perplexo, mais non mudou a súa actitude en absoluto. Na estancia o ambiente estaba tenso pola excitación, un medo sen nome e o ritmo estraño do reloxo en forma de cadaleito, que soaba agora endiañado a ouvidos de De Marigny e de Phillips, malia que o xurista parecía non verse afectado en absoluto.

Aspinwall falou outra vez.

—Parecen unhas boas falsificacións. Se non o son, podería significar que Randolph Carter estivo retido baixo o control dunha

xente sen ningún propósito bo. Só queda unha cousa: facer que arresten este mentirán. De Marigny, pode vostede telefonar a policía?

—Agardemos un pouco —contestou o anfitrión—. Non creo que sexa preciso chamar pola policía neste caso. Teño unha idea. Señor Aspinwall, este cabaleiro é un místico con grandes logros ás súas costas. Afirma que mantén unha estreita relación de confianza con Randolph Carter. Daríase vostede por satisfeito se fose quen de contestar certas cuestións que só podería contestar unha persoa de total confianza? Coñezo a Carter e podo formular esas preguntas. Déixeme traer un libro que acho que servirá para a proba.

Logo dirixiuse á biblioteca e Phillips seguiu confuso, case como un autómatas. Aspinwall ficou onde estaba, estudando de preto o hindú, que estaba en fronte del co rostro anormalmente impasíbel. De súpeto, mentres Chandraputra collía torpemente a chave de prata para a devolver ao peto, o xurista ceibou un berro gutural.

—Ei! Por Deus, xa o teño! Este canalla está disfrazado! Non creo nin sequera que sexa do leste da India. O seu rostro non é tal, é unha máscara! Supoño que o seu conto me deu a idea, pero é certo. Nunca o move, e o turbante e a barba agochan os bordos. Este tipo é un vulgar moínante! Nin sequera é un estranxeiro, estiven observando o seu xeito de falar. É algunha clase de ianqui. E miren para eses mitóns..., lévaos porque sabe que o poden identificar polas pegadas dactilares. Maldito sexas, vouche tirar iso...

—Alto! —a voz rouca e estraña do Swami adquiriu un ton que ía alén do humanamente terríbel—. Díxenlles que había outra proba que podo darlles se for preciso, mais advertinos de que non era agradábel. Este vello entremetido de cara vermella ten razón, non son do leste da India. Este rostro é unha máscara e o que cobre non é humano.

Vostedes dous xa o sospeitaban. Noteino hai uns minutos. Non sería do agrado de ninguén que tirase a máscara. Ernest, teño que dicirlle que eu son Randolph Carter.

Ninguén se moveu. Aspinwall bufou e fixo uns vagos espaventos. De Marigny e Phillips, do outro lado do cuarto, miraban os xestos da cara avermellada do avogado e estudaban a parte traseira do ser toucado con turbante que tiña diante. O tictac anormal do reloxo era aborrecíbel e o fume dos trespés e os tapices colgados bailaban a danza da morte. O avogado, medio perplexo, rompeu o silencio.

—Non, tunante... Ti non me vas meter medo! Tes as túas propias razóns para non querer tirar esa máscara. Se cadra é porque sabemos quen es. Veña, fóra con ela...

Ao ver como o avogado se abalanzaba sobre el, o Swami agarroulle a man cun dos seus membros torpemente cubertos con mitóns e emitiu un estraño berro mestura de dor e sorpresa. De Marigny precipitouse sobre os dous, mais ficou quieto, confundido polo berro de protesta do falso hindú, que se transformara nun renxido ou un zunido completamente inexplicábel. O rostro vermello de Aspinwall denotaba unha enorme furia e coa man libre fixo outro intento por alcanzar a mesta barba do seu opoñente. Desta volta tivo éxito na agarrada e cun tirón desesperado arrincou toda a máscara de cera que estaba suxeita ao turbante, que ficou colgando do apopléctico puño do xurista.

En canto o fixo, Aspinwall proferiu un berro cargado de pánico e Phillips e De Marigny viron como o seu rostro comezaba a convulsionar no ataque de epilepsia máis salvaxe, profundo e terríbel que viran nunca. O falso Swami, entrementres, soltara a outra man e estaba de pé, como confuso, emitindo uns zunidos da máis anormal calidade. Logo o corpo toucado co turbante abaixouse a unha postura apenas humana e

iniciou unha especie de avance estraño, arrastrando os pés cara ao reloxo en forma de cadaleito que batía o seu tictac cun ritmo cósmico e anormal. Agora o seu rostro descuberto estaba de costas, así que De Marigny e Phillips non puideron ver o que o acto do xurista revelara. Logo centraron a súa atención en Aspinwall, que se esborrallara pesadamente sobre o chan. O feitizo estaba roto... mais, cando chegaron até o ancián, xa morrera.

Virándose rapidamente para encarar as costas do Swami, que continuaba a se afastar, De Marigny viu un dos seus grandes mitóns caer dunha das extremidades colgantes. O fume do olíbano era denso e todo o que puido ver da man foi algo longo e negro... Antes de que o crioulo puidese chegar até o ser que fuxía, o vello señor Phillips agarrouno polo ombro.

—Non o fagas! —murmurou—. Non sabemos a que nos enfrontamos. Lembra a outra faceta, xa sabes... Zkauba, o feiticeiro de Yaddith...

A figura toucada con turbante chegara até o anormal reloxo e os outros dous distinguiron entre o denso fume como unha esvaída gadoupa negra manipulaba o portelo alto e cuberto de xeroglíficos. O fecho emitiu un son raro e seco. Logo o ser entrou na caixa en forma de cadaleito e tirou da porta fechándoa ás súas costas.

De Marigny non puido resistirse máis, pero cando chegou e abriu o portelo, o reloxo estaba baleiro. O anormal tictac continuou batendo con ese ritmo escuro e cósmico que subxace a todos os portais místicos. No chan, un gran mitón branco e un home morto cunha máscara barbuda agarrada na man, non indicaban nada máis.

Pasou un ano e nada se soubo de Randolph Carter. O seu testamento ficou sen formalizar. O enderezo de Boston desde onde un

tal «Swami Chandraputra» enviara cartas a varios místicos entre 1930 e 1932 estaba en realidade alugado a un estraño hindú, mais marchara do domicilio pouco antes da data da reunión de Nova Orleáns e non o volveran ver desde entón. Describíano como un tipo de pel escura, rostro inexpresivo e barba, e o seu caseiro dixo que a máscara que lle ensinaron se parecía moito a el. Porén, nunca fora sospeitoso de estar relacionado coas aparicións de pesadelo das que murmuraba a comunidade eslava da zona. Os outeiros de detrás de Arkham foron rexistrados a fondo na procura da «vaíña metálica», mais non atoparon nada que se lle parecece. Porén, un contábel da oficina do First National Bank de Arkham lembra un tipo raro con turbante que cambiou un estraño lingote de ouro en outubro de 1930.

De Marigny e Philips apenas saben o que facer con todo aquel asunto. Despois de todo, que probas tiñan?

Había unha historia. Había unha chave que ben puidera ser fabricada a partir dos debuxos que Carter distribuía en 1928. Había papeis, pero ningún era concluínte. Había un forasteiro enmascarado mais, que persoa viva vira o que había detrás da máscara? Confundidos polo estrés e os fumes do olíbano, o acto de desaparecer dentro do reloxo puidera ser facilmente unha alucinación compartida. Os hindús saben moito sobre hipnotismo. A razón proclama que o «Swami» era un criminal con intereses no legado de Randolph Carter. Mais a autopsia dixo que Aspinwall morrera dun ataque ao corazón. Que clase de arrebatado puidera causarllo? E algunhas cousas naquela historia...

Nunha grande estancia decorada cuns estraños tapices e inundada do fume do olíbano, Etienne Laurent de Marigny a miúdo senta a escoitar o ritmo anormal daquel reloxo cuberto de xeroglíficos e en forma de cadaleito.



Título orixinal:

Polaris, The White Ship, The Cats of Ulthar, Celephaïs, Ex Oblivione, The Quest of Iranon, The Other Gods, Hypnos, What the Moon Brings, The Strange House in the Mist, The Silver Key, Through the Gates of the Silver Key.

Licenza do texto orixinal:

Dominio Público

Licenza da tradución:

CC 3.0 by-nc-nd España

Tradución:

Tomás González Ahola

Revisión:

Raquel Vila Amado, Urco Editora

Deseño de cuberta:

Denís Fernández Cabrera

Maquetación:

Sacauntos Cooperativa Gráfica

1ª edición en papel: 2012

1ª edición en ebook: 2020

Edita:

Urco Editora

R/do Avío II, baixo

15705, Compostela, Galiza
info@urcoeditora.com

Obra dixital realizada ao abeiro do Fondo de proxectos culturais
Xacobeo 2021 da Xunta de Galicia



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

A versión orixinal en papel deste título recibiu unha axuda da Consellería de Cultura e Turismo, Dirección Xeral do Libro Bibliotecas e Arquivos, na convocatoria de axudas para a tradución do ano 2011, consistente no 53,57% dos honorarios do tradutor.



Podes atopar a edición en papel deste e outros títulos de fantasía, ciencia ficción e terror no web de Urco Editora.

Formato eBook diagramado pola Sacauntos Cooperativa Gráfica utilizando o software libre Sigil, Inkscape, GIMP e LibreOffice.

Esta obra está publicada baixo unha licenza de Recoñecemento-Non comercial sen obra derivada 3.0 España de Creative Commons (CC 3.0 by-nc-nd). Isto significa que es libre de a copiar e distribuír sempre e cando cites a fonte e sexa sen ánimo de lucro

OUTROS TÍTULOS DA
BIBLIOTECA H. P. LOVECRAFT:

Podes comprar copias en papel e descargar versións dixitais gratuítas da obra completa do Solitario de Providence nas seguintes ligazóns:

1. *A chamada de Cthulhu e outros contos de terror cósmico*
2. *O horror de Dunwich e O que murmura na escuridade*
3. *Nas montañas da loucura*
4. *A sombra sobre Innsmouth e O que asexo na escuridade*
5. *A cousa no limiar e A sombra fóra do tempo*
6. *Fungos de Yuggoth. Poemas impíos*
7. *Contos do Ciclo do Soño*
8. *A procura soñada de Kadath a Descoñecida*
9. *O terror sobrenatural na literatura*
10. *Alén do muro do soño e outros contos macabros*
11. *Herbert West, o reanimador e outras historias arrepiantes*
12. *As ratas nas paredes e outras historias de medo*
13. *A cor do espazo exterior e outros contos sobrenaturais*
14. *O caso de Charles Dexter Ward*
15. *De re Lovecraftiana – ensaios e proposta didáctica*



